

## **PLENO DO EXCMO. CONCELLO.- NUM. 3**

### **SESION ORDINARIA 24 DE FEBREIRO DE 2014**

#### ASISTENTES

##### POLO GRUPO MPAL. SOCIALISTA

Excmo. Sr. Alcalde  
Abelairas Rodríguez, Isaura  
Díaz Vázquez, Raquel  
Fernández Pérez, José Manuel  
Lago Rey, M<sup>a</sup> Jesús  
López Font, Carlos  
Regades Fernández, David  
Rivas González, Angel  
Rodríguez Díaz, Santos H.  
Rodríguez Escudero, Cayetano  
Silva Rego, M<sup>a</sup> Carmen

##### POLO GRUPO MUNICIPAL DO BNG

Alonso Pérez, Fco. Xabier  
Domínguez Olveira, Santiago  
Velo Ríos, Iolanda M<sup>a</sup>

##### POLO GRUPO MPAL. DO PARTIDO POPULAR

Alonso Alonso, Alexia María  
Álvarez Pérez, José Luís  
Araújo Pereira, Marcos  
Beiro Diz, Pablo  
Bernárdez de Dios, Antonio  
Cendón Alonso, M<sup>a</sup> Teresa  
Egerique Mosquera, Teresa  
Fidalgo Iglesias, Miguel  
Figueroa Vila, José M  
García Míguez, M<sup>a</sup> Angeles  
Iglesias Bueno, Marta  
Pérez Dávila, Alejandro  
Relova Quinteiro, Roberto F.

No salón de Plenos da Casa do Concello de Vigo, ás nove horas e dezaseis minutos do día vinte e catro de febreiro do ano dous mil catorce, coa Presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, D. Abel Ramón Caballero Álvarez, e asistencia dos concelleiros Sres. e Sras. Abelairas Rodríguez, Alonso Alonso, Alonso Pérez, Álvarez Pérez, Araújo Pereira, Beiro Diz, Bernárdez de Dios, Cendón Alonso, Díaz Vázquez, Domínguez Olveira, Egerique Mosquera, Fernández Pérez, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, Iglesias Bueno, Lago Rey, López Font, Pérez Dávila, Regades Fernández, Relova Quinteiro, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Escudero, Silva Rego e Velo Ríos, actuando como Secretario Xeral do Pleno que asina D. José Riesgo Boluda, constituíuse o Pleno da Excm. Corporación en sesión ORDINARIA conforme á convocatoria e segundo a orde do

día remitida a todos os Sres. e Sras. concelleiros e concelleiras coa antelación legalmente requirida. Está tamén presente o Interventor Xeral Municipal, don Luis García Álvarez.

O Presidente declara aberta a sesión en primeira convocatoria e procédese a tratalos asuntos da orde do día.

### **PARTE RESOLUTIVA**

#### **1(17).- ACTAS ANTERIORES: (ACTA ORDINARIA DO 8.01.2014 E EXTRAORDINARIA DO 23.01.2014).**

Por unanimidade dos vinte e sete membros presentes da Corporación que a constitúen de dereito e de feito, apróbanse as actas do Pleno da Corporación correspondentes á sesión ordinaria do 8 de xaneiro e extraordinaria do 23 de febreiro de 2014.

#### **(18).- INTERVENCIÓN DUNHA REPRESENTANTE DO CONSELLO MUNICIPAL DA MULLER, CON MOTIVO DO 8 DE MARZO “DÍA INTERNACIONAL DA MULLER”. EXPTE. 845/1101.**

ANTECEDENTES.- Con data 17 de febreiro, Rexistro do Pleno nº 845/1101, o Consello Municipal da Muller solicita a intervención no Pleno dunha representante do Consello con motivo do “8 de marzo” Día Internacional da Muller, ó obxecto de ler un manifesto en torno ao lema da campaña deste ano “Pola defensa dos dereitos sexuais, reprodutivos e aborto”, co seguinte texto:

SRA. FONTAIÑA PAZOS: Neste 8 de marzo tódalas mulleres queremos expresar á cidadanía e ao Goberno o noso rexeitamento a un anteproxecto de lei en contra

do dereito ao aborto, da capacidade de decisión das mulleres, en contra da igualdade, en definitiva, da nosa autonomía e da nosa maioría de idade.

Somos capaces de decidir sobre a nosa vida, nin un goberno misóxino e retrógrado, nin o poder relixioso que intervén de forma inquisitorial nas decisións políticas, nos farán renunciar aos nosos dereitos: as mulleres e os homes solidarios non imos consentir o retorno aos tempos do silencio, do medo; non estamos dispostas, temos a enerxía e a vontade de berrar, de loitar, de manter a esixencia dun modelo de sociedade iguais onde se respecten os dereitos humanos das mulleres.

As galegas levamos anos rexeitando a ofensiva patriarcal dos diferentes gobernos e o recrudescemento do machismo nas institucións nas que gobernan. En Galicia comezaron pola eliminación de organismos como o Servizo galego de Igualdade, os Centros de Información ás Mulleres e de orientación afectivo-sexual e o desmantelamento dos COF, poñendo en marcha a retrógrada *Lei de apoio á familia e á convivencia* aprobada polo Goberno de Galiza no ano 2011, que pretende instaurar o control alleo sobre o noso corpo e a nosa sexualidade.

Que as mulleres non somos nada para os poderes políticos, relixiosos e económicos que nos gobernan, neste momento, é tan evidente que non só se reflicte en que sexamos as que máis gravemente sufrimos as consecuencias da crise, senón tamén en que as primeiras institucións desmanteladas, tanto en Galiza como no estado, foron as que traballaban pola igualdade, formación e protección ás mulleres. Neste alarde de machismo, superioridade e hipocrísia, os diferentes gobernos renuncian garantir o dereito das mulleres e vivir sen violencia, ignorando a súa consecuencia máis extrema que é o número de mortas por violencia machista. Como é posible que, nesta realidade, se eliminen as políticas de igualdade e educación sexual?

Co anuncio da contrarreforma da Lei do aborto, o 90 % das mulleres que abortan agora terán que facelo de forma «ilegal»; as que teñan recursos económicos saíran ao estranxeiro e as que non, arriscarán a saúde e a vida recorrendo a un aborto clandestino. Ademais, a isto sumarase a inseguridade e a vulnerabilidade xurídica do colectivo de profesionais tamén da Sanidade.

Di o Goberno que o seu anteproxecto de lei basease ante todo na defensa da

vida, o mesmo goberno que impón políticas laborais inxustas, que recortan o acceso ás escolas infantís, que negan a ampliación do permiso de paternidade e lles dificultan a tódalas mulleres o acceso á reprodución asistida. Dinnos os gobernos que eliminan servizos sociais básicos, que recortan en Dependencia e Sanidade, que empurran gran parte da cidadanía á pobreza.

E ante isto podemos preguntarnos: de que vida falan cando falan da vida?

Reclamarmos o dereito ao aborto libre que non significa forzar a unha muller a proseguir cun embarazo non desexado e cuestionar a súa decisión de interrompelo. O dereito de tomar esta decisión afiánzanos ás mulleres como suxeitos moralmente autónomos para decidirmos sobre as nosas vidas, sobre os nosos corpos e sobre a nosa maternidade: nosoutras podemos e debemos decidir ser nais ou non o ser.

O dereito ao aborto non é unha decisión política nin relixiosa, é unha opción persoal, unha decisión que só ten que tomar a muller que o quere levar a cabo, sen influencias nin manipulacións de ningún tipo, nin sequera das persoas máis achegadas a ela. Esquecemos que os gobernos non son máis que os xestores da cidadanía, que están baixo a autoridade das persoas. As súas políticas levaron a cabo sistemas que non fixeron outra cousa que intentar dobregar a tódalas persoas para que cumpriran as súas leis e poder acumular máis poder. Este 8 de marzo reivindicamos o poder da cidadanía co fin de parar este anteproxecto de lei que relega ás mulleres a séculos atrás, séculos onde estábamos relegadas á casa, á familia. Antes empregaban unha violencia máis explícita, agora empregan leis e canles legais para impoñer, pero sobre todo para exercer tortura contra nós. Con que dereito nos obrigan a levar a cabo un embrazado non desexado? Pero sobre todo, que modelos e exemplos de comportamento democrático, libres e respectuosos están ofrecendo á mocidade ou ó resto de países europeos?

A maioría dos países europeos teñen lexislacións que permiten a libre decisión das mulleres durante o período de xestación. Outros, como o Reino Unido, admiten indicacións tan amplas que, na práctica, implican o respecto e á libre decisión das mulleres.

Queren impoñer un modelo de sociedade no que a vida das mulleres ten como obxectivo a maternidade, considerándonos incapaces de tomarmos decisións por

nós mesmas, coidan que necesitamos protección, tutela e axuda a perpetuidade para decidir sobre a nosa vida e sobre a nosa maternidade. Estannos roubando de xeito planificado, algo tan elemental como o noso dereito a dirimir en asuntos sobre o que debemos ter a derradeira e fundamental palabra. No anteproxecto, a autonomía das mulleres desaparece borrada de vez, queda sempre a expensas do que outros decidan por nós.

Dende o Consello Municipal das Mulleres de Vigo esiximos a retirada inmediata deste anteproxecto de lei que atenta contra os dereitos das mulleres, contra a nosa autonomía, contra a nosa liberdade, contra a nosa saúde, vida e dignidade.

*A Alcaldía-Presidencia dá as gracias pola súa intervención á Sra. Fontaiña Pazos.*

## **2.- DECLARACIÓNS INSTITUCIONAIS.**

### **2.1(19).- DECLARACIÓN INSTITUCIONAL AO OBXECTO DE QUE O CONSELLO DE MINISTROS CONCEDA O INDULTO AOS SINDICALISTAS CARLOS RIVAS MARTÍNEZ E SERAFÍN RODRÍGUEZ MARTÍNEZ. EXPTE. 848/1101.**

ANTECEDENTES.- Con data 19 de febreiro de 2014 e por consenso dos tres grupos municipais acórdase presentar a seguinte Declaración Institucional

"O Concello de Vigo, quere manifestar a súa solidariedade coa situación de Carlos Rivas Martínez e Serafín Rodríguez Martínez, sindicalistas condenados por un delito contra os dereitos dos traballadores e traballadoras e pendentes neste momento de poder recibir unha orde de ingreso en prisión.

Tales cidadáns, pertencentes a organizacións sindicais galegas, formaron parte na folga do ano 2008 -durante a negociación do convenio provincial de transportes de mercadorías- das plataformas informativas entón constituídas, sendo denunciados pola realización de dita labor. Nas sentencias recaídas ao efecto por motivos similares e como norma xeral, foron absoltos os traballadores e traballadoras afectados, pero un Xulgado de Vigo considerou

que estas dúas persoas eran culpables como autores dun delito contra os dereitos dos traballadores e traballadoras, tipificado no artigo 315.3 do Código Penal e condenadas á pena máxima de tres anos de prisión. As denuncias cursada non fora presentada por ningunha persoa traballadora ou empresaria.

Por todo o exposto, o Concello de Vigo decláranse a favor de que o Consello de Ministros conceda o indulto para Carlos Rivas Martínez e Serafín Rodríguez Martínez.”

VOTACIÓN: Por unanimidade dos vinte e sete membros presentes da Corporación que a constitúen de dereito e feito,

ACÓRDASE:

Aprobar a Declaración Institucional presentada por consenso dos tres grupos municipais co texto transcrito nos antecedentes deste acordo.

### **3.- DITAMES DAS COMISIÓNS INFORMATIVAS:**

#### **XESTIÓN MUNICIPAL**

#### **3.1(20).- PROPOSTA DE APROBACIÓN DA RECTIFICACIÓN DO EPÍGRAFE I VÍAS PÚBLICAS DO INVENTARIO MUNICIPAL DE BENS, REFERENTE Ó RAMAL I DO CÑO. CEAN EN CORUXO. EXPTE. 1136/244 (827/1101)**

ANTECEDENTES.- Con data 15 de xaneiro de 2014, o xefe do Servizo de Patrimonio, co conforme da concelleira delegada de de Patrimonio, emite o seguinte informe-proposta,

“Primeiro.- No Inventario Municipal de Bens e Dereitos, aprobado por acordo Plenario de 4 de maio de 1993, consta no seu Epígrafe I-Vías Públicas, a seguinte rúa: Camiño de Cean, ramal 1, na parroquia de Coruxo, grafiado na folla 9-34 do plano topográfico das vías municipais, con orixe no cño. Cean e remate na finca particular nº 26, dunha lonxitude de 130 metros.

Segundo.-, O Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo, no procedemento Ordinario 207/2012, seguido no recurso contencioso administrativo interposto por Da. M<sup>a</sup> Luz Fernandez Mariño, ditou sentenza en data 30 de outubro do 2013 na que estimando dito recurso, anula o acordo impugnado e condena a esta administración a rectificar o Inventario municipal no senso de excluír do mesmo o ramal 1 Cño Cean no tramo que exceda dos primeiros 45 metros do seu recorrido.

Sentenza firme da que deuse conta a Xunta de Goberno Local na súa sesión ordinaria de 5 de decembro do 2013.

Terceiro.- A teor do contido da sentenza, estimando a rectificación inventarial instada pola recorrente, o que ven a afectar a consideración de vía pública que resulta do Inventario municipal dese ramal 1 do Cño. Cean, interesouse do servizo de Cartografía da Xerencia de Urbanismo proposta de rectificación da cartografía municipal de viais (folla 9-34) os efectos de proceder a rectificación inventarial en cumprimento e execución desa resolución xudicial.

O Topógrafo Municipal, emite informe o pasado 8 de xaneiro sinalando que dito camiño queda, trala sentenza do 30.10.2013, coa seguinte descrición:

Codigo: 1070300  
C.Rueiro:0470  
Denominación: Cño. Cean R-1  
Orixe: Cño. Cean  
Final: Finca particular  
Lonxitud: 45,00 ml  
Pavimento: Formigon

Así mesmo achega a correspondente folla cartográfica 9-34 coa rectificación gráfica de dito ramal resultante.

Cuarto.- Conseqüentemente co que antecede, e dado o deber das Administracións Publicas e demais entidades publicas e privadas do respecto e cumprimento das sentenzas e demais resolucións xudiciais que sexan firmes ou executivas de acordo coas leis, tal e como dispón o art. 17.2 da Lei Orgánica do Poder Xudicial, cumpre, co fin de adecuar o inventario municipal de vias públicas a realidade xurídica resultante da sentenza ditada polo Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo, proceder a rectificación inventarial anulando o tramo final do Cño. Cean R-1, resultando este coa descrición e grafa proposta polo Servizo de Cartografía que consta no expediente.

Quinto.- Resulta competente para a adopción do acordo de rectificación do

Inventario Municipal o Pleno Municipal, de acordo co disposto no artigo 34 do RD 1372/86 de Bens das Entidades Locais.

Polo anteriormente exposto, propónse o Pleno Municipal, previo ditame da Comisión Informativa correspondente, en uso das atribucións que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo,”

Deseguido, o funcionario formula a proposta que se contén na parte dispositiva deste acordo.

A Comisión Informativa de Xestión Municipal, en sesión ordinaria do día 17 de febreiro de 2014, ditaminou favorablemente dita proposta.

VOTACIÓN: Por unanimidade dos vinte e sete membros presentes da Corporación que a constitúen de dereito e feito, adóptase o seguinte,

ACORDO:

“PRIMERO.- Aprobar a rectificación do Epigrafe I Vías Publicas do Inventario Municipal de Bens, referente o Ramal 1 do Cño Cean na Parroquia de Coruxo dacordo coas seguintes características técnicas, e a grafía reflectida na folla 9-34 do servizo de Cartografía da Xerencia de Urbanismo de data 8.01.2014:

Codigo: 1070300

C.Rueiro:0470

Denominación: Cño. Cean R-1

Orixe: Cño. Cean

Final: Finca particular

Lonxitud: 45,00 ml

Pavimento: Formigon

SEGUNDO.- Dar traslado do presente acordo os interesados, servizos municipais correspondentes e a Xerencia Municipal de Urbanismo.



### **3.2(21).-DENOMINACIÓN DE RÚA. "RÚA DOUTOR ENRIQUE SUÁREZ GUNTÍN". EXPTE. 14563/331 (840/1101)**

ANTECEDENTES.- Con data 13 de febreiro de 2014, o concelleiro delegado da Área de Cultura, Festas e Museos, emite o seguinte informe-proposta,

"O decreto da Alcaldía do Concello de Vigo de 7 de febreiro de 2013 e acordo da Xunta de Goberno Local do 8 de febreiro do 2013 de delegación de competencias nos concelleiros, establece na Área de Cultura, Festas e Museos a competencia seguinte, entre outras:

"13. Elevar ao Concello-Pleno, en colaboración cos servizos de Cartografía e Estatística, a denominación das vías públicas, prazas e parques municipais instruíndo, a estes efectos, os expedientes correspondentes."

Polo exposto propónse ao Pleno da corporación,"

Deseguido o concelleiro delegado formula a proposta que se contén na parte dispositiva deste acordo.

A Comisión Informativa de Xestión Municipal, en sesión ordinaria do día 17 de febreiro de 2014, ditaminou favorablemente dita proposta.

DEBATE:

SR. RELOVA QUINTEIRO: Unha intervención moi breve, so para darlle as grazas e para lembrar brevemente ao Sr. Guntín.

Primeiro, moitas grazas á Comisión de nomeamento de rúas, ao Sr. Rodríguez Escudero, ao Sr. Font e ao Sr. Domínguez porque a proposta do Partido Popular conseguimos que un entrañable personaxe, que moi brevemente vou dicir rapidamente quen era o doutor Enrique Suárez Guntín, chamado o entrañable médico de Lavadores que polo seu comportamento durante medio século neste

barrio chamábanlle o médico dos pobres. O Sr. Suárez morreu no seu posto de traballo, na súa consulta médica de Lavadores na que cumpría 51 anos e faleceu por cuitas de corazón, consultando a un paciente que ao final houbo de atenderlle ante a súa letal de emerxencia cardíaca. Nacera en 1931 en Lavadores, tras vivir oito anos no centro de Vigo volveu ao seu barrio en 1940 e en 1951 montou alí a súa casa e a súa consulta, faleceu sen esperalo pero con todo o afecto e recoñecemento de todos.

VOTACIÓN: Por unanimidade dos vinte e sete membros presentes da Corporación que a constitúen de dereito e feito, adóptase o seguinte,

ACORDO:

Primeiro.- Denominar rúa "Doutor Enrique Suárez Guntín", o tramo comprendido entre o número 41 do camiño de Meixoeiro e o nº141 da rúa Manuel Álvarez.

Segundo.- Proceder a súa inclusión no rúeiro do Concello.

### **3.3(22).- DENOMINACIÓN DE PRAZA. "PRAZA DA INDUSTRIA CONSERVEIRA". EXPTE. 14551/331 (841/1101)**

ANTECEDENTES.- Con data 13 de febreiro de 2014, o concelleiro delegado da Área de Cultura, Festas e Museos, emite o seguinte informe-proposta,

"O decreto da Alcaldía do Concello de Vigo de 7 de febreiro de 2013 e acordo da Xunta de Goberno Local do 8 de febreiro do 2013 de delegación de competencias nos concelleiros, establece na Área de Cultura, Festas e Museos a competencia seguinte, entre outras:

“13. Elevar ao Concello-Pleno, en colaboración cos servizos de Cartografía e Estatística, a denominación das vías públicas, prazas e parques municipais instruíndo, a estes efectos, os expedientes correspondentes.”

Polo exposto propónse ao Pleno da corporación,”

Deseguido o concelleiro delegado formula a proposta que se contén na parte dispositiva deste acordo.

A Comisión Informativa de Xestión Municipal, en sesión ordinaria do día 17 de febreiro de 2014, ditaminou favorablemente dita proposta.

VOTACIÓN: Por unanimidade dos vinte e sete membros presentes da Corporación que a constitúen de dereito e feito, adóptase o seguinte

ACORDO:

Primeiro.- Denominar Praza “Praza da Industria Conserveira””, o cruce da Rúa Coruña coa Avda. De Beiramar e a Rúa Jacinto Benavente.

Segundo.- Proceder a súa inclusión no rúeiri do Concello.

**3.4(23).-DAR CONTA DO INFORME TRIMESTRAL DE TESOURERÍA SOBRE O CUMPRIMENTO DOS PRAZOS PARA O PAGO DAS OBRIGACIÓNS DO CONCELLO DE VIGO CORRESPONDENTES AO 4º TRIMESTRE DE 2013. EXPTE. 7266/540 (839/1101**

ANTECEDENTES.- O Tesoureiro municipal, por escrito de data 13 de febreiro de 2014, informa do que segue:

“INFORME.-

LEXISLACIÓN APLICABLE.-

- Lei 15/2010, de 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais.
- Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público, modificado polo Real Decreto-lei 4/2013, de 22 de febreiro, de medidas de apoio ó emprendedor e de estímulo do crecemento e da creación de emprego.

INFORME.-

**I.-** O apartado 3º do artigo 4 da Lei 15/2010, de 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais, dispón que os Tesoureiros das Corporacións locais elaborarán trimestralmente un informe ao Pleno da Corporación sobre o cumprimento dos prazos previstos na citada Lei para o pago das obrigacións de cada Entidade local, que incluírá necesariamente o número e contía global das obrigacións pendentes nas que se estea incumprindo o prazo.

O ámbito obxectivo do informe trimestral son, polo tanto, as operacións comerciais, correspondéndose no Concello de Vigo, con carácter xeral, cos gastos en bens correntes e servizos e cos investimentos.

**II.-** A estes efectos, o apartado 4º do artigo 216 do texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público (LCSP), na súa redacción dada polo Real Decreto-lei 4/2013, de 22 de febreiro, de medidas de apoio ó emprendedor e de estímulo do crecemento e da creación de emprego, establece que:

*“4. A Administración terá a obriga de aboar o prezo dentro dos trinta días seguintes á data de aprobación das certificacións de obra ou dos documentos que acrediten a conformidade co disposto no contrato dos bens entregados ou servizos prestados, sen prexuízo do establecido no artigo 222.4, e se se demorase, deberá aboar ao contratista, a partir do cumprimento do devandito prazo de trinta días os intereses de demora e a indemnización polos custos de cobramento nos termos previstos na Lei 3/2004, do 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais. Para que haxa lugar ao inicio do cómputo de prazo para a remuneración de intereses, o contratista deberá de ter cumprido a obriga de presentar a factura ante o rexistro administrativo correspondente, en tempo e forma, no prazo de trinta días dende a data de entrega efectiva das mercadorías ou a prestación do servizo.*

*Sen prexuízo do establecido nos artigos 222.4 e 235.1, a Administración deberá aprobar as certificacións de obra ou os documentos que acrediten a conformidade co disposto no contrato dos bens*

*entregados ou servizos prestados dentro dos trinta días seguintes á entrega efectiva dos bens ou prestación do servizo, salvo acordo expreso en contrario establecido no contrato e nalgún dos documentos que rexan a licitación.*

*En todo caso, se o contratista incumprise o prazo de trinta días para presentar a factura ante o rexistro administrativo, a remuneración de intereses non se iniciará ata transcorridos trinta días dende a data de presentación da factura no rexistro correspondente, sen que a Administración aprobese a conformidade, se procede, e efectuado o correspondente aboamento."*

Neste sentido, o artigo 222.4 da LCSP, relativo ó cumprimento dos contratos, dispón que:

*"4. Agás nos contratos de obras, que se rexerán polo disposto no artigo 235, dentro do prazo de trinta días a contar dende a data da acta de recepción ou conformidade, deberá acordarse e ser notificada ao contratista a liquidación correspondente do contrato, e aboárselle, se é o caso, o saldo resultante. Non obstante, se a Administración Pública recibe a factura con posterioridade á data en que ten lugar a devandita recepción, o prazo de trinta días contarase dende que o contratista presente a citada factura no rexistro correspondente. Se se producise demora no pagamento do saldo de liquidación, o contratista terá dereito a percibir os intereses de demora e a indemnización polos custos de cobramento nos termos previstos na Lei 3/2004, do 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais."*

E, por fin, no parágrafo 2º do apartado 1º do artigo 235 da LCSP, en relación ó cumprimento do contrato de obras, establécese un prazo máximo de tres meses, contados a partir da recepción da obra, para que o órgano de contratación aprobe a certificación final das obras executadas, que será aboada ao contratista a conta da liquidación do contrato no prazo de trinta días previsto no artigo 216.4.

**III.-** O Ministerio de Facenda e Administracións Públicas publicou unha guía para a elaboración dos informes trimestrais que as entidades locais han de remitir ao Ministerio de Economía e Facenda, en cumprimento do artigo cuarto da Lei 15/2010, do 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, do 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais, cuxo contido íntegro pode consultarse na páxina web do citado Ministerio

(<http://www.minhap.gob.es/Documentacion/Publico/DGCFEL/InstruccionesAplicaciones/GuíaMorosidad.pdf>) , que dispón que os informes, referidos ao último día de cada trimestre natural, haberán de elaborarse considerando a totalidade dos pagamentos realizados en cada trimestre natural, e a totalidade das facturas ou documentos xustificativos pendentes de pagamento ao final do mesmo. Deste modo, o informe trimestral considerará a seguinte información:

- a) Pagamentos realizados no trimestre.
- b) Intereses de demora pagados no trimestre.
- c) Facturas ou documentos xustificativos pendentes de Pagamento ao final do trimestre.
- d) Facturas ou documentos xustificativos con respecto ás cales, ao final de cada trimestre natural, transcorresen máis de tres meses dende a súa anotación no rexistro de facturas e non se tramitasen os correspondentes expedientes de recoñecemento da obriga.

A citada guía establece expresamente que deben incluírse no informe as facturas litixiosas e, no seu caso, os gastos sometidos a convalidación.

**IV.-** No caso do Concello de Vigo, e dado que a circular informativa da Intervención Xeral de data 6 de agosto de 2012 establece que os responsables que teñan ó seu cargo a sinatura dos documentos cobratorios, tales como facturas ou certificacións, disporán dun máximo de cinco días naturais a partir da data do rexistro, para conformar o documento e remitilo á Intervención para a súa fiscalización, o prazo de trinta días previsto na LCAP compútase, ós efectos de determinar o cumprimento dos prazos de pago establecidos na citada Lei, unha vez transcorridos cinco días dende a data de rexistro da factura ou certificación correspondente.

**V.-** En consecuencia, en cumprimento do disposto no apartado 3º do artigo 4 da Lei 15/2010, de 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais, o funcionario que subscribe ten a ben remitir ao Pleno da Corporación do Concello de Vigo o informe sobre o cumprimento dos prazos previstos para o pago das obrigacións correspondentes ao 4º trimestre do exercicio 2013 que se achega xunto co presente escrito; declarando que os datos nel contidos correspóndense cos pagos realizados no trimestre e coas obrigacións pendentes de pago ao final de dito trimestre polo Concello de Vigo, segundo os datos contidos na base de datos de contabilidade do Concello de Vigo.

Resumo das principais magnitudes contidas no informe:

a) Pagos realizados no trimestre.

Dentro do período legal de pago:

- Número de pagos: 1.692
- Importe total: 30.108.810,31 euros

Fora do período legal de pago:

- Número de pagos: 386
- Importe total: 5.109.743,65 euros

Período medio de pago (PMP): 24,35 días

O "Período medio de pago" dos efectuados no trimestre, é o indicador do número de días media que se tardou en realizar os pagamentos.

Período medio de pagamento excedido (PMPE): 33,97 días

O "Período medio de pagamento excedido" dos efectuados no trimestre, é o indicador do número de días media que as operacións pagadas fora de prazo excederon do prazo legal.

b) Intereses de demora pagados no trimestre.

- Número de pagos: 0
- Importe total de intereses: 0,00 euros

c) Facturas ou documentos xustificativos pendentes de pagamento ao final do trimestre.

Dentro do período legal de pago:

- Número de operaciones: 1.491
- Importe total: 12.932.118,80 euros

Fora do período legal de pago:

- Número de operaciones: 99
- Importe total: 603.970,69 euros

Período medio do pendente de pagamento (PMPP): 10,79 días

O "Período medio do pendente de pagamento" ao final do trimestre, é o indicador do número de días media de antigüidade das operacións pendentes de pagamento a final do trimestre.

Período medio pendente de pagamento excedido (PMPPE): 43,00 días

O "Período medio do pendente de pagamento excedido" a final do trimestre, é o indicador do número de días media que as operacións pendentes de pagamento ao final do trimestre excederon do prazo legal.

d) Facturas ou documentos xustificativos con respecto ás cales, ao final de cada trimestre natural, transcorresen máis de tres meses dende a súa anotación no rexistro de facturas e non se tramitasen os correspondentes expedientes de recoñecemento da obriga.

- Número: 0

- Importe total: 0 euros

Período medio de operacións pendentes de recoñecemento (PMOPR): 0,00 días.

O "Período medio de operacións pendentes de recoñecemento" a que se refire o apartado 4 do artigo quinto da Lei 15/2010, é o indicador do número de días media de antigüidade destas operacións.

O que poño en coñecemento da Concellalía delegada de Economía e Facenda do Concello de Vigo, para o seu coñecemento e ós efectos oportunos."

*No expediente figuran catro cadros contables debidamente dilixenciados por esta Secretaría Xeral do Pleno*

A Comisión Informativa de Economía, Facenda, Patrimonio e Educación, en sesión do 17 de febreiro, tomou coñecemento de todo o anterior.

#### DEBATE:

SRA. SILVA REGO: Damos hoxe conta do Informe trimestral de Tesourería sobre o cumprimento dos prazos para o pago das obrigas do Concello de Vigo correspondentes ao cuarto trimestre de 2013. No Pleno extraordinario de xaneiro para a modificación orzamentaria que vai permitir investir cerca de seis millóns de euros na cidade, informábamnos de que superábamnos con creces os prazos de pago establecidos na Lei de Morosidade, dicíamnos que o Concello estaba facendo fronte as súas obrigas nun prazo medio de 27,5 días, días despois no Pleno ordinario do mesmo mes de xaneiro volvíamos a informar que o período medio de pago fora de 25,11 días durante o terceiro trimestre do ano 2013. Hoxe, volvemos a dicir con satisfacción que seguimos a ser un exemplo no cumprimento das nosas obrigas no referente aos prazos nos que facemos fronte aos pagos, así durante o cuarto trimestre do ano 2013 realizáronse 2.078 pagos por un importe de 35.218.553,96 euros, sendo o período medio de pago de 24,35 días, isto supón unha nova redución de prazos de 25,11 días no terceiro trimestre



a 24,35 no cuarto. É unha extraordinaria noticia, tanto é así que lles teño que comentar que son moitas as empresas que poñen o noso Concello como modelo a seguir, e non é de estrañar se temos en conta que o prazo de pago do conxunto das administracións públicas ascende a 129 días, o da administración central a 39 días, o do conxunto da comunidades autónomas a 140 e os do total dos concellos a 118. Quero subliñar o que significan estes datos, o conxunto das administracións multiplican por cinco o tempo que tardan en pagar con respecto a Vigo, as comunidades autónomas multiplican o tempo por seis e o conxunto de concellos por catro, por iso non nos cansaremos de repetir que nos sentimos orgullosos desta boa xestión, porque esta boa xestión favorece á economía, e isto é o realmente importante, facer fronte aos pagamentos en tempo e forma é hoxe fundamental para o mantemento das empresas ou o que é o mesmo, para manter a actividade e o emprego, porque é ben sabido, sabémolo todos que isto permite que as empresas non teñan que recorrer a crédito, teñan liquidez e poidan continuar coa súa actividade.

Señoras e señores concelleiros, non coñezo ningunha outra administración, nin a do Estado, nin ningunha Comunidade Autónoma ou Concello de España que teña estes extraordinarios datos.

Isto é bo para a economía da cidade e por iso creo que todos debemos sentirnos compracidos, nós como goberno e estou segura de que vostedes como oposición xa que non dubido de que lles parecerá imprescindible que as administracións favorezan que as empresas non teñan problemas engadidos, máis aínda en tempos de crise debido a morosidade nos pagos dos entes públicos, ademais e remato, a estes extraordinarios datos hai que engadir a tamén a boa nova do superávit do 2013, que supera aos cinco millóns de euros e que si o Goberno de España o permite imos de tratar de investir na cidade como xa fixemos co do 2012. Ao mesmo tempo seguimos a camiñar cara a débeda cero.

En definitiva, apostamos por unha xestión económica excelente, boas contas son sinónimo de posibilidade de crecemento e inversión na nosa cidade, e iso é no que estamos e seguiremos a estar, ter unha boas contas, saneadas e cumprir coas nosas obrigas de pago, o que favorece que se poida seguir a investir en mellorar a calidade de vida das viguesas/es. Iso é o que é ter unha boas contas e

por iso nos sentimos moi satisfeitos de dar conta deste informe de Tesourería do carto trimestre do 2013.

SR. FIDALGO IGLESIAS: Convén lembrar sempre que a Lei de Morosidade obriga a que a administración abone as facturas dentro dos 30 días seguintes a súa presentación, e nisto do pago das facturas vostedes van como un pouco a tiróns, uns trimestres van regular, outros trimestres van mal e outros trimestres van case ben. Se o trimestre pasado foi moi malo neste corríron un pouco o rumbo, Sra. Silva, porque tampouco era moi difícil.

Aínda así, hai marxe máis que suficiente para seguir mellorando porque no último trimestre do 2013 que é no que estamos hoxe, dando vostedes conta no Pleno, no último trimestre do 2013 o 19% das facturas pagáronse fora de prazo. Claro que se o comparamos co último trimestre do ano 2012 no que tamén presumían de pagar ben e de ser o máis do máis, as cousas cambiaron notablemente e para mellor, porque no último trimestre do 2012 Vigo era dos concellos de España que peor pagaban, estábamos pagando no último trimestre do 2012 a 126 días de media cando a Lei obriga a pagar en 30 días. Esa era a época na que se puxeron un pouco ao día con aqueles máis de catro millóns de euros de facturas que había no caixón e que afloraron co Plan de pago a provedores que puxo en marcha o Goberno de España. Agora, pois non fan máis que cumprir co que obriga a Lei de Morosidade, pagar de media a 24 días é cumprir a lei.

En cambio hai cuestións nas que foron un pouco a peor, por exemplo, no indicador de pago excedido, porque no anterior período no terceiro trimestre de 2013 as facturas que se pagaban fora de prazo, que había bastantes facturas, o 42% das facturas pagábanse fora de prazo, pero con 14 días de atraso de media, e neste período estanse pagando con 34 días de atraso, falo das facturas que se pagan fora de prazo que neste período foron o 19% das facturas por un importe de cinco millóns de euros que se corresponden con 386 facturas que se pagaron fora do prazo que marca a lei, e por iso dicimos que hai marxe de mellora, mellorouse neste trimestre? Un pouco, pero hai moito marxe de mellora porque quen ten que cobrar dentro do prazo son tódolos provedores.

Ademais, a finais do trimestre quedaron sen pagar e xa dentro do prazo legal, 99

facturas, xa excederan de media en once días ese prazo legal de 30 días, ou sexa que hai 99 facturas que xa levaban 41 días e que estaban sen pagar.

Igual que os impostos, ou sexa que os ingresos ao Concello gústalle cobralos en prazo, verdade Sr. Interventor e Sr. Tesoureiro, o lóxico e o que obriga a lei é que tamén os gastos e que os provedores do Concello cobren e cobren tamén dentro do prazo legal.

SRA. SILVA REGO: A verdade é que o Sr. Fidalgo que fala no nome do Partido Popular ten gracia na súa intervención, porque non é capaz de dicir que non o facemos extraordinariamente ben, ten que recoñecer que pagar nun prazo medio de 24,35 días é un dato extraordinario porque a Lei di 30 días, el mesmo o di, estamos seis días por debaixo do que propón a lei. Logo da un dato do 2012 que manipula porque non di que o período medio de pago axustado no cuarto trimestre do 2012 foi de 38,70 días cando naquel momento a lei propoñía que eran 40 días o prazo que tínhamos para pagar.

Polo tanto, tamén no 2012 cumprimos coa Lei de morosidade, pero o que ten máis gracia aínda é que fale do Concello de Vigo ,no pasado Pleno eu pedinlle Sr. Fidalgo que trouxeran exemplos doutras administracións que simplemente se asemellaran a este Concello, dalgún concello gobernado por vostedes que pagara nos prazos nos que paga Vigo, vostede non me trae os exemplos que lle pedín porque non os ten eu compréndoo, non hai ningún concello gobernado polo Partido Popular, nin en Galicia, nin no conxunto do Estado español que asemelle os seus datos aos nosos. Pedinllo no anterior Pleno, por que non os trae? Porque vostede estivo buscando pero non atopou, é imposible, este é o Concello de Galicia e de España que ten mellores datos de pago, o mellor, e vostede sábeo.

Eu non quero ser pedante, non me quero poñer nota pero mal, ningún trimestre, todos extraordinarios porque todos por debaixo de 30 días, case ben tampouco, e diría que a nota é de sobresaínte, por non dicir matrícula de honor porque non quero ser pedante, repito. E como todos os Plenos nos que interveño en relación ao tratamento que facemos económico neste Pleno, que lles damos informe da situación das contas, dos pagos que facemos eu quero de novo felicitar á concelleira da Área de Economía e Facenda porque Sra. Díaz sabes o que pasa?

Que o resto dos concelleiros de economía e facenda de Galicia e de España, senten verdadeira envexa dos teus resultados, son extraordinarios, felicidades.

*A Alcaldía-Presidencia dá conta ao Pleno da Corporación do contido do presente expediente.*

**3.5(24).- PROPOSTA DE DESESTIMENTO DO CONVENIO URBANÍSTICO DE PLANEAMENTO PARA A ORDENACIÓN DA PARCELA EXISTENTE EN TOMAS ALONSO Nº 207 NO LUGAR COÑECIDO COMO CASTRO-CASTRIÑO (AOP-10). EXPTE. 7266/411 (832/1101).**

ANTECEDENTES.- Con data 3 de febreiro de 2014, a técnica de Admón. Xeral da Xerencia de Urbanismo, co conforme do director de Desenvolvemento Urbanístico e da Xerente, emite o seguinte informe-proposta:

"O día 04.05.1993, o Pleno do Concello aprobou inicialmente o PERI II-03 Castro Castriño, creado no expediente de Subsanación de deficiencias na adaptación do PXOU-88 á LASGA, que ordenaba un ámbito de 25.250 m<sup>2</sup> con fronte a Tomás A. Alonso e á curva de San Gregorio, definindo varias unidades de actuación. Na mesma sesión plenaria, aprobouse inicialmente os estatutos e bases de actuación da Xunta de Compensación da UA I do dito PERI II-03 Castro Castriño, definitivamente aprobados en sesión do 28.07.1993.

O día 15.11.1993, o Pleno do Concello de Vigo aprobou definitivamente o PERI II-03 Castro Castriño, presentado por D. Gumersindo Rivera Martínez e redactado polo arquitecto D. José Herrero García, con visado do COAG de data 23.03.1993, coa documentación final visada o día 21.10.1993.

Con data 16.09.1994, o Pleno do Concello de Vigo aprobou definitivamente o proxecto de compensación da referida unidade de actuación, resultando adxudicadas a D<sup>a</sup>. Montserrat Bares Fernández, entre outras, as parcelas de resultado B, C, D e E, con edificabilidades destinadas a vivenda unifamiliar.

O proxecto de urbanización da UA I do PERI II-03 Castro Castriño, redactado polo enxeñeiro de camiños, D. Alberto Moreno García, foi aprobado definitivamente o día 03.11.1994 polo Pleno do Concello de Vigo e as obras de urbanización foron parcialmente recibidas o día 18.12.1998 polo Consello da XMU, non constando, na actualidade, a súa recepción definitiva ao non terse producido a entrega formal dos terreos pendentes de urbanizar

(fondo de saco e sendeiro peonil).

O día 20.10.2000, o Pleno do Concello de Vigo acordou por unanimidade, a proposta do Sr. Alcalde - Presidente, proceder á elaboración dun novo Plan Xeral de Ordenación Municipal (PXOM) e, logo da tramitación procedimental oportuna, en sesión extraordinaria do día 30.12.2004, acordou aprobar inicialmente o PXOM, na súa última versión de decembro de 2004, xunto cos convenios urbanísticos unidos como anexo a súa Memoria.

No marco do procedemento de revisión do PXOU-93, o Concello de Vigo tramitou un Convenio Urbanístico no ámbito das parcelas de resultado B, C, D, E do proxecto de compensación da U.A. I do PERI II-03 Castro Castriño, baixo a rúbrica Convenio Urbanístico de planeamento para a ordenación da parcela existente no número 207 da rúa Tomás A. Alonso.

Rematado o período de exposición pública e recabados os informes sectoriais correspondentes, o Pleno municipal, en sesión extraordinaria de data 19.05.2006, acordou, entre outros extremos, aprobar provisionalmente o PXOM na súa última versión, datada en decembro de 2005 (versión 2) elaborado pola mercantil "Consultora Galega, S.L." mediante contrato de asistencia técnica, así como os convenios urbanísticos de planeamento unidos como Anexo a súa Memoria, coas correccións sinaladas na parte expositiva do dito acordo plenario, así como non ratificar os convenios de planeamento subscritos con carácter preparatorio e non incorporados á versión final do PXOM, desistindo dos mesmos na procura de acadar a mellor ordenación urbanística posible en exercicio da potestade discrecional de planeamento.

Consta a conformidade de D<sup>a</sup>. Montserrat Bares Fernández co texto do Convenio Urbanístico proposto para aprobación provisional, aos efectos do previsto no artigo 237.3 da LOUGA, segundo expresa a dilixencia estendida en data 07.12.2007, polo técnico de admón.xeral e, en virtude do que, abordábase a ordenación dunha parcela duns 2666,5 m<sup>2</sup> de superficie, sita no nº. 207 da rúa Tomás A. Alonso, como unha área de solo urbano consolidado con aplicación da ordenanza de Bloque aberto cun máximo de 3.500 m<sup>2</sup> de aproveitamento lucrativo construíbles, cunha altura máxima de dez prantas e cun uso característico de residencial en vivenda colectiva, compatible con usos terciarios e dotacionais; comprometéndose a propiedade a ceder gratuitamente ao Concello de Vigo, libre de cargas, os terreos da súa titularidade constitutivos de espazos libres e zonas verdes reflectidos no plano que se xuntaba ao mesmo, cunha extensión aproximada de 2000 m<sup>2</sup>; a ceder a edificación de 360 m<sup>2</sup> existente nesa parcela para o seu destino a zonas verdes (referida na estipulación segunda do Convenio Urbanístico); a efectuar as anteriores cesións antes de transcorridos 30 días dende a aprobación definitiva do PXOM; a completar a urbanización e solicitar licenza de edificación antes de transcorridos dous anos dende a aprobación definitiva do PXOM e a construír logo de concedida a licenza. Igualmente, comprometéase ao financiamento da rehabilitación da edificación obxecto de cesión e a retirar o recurso plantexado en relación cos terreos obxecto do Convenio Urbanístico ou, de ditarse sentenza antes da aprobación definitiva do PXOM, renunciar á execución da resolución xudicial que recaera (sentenza que foi ditada o día 26.10.2006 polo TSXG).

Tras das vicisitudes que obran no expediente administrativo de razón, o Pleno municipal

en sesión extraordinaria do día 29.12.2007, acordou, entre outros extremos, outorgar ao PXOM unha nova aprobación provisional, na súa última versión rectificada e corrixida, elaborada pola mercantil “Consultora Galega, S.L.”, así como aos convenios urbanísticos de planeamento unidos como Anexo, substituíndo ese acordo plenario ao adoptado o anterior 19.05.2006 a todos os efectos e non aprobar os convenios de planeamento subscritos con carácter preparatorio e non incorporados á versión final do PXOM nova e provisionalmente aprobado, desistindo de ditos convenios na procura de acadar a mellor ordenación urbanística posible en exercicio da potestade discrecional de planeamento.

O texto do Convenio Urbanístico referido (“Proposta previa á segunda aprobación”) formou parte da documentación sometida á COTOPT, aos efectos do artigo 85.5 da LOUGA, segundo consta na dilixencia do 02.01.2008 estendida P.D. do Secretario, que figura no documento.

Consta, así mesmo, que, con fundamento na ordenación prevista no citado Convenio Urbanístico, a entidade mercantil “Rodrigo Arbones Bares, S.L.”, solicitou no Rexistro Xeral da Xerencia Municipal de Urbanismo licenza de obras para construír un edificio para uso residencial composto de catro sotos para garaxe aparcamento, baixo porticado e dez plantas; unha delas recuada para uso de vivanda colectiva, cun total de 44 vivandas, na rúa Tomás A. Alonso, 207, segundo proxecto básico redactado polo arquitecto don Francisco Javier Álvarez Rodríguez; visado polo colexio profesional con data 10 de abril de 2008.

Por Orde da Conselleira da CPTOPT do 16.05.2008 aprobouse parcial e definitivamente o PXOM de Vigo (DOG nº. 106, do 03.06.2008), deixando en suspenso as áreas, determinacións e documentos cuxa subsanación esixiu (BOP nº. 151 -Suplemento- do 06.08.2008) e mediante Orde do Conselleiro da CMATI do 13.07.2009 (DOG nº. 144, do 24.07.2009), aprobouse o documento de cumprimento da Orde da CPTOPT do 16.05.2008, cuxo apartado “Modificacións aos Anexos á Ordenanza 16”, modificación décimo cuarta, contemplou o Anexo nº. 10 á Ordenanza 16 do PXOM, rubricado “Castro Castriño”, incorporando ao PXOM de Vigo a ordenación derivada do Convenio Urbanístico de referencia (BOP nº. 175, do 10.09.2009).

Mediante comunicación da Xerente de Urbanismo do 04.09.2009 (notificado o 15.09.2009) informouse a D<sup>a</sup>. Montserrat Bares Fernández que “(...) De acordo co establecido no punto 4º do artigo 237 da Lei 9/02, de 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, unha vez comunicada a aprobación definitiva do Plan Xeral de Ordenación Municipal, os asinantes dos convenios de planeamento deben asinar o texto definitivo dos convenios no prazo máximo de quince días hábiles dende a comunicación. Transcurrido o dito prazo, entenderase que desisten dos efectos do convenio. (...) solicítaselle que que se poña en contacto coa oficina de planeamento e xestión para que se concrete a data de sinatura do texto definitivo que será sempre con anterioridade ós quince días dende a recepción da presente comunicación”.

Con data 25.02.2010, os arquitectos municipais da Oficina de Obras e Proxectos Municipais emitiron informe sobre as condicións arquitectónicas do Chalet sito na rúa Tomás Alonso nº. 207 para acoller un uso educativo de escola infantil, cuantificando as obras necesarias na cantidade de 345.652,16 euros.

O día 12.04.2010, D<sup>a</sup>. Montserrat Bares Fernández presentou un escrito (doc. 100047466) informando da declaración de caducidade dun recurso contencioso-administrativo interposto contra o PXOM de Vigo no relativo ao dito Convenio Urbanístico e en data 12.07.2010 (doc. 100095019) solicitou entrevista co Delegado de Urbanismo e Vivenda en relación co asunto de referencia.

O día 09.07.2013, D<sup>a</sup>. Montserrat Bares Fernández presentou no Rexistro xeral da XMU (doc. 130080791) un escrito solicitando o sinalamento de día e hora para firma do nomeado Convenio Urbanístico, sendo informada a representación letrada da solicitante das concretas obrigas asumidas no mesmo pola propiedade.

O día 08.10.2013, D<sup>a</sup>. Montserrat Bares Fernández presentou no Rexistro xeral da XMU (doc. 130115378) un novo escrito comunicando a imposibilidade dar cumprimento ás obrigas asumidas naquel Convenio Urbanístico, afirmando que o seu cumprimento obrigaríalle a abandonar a vivenda na que reside, carecendo doutra (segundo afirma) e a aboar a cantidade de 345.652,16 € que afirma non dispoñer, así como a renunciar á indemnización que lle fora recoñecida xudicialmente en data 26.10.2006 polo TSXG, polo que, ante a certeza da imposibilidade do cumprimento das súas cláusulas, manifesta renunciar formal e expresamente a súa sinatura e solicita a adopción dos acordos pertinentes para que a ordenación do ámbito se manteña consonte ao previsto no PERI II-03 Castro Castriño.

O día 08.10.2013, D. Rodrigo Arbones Bares, actuando en representación da mercantil "Rodrigo Arbones Bares, S.L.", presentou un escrito no Rexistro xeral da XMU (doc. 130115370) desistindo da solicitude de licenza de obra na parcela afectada polo dito Convenio Urbanístico e o día 28.11.2013, a Vicepresidenta da XMU, ditou resolución aceptando o desistimento formulado, declarando concluído o procedemento e ordenado o arquivo do expediente.

#### FUNDAMENTOS LEGAIS OU CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

##### I. Normativa examinada:

- Lei 8/2013, de 26 de xuño, de Rehabilitación, rexeneración e renovación urbanas (LRRRU)
- Real decreto 2/2008, de 20 de xuño, polo que se aproba o Texto refundido da Lei de solo (TRLR 2008)
- Lei 9/2002, de 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia (LOUGA)
- Real decreto 2159/1978, de 23 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de planeamento para o desenvolvemento e aplicación da Lei sobre o réxime do solo e ordenación urbana (RPU)
- Real decreto 3288/1978, de 25 de agosto, polo que se aproba o Regulamento de xestión urbanística para o desenvolvemento e aplicación da Lei sobre o réxime do solo e ordenación urbana (RXU)
- Decreto 28/1999, de 21 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento de disciplina urbanística para o desenvolvemento e aplicación da Lei do solo de Galicia (RDUG)

- Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común
- Lei 29/1998, de 13 de abril, Reguladora da xurisdicción contencioso-administrativo (LRXCA)
- Lei 7/1985, de 2 de abril, de bases de réxime local (LBRL)
- Real decreto legislativo 781/1986 de 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL)
- Lei 5/1997, de 22 de xullo, de administración local de Galicia (LALGA)
- Plan xeral de ordenación municipal de Vigo de 2008, aprobado definitivamente por Ordes da Conselleira de política territorial, obras públicas e transportes de 16 de maio de 2008 (Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra -BOP- n.º 151, de 06.08.2008; DOG n.º 106, de 03.06.2008) e do Conselleiro de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas de 13 de xullo de 2009 (BOP n.º 175, de 10.09.2009; DOG n.º 144, de 24.07.2009) (PXOM)
- Estatutos da Xerencia Municipal de urbanismo, na súa redacción aprobada no Pleno do Concello de Vigo de 6 de setembro de 2010.

II. Tramitación do Convenio Urbanístico no procedemento de aprobación do PXOM de Vigo e posterior desistimento.

O Convenio Urbanístico de referencia tramitouse dentro do procedemento de revisión do PXOU-93 de Vigo, tendo a natureza dun convenio de planeamento dos definidos no artigo 234.1.a) da LOUGA, ao pertencer á categoría daqueles que inclúen ou poden ter como consecuencia ou resultado, posibles modificacións do planeamento urbanístico, ben directamente, ben por ser éstas precisas en todo caso para a viabilidade do estipulado.

O fundamento deste tipo de convenios se encontra na súa consideración de instrumentos de acción concertada que, na práctica, poden asegurar unha actuación urbanística eficaz, a consecución dos obxectivos concretos e a execución efectiva de actuacións beneficiosas para o interese xeral, permitindo a participación pública, constituíndo unha manifestación da capacidade das Administracións públicas de celebrar acordos, pactos, convenios ou contratos con persoas tanto de dereito público como privado, prevista, con carácter xenérico, no artigo 88 da LRXAP-PAC. Ademais, de acordo co disposto no artigo 233.2 da LOUGA, a súa negociación, celebración e cumprimento rexerese polos principios de transparencia e publicidade.

Pois ben, recoñecida no artigo 233.4 da LOUGA a súa natureza xurídico-administrativa, a súa tramitación rexerese polo disposto no artigo 237 da LOUGA, que establece:

“1. Una vez negociados y suscritos, los convenios se someterán al trámite de información pública, mediante anuncio publicado en el Diario Oficial de Galicia y en, al menos, uno de los periódicos de mayor difusión en la provincia, por un periodo mínimo de veinte días.

2. Cuando la negociación de un convenio coincida con la tramitación del procedimiento de aprobación del instrumento de planeamiento con el que guarde directa relación, deberá incluirse el texto íntegro del convenio en la documentación sometida a información pública



propia de dicho procedimiento, sustituyendo ésta a la prevista en el número anterior.

3. Tras la información pública, el órgano que hubiera negociado el convenio deberá, a la vista de las alegaciones, elaborar una propuesta de texto definitivo del convenio, de la que se dará vista a la persona o personas que hubieran negociado y suscrito el texto inicial para su aceptación, reparos o, en su caso, renuncia.

4. El texto definitivo de los convenios habrá de ratificarse por el órgano competente, debiendo firmarse dentro de los quince días siguientes a la notificación de la aprobación del texto definitivo por la persona o personas interesadas, privadas o públicas. Transcurrido dicho plazo sin que tal firma haya tenido lugar, se entenderá que renuncian a aquél”.

Do seu carácter xurídico-administrativo advertía tamén a súa estipulación quinta, na que facíase constar que para a súa formalización e perfeccionamento estaríase ao disposto no artigo 237 da LOUGA, tendo en conta que carecerá de efectos, en tanto en canto non sexa aprobado definitivamente polo pleno municipal, e asinado posteriormente e que se unha vez aprobado definitivamente polo pleno, a Propiedade non firmara o Convenio, o Concello resérvase a facultade de modificar as determinacións de planeamento aquí convidadas, en cuxo caso será de aplicación o previsto no parágrafo primeiro da Estipulación Sétima.

Neste senso, debe sinalarse que D<sup>a</sup>. Montserrat Bares Fernández prestou formalmente a súa conformidade ao texto do Convenio Urbanístico sometido a aprobación provisional do Pleno do Concello de Vigo (segunda aprobación provisional do PXOM de Vigo), de acordo co reflectido na dilixencia asinada con data 07.12.2007 polo técnico de admón.xeral., resultando aprobados na sesión plenaria extraordinaria de data 29.12.2007, os convenios de planeamento unidos como Anexo. En consecuencia, o dito Convenio Urbanístico foi remitido á COTOPT aos efectos do artigo 85.5 da LOUGA. Non obstante, non consta que tivera lugar a súa sinatura dentro do prazo previsto no artigo 237.4 da LOUGA.

Publicada a Orde do Conselleiro de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas do 13.07.2009, a Xerente da XMU dirixiu requirimento a D<sup>a</sup>. Montserrat Bares Fernández comunicándolle a aprobación da ordenación da parcela obxecto do Convenio Urbanístico e instando á propiedade para que no prazo de quince días dende a recepción desa comunicación se puxera en contacto coa Administración urbanística para proceder á sinatura do texto definitivo. Significábaselle, ademais, que transcurrido o dito prazo entenderíase que desistía dos seus efectos, podendo a Administración entender producida a renuncia prevista no artigo 237.4 da LOUGA.

As circunstancias polas que o dito texto definitivo tampouco foi asinado nos termos requiridos pola Xerente da XMU no seu escrito de día 04.09.2009, non constan expresadas no expediente, aínda que consta, entre outros antecedentes, que o día 23.07.2010, tivo entrada no Rexistro xeral da XMU (doc. 100100246) escrito de D<sup>a</sup>. Montserrat Bares Fernández solicitando reunión para a firma do Convenio Urbanístico recollido no PXOM; a existencia dun recurso contencioso-administrativo contra a Orde do Conselleiro de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas do 13.07.2009 no relativo ao dito Convenio Urbanístico, cuxa caducidade foi declarada polo TSXG no Auto de día 23.12.2009 (P.O.: 4689/2008), e que os terreos adquiridos libre e gratuítamente polo Concello de Vigo a razón da aprobación definitiva do proxecto de compensación da UA I do PERI II-03 Castro Castriño, como superficies de cesión obrigatoria, non foron postas a disposición da Xunta

de Compensación pola propiedade de orixe (D<sup>a</sup>. Montserrat Bares Fernández) para que puideran ser rematadas as obras de urbanización do ámbito, recibidas polo Concello de Vigo e destinadas aos usos previstos no planeamento.

Neste estado de cousas, o 18.04.2013 o aparelador municipal da Oficina de Licenzas asinou un requirimento dirixido á mercantil "RODRIGO ARBONES BARES, S.L." no que comunica, entre outros puntos, que para poder continuar coa tramitación da licenza de obras debería asinarse previamente o citado Convenio Urbanístico.

Con estes antecedentes, o día 09.07.2013 tivo entrada no Rexistro xeral da XMU (doc. 130080791) un escrito de D<sup>a</sup>. Montserrat Bares Fernández solicitando o sinalamento de día e hora para a firma do aludido Convenio Urbanístico, explicando que a propiedade adquiriría nel, ademais do compromiso de ceder gratuítamente terreos da súa titularidade, o de renunciar á execución da sentenza do TSXG do 26.10.2006, ditada no recurso contencioso-administrativo substanciado no P.O.: 4127/2003 e entendía que a caducidade para instar dita execución xudicial remataría en breve.

En cumprimento do requirimento remitido dende a oficina municipal de licenzas, o día 08.07.2013 tivo entrada no Rexistro xeral da XMU (doc. 130079880) escrito da mercantil "RODRIGO ARBONES BARES, S.L." aportando documentación para a tramitación da licenza solicitada.

Sen embargo, o día 08.10.2013, D<sup>a</sup>. Montserrat Bares Fernandez presentou un escrito no Rexistro xeral da XMU (doc. 130115378) formalizando a súa renuncia a asinar o Convenio Urbanístico e comunicando a certeza de que lle resultaría imposible o cumprimento das súas cláusulas, dado que elo, segundo afirma, obrigaríalle a abandonar a súa vivenda, sen ter outra na que residir, e a afrontar o aboamento da cantidade de 345.652,16 euros da que non dispón (segundo manifesta), renunciado tamén á indemnización que lle fóra recoñecida na sentenza do TSXG do 26.10.2006. Tras da presentación deste escrito de renuncia, a mercantil "RODRIGO ARBONES BARES, S.L." desistiu da tramitación da licenza, arquivándose o procedemento en virtude de Resolución do día 28.11.2013 da Vicepresidenta da XMU.

Pois ben, á vista do disposto no artigo 237 da LOUGA, da incorporación ao PXOM de Vigo das determinacións previstas naquel Convenio Urbanístico e da ausencia dun texto definitivo asinado pola propiedade e o Concello de Vigo, cabe deducir que, se ben recolléronse no PXOM as determinacións contidas nel, o Convenio Urbanístico tívose por non perfeccionado, requisito preciso para o xurdimento da figura do incumprimento contractual (estipulación octava do convenio) e, así pois, a renuncia á sinatura formalizada por D<sup>a</sup>. Montserrat Bares Fernández conleva o expreso desistimento do mesmo (estipulación quinta do convenio e artigo 237.4 da LOUGA).

Sobre a forma e efectos do desistimento e da renuncia, as normas do procedemento común, prevén no artigo 91 da LRXAP-PAC, que poderán facerse por calquera medio que permita a súa constancia, aceptándoa de plano a Administración e declarando concluso o procedemento, agás que persoas terceiros interesados no expediente, instasen estes a súa continuación no prazo de dez días dende que foron notificados do desistimento.

Finalmente, aínda que o artigo 237.4 in fine da LOUGA non establece que a renuncia á sinatura dun Convenio Urbanístico polo transcurso do prazo legalmente previsto, deba ser expresamente acordada ou declarada pola Administración, as singularidades procedimentais do caso e os actos propios da Administración e da propiedade, fan aconsellable a adopción dun acordo expreso en relación co escrito formalizado o día 08.10.2013 (doc. 130115378) por D<sup>a</sup>. Montserrat Bares Fernández, que permita dar por concluído o procedemento seguido para a súa negociación, sinatura e efectos e, a partir do que, podan deducirse as consecuencias xurídicas que procedan, toda vez que a interesada non só ten manifestado a súa intención de non asinar nin cumprir o nel estipulado, senón que ten iniciado actuacións contrarias ás obrigas que asumira no mesmo.

### III. Estudo da ordenación e suspensión de licenzas

As determinacións urbanísticas reflectidas nas estipulacións do Convenio Urbanístico de referencia, incorporáronse ao PXOM de Vigo no Anexo 10 á Ordenanza 16 Castro Castriño. Así, de acordo co dito anexo a presente AOP ten por obxecto acaer a ordenación pola proposta de convenio que se incorpora ao presente PXOM para a súa tramitación conxunta, ao disposto na normativa do plan respecto da ordenanza 16, sendo así que, a parcela sita ao nº. 207 de Tomás A. Alonso incorporouse como un ámbito de solo urbano consolidado con ordenación pormenorizada, cunha tipoloxía edificatoria de edificación illada en bloques abertos e cun uso característico residencial, clase vivenda, categoría 2<sup>a</sup>.

Actualmente, esta ordenación está aprobada e publicada (DOG nº. 144, do 24.07.2009 e BOP nº. 175, do 10.09.2009), sen que se dera cumprimento por parte de D<sup>a</sup>. Montserrat Bares Fernández a ningunha das estipulacións do Convenio Urbanístico que xustificara aquela ordenación.

É por elo, que no relativo á solicitude tamén realizada por D<sup>a</sup>. Montserrat Bares Fernández o día 08.10.2013 no Rexistro xeral da XMU (doc. 130115378), de recuperación da ordenación prevista no PERI II-03 Castro Castriño (esto é, a derivada da execución da ordenación prevista no PXOU-93) para os terreos de referencia, procedería estudar a situación xerada polo renuncia á sinatura do Convenio Urbanístico, de forma que se poda definir a ordenación que mellor satisfaga o interese xeral e evitar situacións de desequilibrio no reparto de beneficios e cargas do planeamento, o que pode abordarse a través dunha modificación puntual do PXOM de Vigo. Polo tanto, sendo o planeamento urbanístico cuestión de interese xeral, corresponderá ao Concello de Vigo, no exercicio das súas facultades planificadoras, outorgar aos terreos de referencia a ordenación que proceda e que mellor satisfaga aquel interese xeral (artigo 94 da LOUGA).

Certamente, de acordo co disposto no artigo 3.1 do TRLS08, a ordenación territorial e a urbanística son funcións públicas non susceptibles de transacción que organizan e definen o uso do territorio e do solo de acordo co interese xeral, determinando as facultades e deberes do dereito de propiedade do solo de acordo ao destino deste. Esta determinación non confire dereito a esixir indemnización, agás nos casos expresamente establecidos polas leis e o exercicio da potestade de ordenación territorial e urbanística deberá ser motivado, con expresión dos intereses xerais a que serve.

A potestade de planeamento esténdese á reforma deste, posto que a natureza regulamentaria dos plans e a necesidade de adaptalos ás esixencias cambiantes da realidade, xustifican plenamente o ius variandi, de forma que o contido do dereito particular de propiedade inmobiliaria será, en cada momento, o que derive da ordenación urbanística, admitíndose a súa modificación sempre que o ius variandi veña determinado pola congruencia das solucións concretas elixidas coas liñas directrices que deseñan o planeamento, o respecto aos estándares legais acollidos no mesmo e a súa adecuación aos datos obxectivos nos que se apoian.

A tal efecto, os órganos competentes para a aprobación inicial dos instrumentos de planeamento urbanístico, poderán acordar a suspensión do procedemento de outorgamento de licenzas de parcelación de terreos, edificación e demolición para áreas o usos determinados, a fin de estudar a súa formación ou reforma, suspensión que se alzarán no prazo máximo dun ano. Se dentro dese prazo tivera lugar a súa aprobación inicial manterase a suspensión nos termos previstos no artigo 77 da LOUGA.

A figura da suspensión é un instrumento finalista que trata de impedir obstáculos que dificulten a execución do planeamento futuro e, polo tanto, funciona como medida cautelar encamiñada a asegurar a súa efectividade, impedindo que se produzan aproveitamentos de solo que, pese a ser conformes coa ordenación en vigor, dificulten a realización efectiva da nova ordenación que se aprrobe.

O ámbito de suspensión de licenzas que se acorde, de ser o caso, corresponderase co descrito no Expoñendo II do Convenio Urbanístico (parcela de 2666,5 m<sup>2</sup> aproximadamente sita no número 207 da rúa Tomás A. Alonso, xunto coa edificación existente e as superficies de cesión referidas nas súas estipulacións) e ordenados no PXOM de Vigo na AOP-10.

#### IV. Órgano competente

É competente para a adopción deste acordo o Pleno do Concello de Vigo en virtude do disposto no artigo 123.1, letra i) da LRBRL, na súa relación cos artigos 235 e 77 da LOUGA, por proposta do Consello da XMU (artigo 10<sup>o</sup>.1 dos Estatutos da XMU).

Polo anterior, propónse a adopción do seguinte ACORDO, “

Deseguido o funcionario informante formula a proposta que se contén na parte dispositiva deste acordo.

O Consello da Xerencia municipal de Urbanismo, en sesión do 7.02.14, emite ditame favorable.

En data 7.02.14 a Xunta de Goberno Local quedou enterada da proposta.

VOTACIÓN: Por unanimidade dos vinte e sete membros presentes da Corporación que a constitúen de dereito e feito, adóptase o seguinte

ACORDO:

PRIMEIRO: Ter por desistida a D<sup>a</sup>. Montserrat Bares Fernández do Convenio Urbanístico de Planeamento para a ordenación da parcela existente en Tomás Alonso nº. 207, no lugar coñecido como Castro Castriño (AOP-10), incorporado no procedemento de aprobación do PXOM de Vigo, dar por concluídas as actuacións seguidas para a súa sinatura e efectos, procedendo o seu arquivo.

SEGUNDO: Iniciar o procedemento para a redacción e informe dunha modificación puntual de planeamento xeral no ámbito definido no dito Convenio Urbanístico e suspender o procedemento de outorgamento de licenzas de parcelación de terreos, edificacións e demolicións no ámbito afectado polo prazo máximo dun ano, a fin de estudar a súa formación ou reforma, de conformidade co disposto no artigo 77.1 da LOUGA e proceder á publicación do presente acordo no DOGA e nun dos periódicos de maior difusión da provincia.

TERCEIRO: Dar traslado do presente acordo á interesada, significándolle que pon fin á vía administrativa e fronte poderá interpoñer potestativamente, recurso de reposición no prazo dun mes ou, alternativamente, recurso contencioso-administrativo ante o órgano xurisdiccional competente, no prazo de dous meses, contado en ambos casos a partir do seguinte a súa notificación, se ben contra o apartado dispositivo segundo unicamente poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses contado dende a súa publicación.

#### **4.- PROPOSICIÓNS MENCIONADAS NO ARTIGO 63 DO REGULAMENTO**

## **DO PLENO.**

### **4.1(25).- PROPOSTA DA ALCALDÍA PARA A INTERPOSICIÓN DUN CONFLICTO EN DEFENSA DA AUTONOMÍA LOCAL CONTRA A LEI 27/2013, DE 27 DE DECEMBRO DE 2013, DE RACIONALIZACIÓN E SOSTIBILIDADE DA ADMINISTRACIÓN LOCAL. EXPTE. 842/1101**

ANTECEDENTES.- Con data 13 de febreiro de 2014, a Alcaldía presentou a seguinte proposta de Conflicto en defensa da autonomía local contra a Lei 27/2013, de 27 de decembro de 2013, de Racionalización e Sostibilidade da Administración Local, co texto que se transcribe deseguido.

#### "PROPOSTA AO PLENO:

PRIMEIRO.- Iniciar a tramitación para a formalización do Conflicto en Defensa da Autonomía Local contra os artigos primeiro e segundo e demais disposicións afectadas da Lei 27/2013, de 27 de decembro de 2013, de Racionalización e Sostibilidade da Administración Local (BOE nº 312 de 30 de decembro de 2013) de acordo ao texto que se achega, segundo o sinalado nos artigos 75 bis e seguintes da Lei Orgánica 2/1979, de 3 de outubro, do Tribunal Constitucional.

SEGUNDO.- A tal efecto, solicitar Ditame do Consello do Estado, conforme ao disposto no artigo 75 ter 3 da Lei Orgánica 2/1979, de 3 de outubro, do Tribunal Constitucional, por conduto do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, a petición da entidade local de maior poboación (artigo 48 Lei 7/1985, de 2 abril, reguladora das Bases de Réxime Local), así como outorgar a dita entidade a delegación necesaria.

TERCEIRO.- Facultar e encomendar ao Alcalde para a realización de tódolos trámites necesarios para levar a cabo os acordos primeiro e segundo e expresamente para o outorgamento de escritura de poder tan amplo e bastante como en dereito se requira a favor da Procuradora D<sup>a</sup>. Virginia Aragón Segura, col. Nº 1040 del Ilustre Colexio de Procuradores de Madrid para que, en nome e representación do Concello de Vigo, de forma solidaria e indistinta, interpoña conflito de defensa da autonomía local contra a lei 27/2013, de 27 de decembro de 2013 (BOE nº 312 de 30 de decembro de 2013), de Racionalización e Sostibilidade da Administración Local seguindo por tódolos seus trámites e instancias ata obter sentenza firme e a súa execución."

Con data 14 de febreiro de 2014, o secretario xeral do Pleno emite o seguinte,

### INFORME

"Asunto: Lei 27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sostibilidade da Administración Local. Proposta da Alcaldía incoando expediente para a interposición dun conflito na defensa da Autonomía Local.

Lexislación aplicable:

- Constitución Española, do 27 de decembro de 1978.
- Lei Orgánica 2/1979, do 3 de outubro, do Tribunal Constitucional.
- Lei Orgánica 3/1980, do 22 de abril, do Consello de Estado.
- Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.
- Carta Europea de Autonomía Local, do 5 de outubro de 1985.
- Lei 27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sostibilidade da Ad. Loc.
- R. D. 1674/1980, do 18 de xullo, que aproba o Reg. Org. do Consello de Estado.

Antecedentes

O Boletín Oficial do Estado do día 30 de decembro de 2013, publicou a Lei 27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sostibilidade da Administración Local, que tivo a súa entrada en vigor ao día seguinte, o 31 de decembro.

É propósito da Alcaldía, segundo consta na proposta de acordo que consta no expediente que o Excmo. Concello de Vigo, ao abeiro do sinalado no Capítulo IV do Título IV da Lei Orgánica 2/1979, do 3 de outubro, do Tribunal Constitucional -en adiante LOTC- presente ante tal Tribunal "*Conflito na defensa da autonomía local*".

Para iniciar a tramitación dos conflitos o artigo 75 ter. 2. da LOTC advirte que resulta necesario o acordo plenario das Corporacións Locais co voto favorable da maioría absoluta do número legal de membros das mesmas.

O artigo 122.5.e).2º da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local -en adiante LBRL- sinala que corresponderá ao secretario xeral do Pleno o asesoramento preceptivo deste órgano cando se trate de asuntos nos que se esixa unha maioría especial (maioría absoluta). Cumprimentando tal mandato legal emítese o seguinte,

### INFORME

l).- A Carta Europea de Autonomía Local, confeccionada en Estrasburgo o 15 de outubro de 1985, foi ratificada polo Reino de España por Instrumento do 20 de xaneiro de 1988 (BOE 24.2.1989), o seu artigo 11, relativo á protección legal da autonomía local, advirte que as entidades locais deben dispoñer dunha vía de recurso xurisdiccional ao fin de asegurar o libre exercicio das súas competencias e

o respecto aos principios de autonomía local consagrados na Constitución ou na lexislación interna.

No noso país, coa orixe nas “Bases para a negociación do Acordo para o desenvolvemento do Goberno Local”, aprobadas polo Goberno o 29 de xullo de 1997, modificouse, entre outras disposicións legais, a LOTC introducindo, nos artigos 75 bis a 75 quinquies, un novo proceso constitucional denominado “*Conflicto na defensa da autonomía local*” que permite a certas entidades locais -as que dispoñen de autonomía garantida pola Constitución (municipios, provincias e illas)- recorrer ás leis estatais e autonómicas que lesionen/vulneren a autonomía municipal constitucionalmente garantida.

Esta substancial modificación operouse mediante a Lei Orgánica 7/1999, do 21 de abril, que, como sinala na súa Exposición de Motivos, perfecciona no noso ordenamento xurídico a previsión do artigo 11 da Carta Europea ao estableceren un novo procedemento que abre unha vía específica na defensa da autonomía local perante o Tribunal Constitucional e que permite a este desenvolver a interpretación da garantía constitucional da tal autonomía no marco da distribución territorial

II).- En canto ás “pretensións do conflito”, é de destacar que este proceso non é propiamente impugnador das leis, senón reivindicativo da autonomía local vulnerada por esas leis, polo que a pretensión procesual típica será a declaración de que a Constitución garante un concreto poder ou autonomía como necesariamente pertencente ao municipio, provincia ou illa, pretensión que pode acompañarse con outras, coma a de que o Tribunal se autocuestione, nun segundo proceso, a validez constitucional da Lei, artigo 75 quinquies.6., ou que se anulen concretas actuacións realizadas ao abeiro da lei lesiva da autonomía local, artigo 75 quinquies.5, trátase, en todo caso, de pretensións complementarias respecto da principal que é declarativa dun poder ou competencia (autonomía) das entidades promotoras do conflito.

III).- Resulta necesario concretar o “canon de axuizamento” neste moi especial proceso constitucional, para iso é definitiva a sentenza do TC 240/2006, do 20 de xullo, ditada na primeira e única ocasión na que o Tribunal tivo ocasión de pronunciarse expresamente nun conflito na defensa da autonomía local interposto pola Cidade de Ceuta contra unha Lei estatal. Con precisión o Tribunal avanza un criterio determinante da admisión de futuros conflitos e advirte que os parámetros do “conflito local” e os do “recurso de inconstitucionalidade” non son coincidentes pois os imperativos derivados do art. 137 CE, por unha banda, e do 149.1.18 CE, por outra, non son coextensos.

En efecto, mentres que o “recurso de inconstitucionalidade” admite o axuizamento de se unha lei infrinxe a Constitución ou -alternativamente- unha lei básica, no “conflito local”, pola súa especial regulación procesual, a Constitución é o único parámetro ou canon de inconstitucionalidade, máxime neste caso cando o que se discute é a constitucionalidade dunha lei estatal que ademais é básica na materia do réxime local pois non se pode esquecer que o que fai Lei



27/2013 é modificar a LBRL, é dicir, o criterio que ata agora o lexislador tiña da institución da autonomía local .

En caso dun "conflito en defensa da autonomía local" o Tribunal Constitucional na súa sentenza debe declarar "se existe ou non vulneración da autonomía local constitucionalmente garantida, determinando, segundo proceda, a titularidade da competencia controvertida", art.75 quinquies.5 LOTC, sen outro canon ou parámetro de conflito, xa se dixo, que a "autonomía local constitucionalmente garantida", autonomía que a Constitución se limita a recoñecer e declarar, "autonomía para a xestión dos seus respectivos intereses", art. 137.

Este é o reducido criterio valorativo con que, no seu caso, o Consello de Estado, no seu análise xurídico previo, e finalmente o Tribunal Constitucional debe contrastar na Lei 27/2013, de Racionalización e Sostibilidade da Administración Local co fin de declarar se existe ou non vulneración da autonomía local. A singularidade deste peculiar proceso constitucional descansa -di a STC 240/2006- no feito de que a Lei Orgánica 7/1999 non contén ningún precepto relativo ao parámetro de control que debe aplicarse no proceso, *"...canon o criterio valorativo que habrá de ser deducido de la doctrina jurisprudencial contenida en las resoluciones en las que este Tribunal ha abordado el alcance de la garantía que la Constitución otorga a la autonomía municipal y provincial (arts. 137, 140, 141, 142 C.E)"*

A reconstrución do parámetro de control a partir da copiosa xurisprudencia constitucional non é tarefa sinxela, tampouco o é defender/protexer a autonomía local en base exclusivamente aos catro preceptos constitucionais citados, en parte abstractos, en parte indeterminados. Agora ben, ningunha destas restricións, ningunha destas limitacións, é obstáculo para confiar na admisión dun eventual "Conflito en defensa da autonomía local" sobre a base dos fundamentos xurídicos que no seu momento se expoñan que en todo caso deberán mencionar a denominada garantía institucional da autonomía local no sentido de que esta *"no asegura un contenido concreto o un ámbito competencial determinado y fijado de una vez por todas, sino la preservación de la institución en términos reconocibles para la imagen que de la misma tiene la conciencia social en cada tiempo y lugar. Dicha garantía es desconocida cuando la institución es limitada de tal modo que se la priva prácticamente de sus posibilidades de existencia real como institución para convertirse en un simple nombre (...). (STC 32/1981 F.J. 3)*

Deberá tamén invocarse, entre outros fundamentos, a propia doutrina do Consello do Estado manifestada no Ditame 567/2013, de 26 de xuño, emitido ao Anteproxecto da mesma Lei de Racionalización e Sostibilidade da Administración Local en onde, entre outras moitas consideracións, maniféstase:

*"(...) En definitiva, a la vista de las consideraciones formuladas, cabe concluir que el régimen de competencias municipales que establece el anteproyecto plantea cuestiones de dos tipos: por un lado ...; por otro, la garantía institucional de la autonomía local consagrada en el artículo 140 de la Constitución puede*

*verse cuestionada como consecuencia del eventual vaciamiento competencial de los Municipios y por el hecho de que sus competencias pasen a una entidad de representación indirecta como es la Diputación Provincial (...)*".

IV).- En canto á "lexitimación dos suxeitos" do conflito, o artigo 75 ter.1. e a Disposicións Adicionais terceira 1. e carta 1. da LOTC lexitima aos municipios, provincias e illas, e tamén Xuntas Xerais e Deputacións Forais dos Territorios Históricos do País Vasco aínda que con lexitimación restrinxida, de modo que un único municipio, unha única provincia ou unha única illa carecen dela, salvo, claro está, sexan destinatarios exclusivos da Lei controvertida.

Cando a Lei afecte a máis dun municipio, esíxese para a interposición do conflito a concorrencia de vontades de polo menos un sétimo dos existentes no ámbito territorial de aplicación que representen, como mínimo, un sexto da poboación oficial dese ámbito, artigo 75.ter.1.b), en suma, é preciso unha pluralidade de entidades locais actoras, un litisconsorcio activo.

A Lei 27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sostibilidade da Administración Local é de aplicación a totalidade do territorio nacional, o número de municipios existentes en España segundo o Rexistro de Entidades Locais existente no Ministerio de Facenda e Administracións Públicas é de 8.126 e a poboación de todos eles, segundo datos do INE a data de 1 de xaneiro de 2013, de 47.129.783 persoas, isto quere dicir que para a proposta do conflito faise necesario o acordo de polo menos 1.161 municipios e que estes deben integrar, tamén polo menos, 7.854.964 habitantes. No caso de que o Pleno do Concello de Vigo acorde iniciar os trámites para a interposición do conflito é conveniente que a certificación que se expida do acordo (que en todo caso mencionará o *quórum* co que ten sido adoptado) se encontre acompañada dun certificado da poboación municipal.

Dado que se trata dun único proceso constitucional, dun só escrito de interposición, dunha única fundamentación e dunha única pretensión nada impide, tal e coma consta na proposta da Alcaldía, que os municipios interesados na defensa constitucional da autonomía local, no uso do estipulado nos artigos 7.1 e 22.2.g) da LBRL (delegación interadministrativa para o exercicio dunha competencia), adopten o acordo de interposición outorgando a súa representación ao Concello de maior poboación, delegando tamén nese Concello a proposta e a formulación do conflito.

V).- O artigo 75. ter. da LOTC refírese á existencia dun "procedemento administrativo previo" á proposta do conflito perante o Tribunal Constitucional que require dun "acordo de inicio de tramitación" adoptado polo Pleno das Corporacións Locais co voto favorable da maioría absoluta legal de membros das mesmas. Pola súa parte o artigo 75.ter.4. advirte que, "cumprido o requisito anterior e de maneira previa á formalización do conflito, deberá solicitarse, con carácter preceptivo pero non vinculante, Ditame do Consello do Estado ...". A solicitude do Ditame ten que ser no prazo dous tres meses seguintes ao día da

publicación da Lei que presuntamente lesiona a autonomía local, sendo no noso caso a data límite o próximo 30 de marzo.

A solicitude de Ditame, de conformidade co sinalado no parágrafo segundo do artigo 48 da LBRL, debe cursarse por conduto do Ministerio de Hacienda y Administraciones Públicas a petición do Alcalde da Entidade Local de maior poboación das que o interpoñan e debe ser emitido pola Comisión Permanente do Consello, artigo 22.19 LOCE <sup>1</sup>, no prazo de dous meses a partires do momento da recepción da solicitude e do expediente completo, artigo 128.1. R.D. 1674/1980.

VI).- Emitido o Ditame, o artigo 75 quarter.2. da LOTC indica que dentro do mes seguinte ao da súa recepción debe realizarse o “proposta do conflito” perante o Tribunal Constitucional.

A exigua regulación procedemental do conflito inclúe un trámite de admisión onde o Tribunal tanto pode admitir a trámite o conflito (mediante Providencia), coma inadmitilo (por Auto motivado). As causas de inadmisión son amplas e tanto teñen que ver con requisitos procesuais como co fondo do asunto “por falta de lexitimación ou outros requisitos esixibles e non subsandables, ou cando estivera notoriamente infundada a controversia suscitada”, di o artigo 75 quinquies. 1. da LOTC. É insubsandable, ao noso xuízo, todo requisito procesual que non se cumpre no momento de admisión a trámite; é subsandable todo requisito procesual cumprido pero non debidamente acreditado/documentado nese momento. Contra o Auto de inadmisión cabe a interposición dun recurso de súplica non suspensivo no prazo máximo de tres días desde a súa notificación, artigo 93.2 LOTC.

Formulado o conflito existe un prazo de vinte días para que os órganos executivos (Consello de Ministros) ou lexislativos (Congreso) comparezan no proceso e, no seu caso, formulen alegacións, artigo 75 quinquies.2., LOTC. Finalmente o artigo 75 quinquies.4. contempla que o Tribunal poida solicitar das partes “cantas informacións, aclaracións ou precisións xulgue necesarias para a súa decisión”. O Tribunal, segundo sinala o último precepto citado, resolverá dentro dos quince días seguintes ao termo do prazo de alegacións ou do que, no seu caso, fixe para as informacións, aclaracións ou precisións antes aludidas, prazo que, dada a carga de traballo do Tribunal, será de imposible materialización.

A sentenza que pon fin ao proceso é peculiar pois esta, a teor do sinalado no artigo 75 quinquies.5., “declarará se existe, ou non, vulneración da autonomía local constitucionalmente garantida, determinando, segundo proceda, a titularidade da competencia controvertida e resolverá, no seu caso, o que procedese sobre as situacións de feito ou de dereito creadas en lesión da autonomía local”. Como xa se ten dito, a declaración de inconstitucionalidade ou nulidade dos preceptos da Lei que se estime lesionan/violentan a autonomía municipal só se producirá nun posible proceso posterior que decida

<sup>1</sup> El Consejo de Estado en Pleno dictaminará en aquellos asuntos que, aunque estuvieran atribuidos a la competencia de la Comisión Permanente, así lo acuerde el Presidente del Consejo. (Art. 25.2 LOCE)

autoplantexarse o propio Tribunal Constitucional conforme determina o artigo 75 quinquies.6. da LOTC. Non obstante debemos entender que, declarado mediante sentenza estimatoria que determinados preceptos da Lei controvertida no conflito vulneran a autonomía local, a eficacia de tal resolución -que ten plenos efectos e vincula aos poderes públicos- posibilitará que o Concello de Vigo, e aqueles outros que participen no litisconsorcio activo, actúen conforme á concreta competencia ou poder que lles poida recoñecer a sentenza desvinculándose do imperio e da forza da lei, producírase, en consecuencia, unha inaplicación de tales preceptos.

## CONCLUSIÓN

O Pleno do Excmo. Concello de Vigo, ao abeiro do sinalado no Capítulo IV do Título IV da Lei Orgánica 2/1979, do 3 de outubro, do Tribunal Constitucional, co voto favorable da maioría absoluta do número legal de membros da Corporación, pode adoptar acordo polo que se inicie a tramitación para a interposición dun *conflito en defensa da autonomía local* contra a Lei 27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sostibilidade da Administración Local delegando no Concello de maior poboación dos adopten acordos similares a súa representación así como a proposta e a formulación do conflitos.

A proposta de acordo da Alcaldía que consta no expediente é conforme a dereito."

A Comisión Informativa de Xestión Municipal, na súa sesión ordinaria de 17 de febreiro de 2014, ditaminou favorablemente dita proposta.

## DEBATE:

SR. LÓPEZ FONT: Estamos, como manifestaba o Alcalde ante unha proposta do Alcalde a este Pleno en base á normativa do Regulamento de Organización e Funcionamento e Réxime Xurídico das Administracións Locais, estamos ante unha proposta para a interposición dun conflito en defensa da autonomía municipal, coa súa correspondente argumentación xurídica no expediente, e dicimos en defensa da autonomía municipal porque efectivamente estamos nun ataque á autonomía local.

A autonomía local debe ser defendida porque foi gravemente atacada por a Lei 27/2013, como se dunha broma se tratase, esta lei denomínase de

Racionalización e Sostibilidade da Administración Local, o título é xusto o contrario ao que realmente se propón nesta lei, que se valeira de contido ás competencias locais, as relativas á Educación, a parte de Servizos Sociais, a Emprego, a Consumo, a Muller, a Igualdade, a escolas infantís, a escolas municipais, é un proceso inverso ao que todos propoñíamos, suponse que tamén o Partido Popular estaba a favor do fortalecemento dos concellos, estaba a favor de que houbera unha lei de financiamento que se axustase ás nosas necesidades e aquí é todo o contrario, porque son os concellos o conxunto de administracións menos endebedadas, son os concellos o conxunto de administracións máis próximos ao problemas dos cidadáns e evidentemente é o conxunto de administracións máis eficaz.

Aquí facémolo todo á inversa, en vez de descentralizar e de evitar duplicidades e buscar a racionalización esta Lei supón xusto o contrario, as competencias van cara arriba, é dicir, afastadas dos cidadáns e os cidadáns saben que as competencias que se xestionan nos concellos non van ser xestionadas da mesma forma eficaz por parte das comunidades autónomas, esta lei dáse nun marco de privatización ao falar do custe efectivo e está dentro das propostas do Partido Popular de avanzar cara a unhas privatizacións das administracións. Todos coincidíamos, ou ao menos iso parecía, en baleirar de contido ás Deputacións antes desta Lei e que casualidade que é esta Lei a que converte as Deputacións no eixo central de toda a reforma, os concellos de menos de 20.000 habitantes quedan como elemento decorativo, non quero frivolar que só quedan para as procesións pero efectivamente seus contidos quedan totalmente baleiros, quedan dependentes da Deputación e ao máis mínimo desequilibrio económico financeiro quedan intervidas polas Deputacións. Iso é incomprendible o que por parte dos Alcaldes/as do Partido Popular non houberan loitado porque esta reforma, esta lei se levase a cabo, pero evidentemente creo que o deberían de ter feito defendendo os dereitos dos seus cidadáns, imaxínome que nisto funciona a obediencia partidista.

Nós imos a loitar en tódolos fronts contra esta lei, nós facemos unha reafirmación da autonomía da administración local, nós defendemos e reivindicamos todas aquelas competencias que foron xestionadas polo concellos

próximas aos cidadáns, e de forma moi eficaz, é neste momento unha Lei de difícil aplicación.

Polo tanto, nun movemento conxunto de moitos concellos en toda España que ven gravemente atacada a súa autonomía en canto á xestión dos concellos, congratulámonos o que cando foi formulada esta proposta de acordo polo Alcalde, obtivera en Comisión Informativa o voto favorable do Bloque Nacionalista Galego, co cal garante a súa aprobación por maioría absoluta neste Pleno, non sabendo o que fará o Partido Popular, pero cremos que tamén debería estar na senda de apoio a esa autonomía da Administración Local tan gravemente vulnerada por esta Lei.

*PRESIDENCIA: De acordo cos voceiros imos facer debate conxunto deste punto no que estamos agora 4.1, máis o punto 6.1 que é a moción urxente do Bloque Nacionalista Galego demandando o inicio dun proceso de reforma constitucional sobre o modelo de organización provincial e local do Estado español.*

SRA. VELOSO RÍOS: Nós dende o Bloque Nacionalista Galego por suposto compartimos o exposto polo Sr. López Font, neste caso no nome do Goberno e co recollido na proposta que fai o Alcalde neste caso para que o Concello de Vigo tamén se sume a esta demanda para que a aplicación da reforma local non se leve por diante ós concellos e á autonomía local que é a administración máis próxima á cidadanía e que ten seguir prestando un servizo á cidadanía e non transformarse, en meros obxectos decorativos en moitas ocasións tal e como recolle esta nova reforma local.

Para nós é importante tamén aproveitar este debate para deixar constancia de que non só se trata dese problema, da eliminación da autonomía local, senón que esta reforma o que fai é reforzar un sistema que dende hai moito tempo, está provocando unha serie de problemas fundamentalmente de duplicidades de administracións de excesivo gasto por parte das administracións, e ademais sen prestar un mellor servizo á cidadanía senón todo o contrario. Esta reforma reforza a unhas administracións como son as Deputacións que son unha das cargas máis terribles que temos a cidadanía porque non só non prestan os servizos como

deberían prestalos, senón que ademais supoñen un custe tremendo para facer simplemente de correa de transmisión do Goberno Estatal sen ter en conta as necesidades e especificidades de cada territorio, é preciso lembrar que a Constitución que agora nos rexe, a do 1978, asumiu un modelo de organización territorial que ven do século XIX, posteriormente creáronse as comunidades autónomas, pero lonxe de corrir o problema que supoñía a disfunción das Deputacións Provinciais, mantivéronse e agora chegamos a esta situación practicamente surrealista na que o único que facemos e sobrecargar de custe, de gasto público, mentres que non melloramos o servizo.

A persistencia deste modelo provincial agora mesmo, que ademais sufrimos unha restrición dos recursos económicos para atender políticas sociais básicas para moitas persoas que agora mesmo están atravesando situacións dramáticas, realmente supón manter estruturas burocráticas que non teñen unha acción importante para a cidadanía, por iso nós ademais de solicitar que se respecte á autonomía local, entendemos que é necesario abordar un proceso máis estratéxico que implique realmente a reforma constitucional do modelo organizativo territorial provincial. Entendemos que esta é a única vía para abordar unha racionalización administrativa coa que realmente se obteña un aforro estrutural de gasto público con carácter improdutivo. Non podemos seguir escoitando que se recorten servizos básicos para a cidadanía porque é preciso facer políticas de austeridade, porque é preciso rebaixar a débeda pública mentres están gastando cartos inutilmente ou polo menos para a cidadanía, con este tipo de organización territorial provincial, e que só modificando este modelo poderemos dotar de maior financiamento aos recursos económicos aos concellos que teñen que ter a función de ser as institucións máis próximas á cidadanía e as auténticas entidades que represente o interese local.

Por iso propoñemos nesta moción, ademais de que se aprobe por unha banda esa proposta para sumarnos á tramitación para a formalización do conflito en defensa da autonomía local, nós queremos engadir a través desta moción un punto que aprobemos neste Concello para demandar o inicio dun proceso de reforma constitucional sobre o modelo de organización provincial e local do Estado español con base nos seguintes criterios: por unha banda as estruturas

territoriais básicas do estado español serán os municipios e as comunidades autónomas e por outra banda, é preciso acometer o proceso de extinción das Deputacións Provinciais de réxime común para dar paso a un novo mapa institucional deseñado a partir da realidade territorial de Galicia baseado na articulación a través de concellos e comarca, esta é a proposta que sometemos tamén a votación neste Pleno.

SR. ÁLVAREZ PÉREZ: Sr. Rodríguez Escudero é un pracer volvelo a velo aquí no Pleno, a súa volta foi unha das mellores noticias nos últimos días, tamén espero que recupere pronto o control das áreas de Comercio e Turismo despois da nefasta xestión que fixeron os dous seus compañeiros de goberno.

Despois de case trinta anos da entrada en vigor da Lei Reguladora das Bases de Réxime Local, e con máis dunha vintena de modificacións do seu texto orixinal, chegou o momento dunha revisión profunda da mesma, e iso é o que fixemos dende o Partido Popular. Un dos obxectivos desta Lei é mellorar o control económico financeiro das administracións locais e a palabra control ponlles dos nervios.

Outro dos obxectivos desta Lei é clarificar o grave problema competencial existente na actualidade, evitando así a concorrencia competencial entre varias administracións e aínda que isto afecta sobre todo a municipios de menos de 50.000 habitantes que non é o caso de Vigo, aí están vostedes como doces ovellas facendo caso a todo o que ven dende Ferraz. Hai dous tipos de competencias as propias e as atribuídas por delegación, as propias só poderán ser determinadas por lei, as atribuídas por delegación só serán validas coa aceptación efectiva do municipio en cuestión, isto parte da Constitución, dos artigos 137 a 139 nos principios xerais, e do 140 ao 142 de ámbito local, esta proposta non da lugar a trámite, a Constitución é moi clara cando di no artigo 140 que a Constitución garante a autonomía dos municipios pero esa autonomía será desenvolvida nunha lei que marca as competencias, as propias e as delegadas, que é a Lei 7/1985, esa si lles vale, a 27/2013 non, que o que fai é mellorar e poñer orde ao que había antes, o que é increíble é a interpretabilidade legislativa que teñen en Ferraz. A vostedes o que lles molesta é ter que cumprir



coa estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira, e ter a obriga de informar e de ter un control indirecto do que fan ou deixan de facer, e iso é o que lles molesta realmente, porque lles gusta ter e vivir nunha república independente fora de toda norma de convivencia e entendemento plural, sobre todo a parte máis importante é a dun control indirecto do que fan ou deixan de facer, e o máis importante o que deixan de facer, así por unha vez igual temos a sorte de que se poñan a traballar e fagan algo pola cidade.

Toda lei é mellorable, por iso nós solicitamos ao Goberno Galego que aborde unha reforma da normativa autonómica que permita desenvolver ese marco e adaptalo á realidade de Galicia e das súas particularidades e especificades, corrixindo aqueles aspectos que consideramos que hai marxe de mellora. Entre as vantaxes desta Lei, clarificar as competencias municipais para evitar duplicidades coas competencias doutras administracións, tremendo, é un problema para vostedes este punto, racionalizar a estrutura organizativa da administración local de acordo cos principios de eficiencia e equilibrio financeiro, tamén lles supón outro problema este punto, garantir un control financeiro e orzamentario máis rigoroso, supónlles outro problema entendémolo. Ademais, esta lei ten aspectos positivos para o municipalismo galego, permite a cesión dos gastos derivados das competencias educativas e sanitarias ás comunidades autónomas, unha reivindicación histórica do municipalismo galego, tamén supón outro problema claro, delimita as competencias das Deputacións Provinciais atribuíndolles principalmente a asistencia aos concellos con menores recursos para a prestación da súa carteira básica de servizos, outro problema que ven vostedes, esquécese dos concellos de 200, 300, 1.000, 1.500 habitantes que hai moitos en Galicia. Pon fin a cofinanciación de competencias autonómicas dende o ámbito local, xa que os servizos que se deleguen aos concellos levan aparelado o 100% do financiamento para ser asumidos, outro problema que lles supón a vostedes. Homoxenéiza os salarios das persoas electas nos municipios en función dos tramos da poboación, outro problema que se regulen os salarios, fomenta as fusións municipais, outro problema, onde hai oportunidades vostedes só ven problemas, fortalece os controles internos, a palabra control séntalles mal, moi mal, o blinda as competencias dos concellos, pero iso non lles interesa para

nada. Isto é do que trata esta Lei, de mellora, de poñer orde, de arranxar unha situación de hai trinta anos.

SRA. VELOSO RÍOS: Cando falan de control hai xente a que lle arrepiña porque do control do que fala non é control de gasto económico é control político. Vostedes o que pretenden é impedir que os concellos teñan autonomía política, que se poida poñer en marcha políticas que sexan distintas das que vostedes marcan dende o Goberno Central, iso é o que a vostedes lles pon os pelos como escarpas, esa é a realidade.

Vostedes o que queren é eliminar a posibilidade de que dende os concellos se apliquen políticas diferentes, se atendan ás necesidades da cidadanía, e falan de aforrar a costa das prestacións dos concellos, aos concellos se lles quita a posibilidade de prestar determinados servizos que pasarían ás Deputacións ou que pasarían ás Comunidades Autónomas que van privatizar eses servizos como están facendo xa, esa é a realidade, ese é o aforro do que falan vostedes.

Vostedes falan de servizos propios e impropios de competencias propias e impropias dos concellos, e dino como se realmente estivésemos falando dunha cuestión meramente burocrática ou de xestión. Vostedes consideran servizos impropios dos concellos os Servizos Sociais, os servizos de Igualdade das mulleres, hoxe que precisamente estivemos escoitando a unha representante do Consello Municipal da Muller falando dos terribles recortes que está sufrindo as políticas de igualdade, vostedes consideran que hai que facer desaparecer os centros de información das mulleres os centros municipais, vostedes consideran que os concellos non poden prestar servizos para a mocidade.

Por certo, máis dunha vez neste Pleno temos escoitado ao Partido Popular pedindo políticas de mocidade neste Concello, pero agora vostedes consideran que son servizos impropios dos concellos, vostedes consideran servizos impropios por suposto, políticas de normalización lingüística, claro é dende Madrid onde hai que elaborar as políticas de normalización lingüística neste país. Consideran que hai que controlar politicamente aos concellos a través das Deputacións, que son os brazos executores das políticas do Goberno Central, iso é o que pretenden vostedes, isto non aforra nada, o que realmente nos aforraría

sería facer desaparecer ás Deputacións, iso realmente aforraría. Vostedes queren aforrar como están facendo dende hai moito tempo a custe de recortar servizos básicos, deixando á xente excluída dos servizos Sanitarios, dos servizos de Educación, dos Servizos Sociais, esa é a súa maneira de aforrar. O problema non é un problema de hai trinta anos, o problema é dunha administración territorial mal feita, con duplicidades, pero o noso gran problema agora son vostedes.

SR. LÓPEZ FONT: Sr. Álvarez, se fose vostede o poñente desta lei habería que darlle un dez, pero como é concelleiro do Concello de Vigo hai que darlle o máis estrepitoso cero despois da súa intervención. Eu non tiña ningunha dúbida de que pretendían vostedes dende o Partido Popular con esta lei, que era o control político a través das Deputacións, como fan en todo, como pretenderon vostedes aquí cunha moción con respecto á FAVEC tamén controlar e o dicían no Pleno pasado, non tiñan ningunha dúbida, pero díxonolo vostede, trátase de controlarlles, de controlarlles e controlarlles. Di que en función deses controles nós temos problemas, ningún Sr. Álvarez, nós a xestión témola absolutamente impecable tal e como se vén demostrando Pleno a Pleno. Sabe quen ten o problema? Vostede equivocouse, o problema téñeno os cidadáns de como xestiona o Goberno Galego as políticas de Muller, Emprego, de Igualdade e as políticas de asistencia e Benestar Social, eses son os que teñen o problema non nós. Os cidadáns ven que competencias que se están executando perfectamente dende a autonomía da administración local, van pasar a ese desastre que é a Xunta de Galicia e a esa administración en contra da cidade de Vigo que é a Deputación Provincial. Pero como non imos estar preocupados e alarmados se algunhas competencias poden pasar á Xunta de Galicia e á Deputación, claro que están preocupados os cidadáns, claro que vostedes o que pretenden é estender un manto sobre tódalas administracións para que quen mande sexa o Goberno Central, esa é a súa pretensión.

Isto ataca á autonomía local, é un conflito que debemos presentar en defensa da autonomía local, e reivindicamos a xestión que se fixo de competencias nesa maraña que vostede pon como propias e impropias.

Lamento non ter máis tempo para contestarlle porque quero referirme ao cuarto

punto que propón o Bloque Nacionalista Galego, nós imos votar a favor deste punto cuarto, estando en desacordo coa parte na que se menciona as estruturas territoriais do Estado. O Partido Socialista presentou un documento sobre reforma constitucional intentando evitar as tensións territoriais, un documento que foi ben recibido e que efectivamente debemos de buscar ese equilibrio territorial. Polo tanto, este debate é máis amplo pero non é menos certo que como nós dende o Partido Socialista nesa concepción federal que temos, fixemos unha proposta de demandar un proceso de reforma constitucional, é en base e ese concepto que vostedes propoñen polo que votamos a favor, estando en desacordo porque cremos que debe ser un debate moito máis amplo as estruturas territoriais competenciais.

**PRESIDENCIA:** Enténdense rexeitadas as emendas presentadas polo Sr. Álvarez. Procedemos á votación en primeiro lugar do punto 4.1.

**VOTACIÓN:** Con catorce votos a favor dos membros do Grupo municipal Socialista, señores e señoras Abelairas Rodríguez, Díaz Vázquez, Fernández Pérez, Lago Rey, López Font, Regades Fernández, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Escudero, Silva Rego e a Presidencia, e máis dos membros do Grupo municipal do BNG, señores e señora Alonso Pérez, Domínguez Olveira e Veloso Ríos, e trece votos en contra dos membros do Grupo municipal Popular señores e señoras Alonso Alonso, Álvarez Pérez, Araújo Pereira, Beiro Diz, Bernárdez de Dios, Cendón Alonso, Egerique Mosquera, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, Iglesias Bueno, Pérez Dávila e Relova Quinteiro, adóptase o seguinte,

**ACORDO:**

Aprobar a proposta do Alcalde de interposición de Conflito en Defensa da Autonomía Local contra a Lei 27/2013, de 27 de decembro de 2013, de Racionalización e Sostibilidade da Administración Local, co texto transcrito nos antecedentes deste acordo.

*Neste intre e en cumprimento de acordo plenario, a Corporación e máis todas as persoas presentes no salón de Plenos, postas en pé, gardan un minuto de silencio en memoria das vítimas da violencia de xénero.*

## **5.- MOCIÓNS:**

### **5.1(26).-MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG REXEITANDO A EXCLUSIÓN DA ATENCIÓN SANITARIA PÚBLICA GRATUÍTA DAS PERSOAS QUE PERMANEZAN MÁIS DE 90 DÍAS FORA DO ESTADO NUN ANO NATURAL OU NON RESIDENTES NO ESTADO ESPAÑOL, RDL 16/2012. EXPTE. 833/1101.**

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 11 de febreiro do 2014, número 833/1101, a voceira do grupo municipal do BNG, Sra. Veloso Rios, formula a seguinte

#### MOCIÓN

“O goberno do PP no Estado está a acometer unha vaga de recortes en dereitos e conquistas sociais sen precedentes. Entre elas, por medio do Real Decreto-Lei 16/2012, eliminou o dereito á atención sanitaria universal, ficando reservado só para quen teña a residencia no Estado español e con iso negándollo a todas as persoas que se trasladan ao estranxeiro, que neste momento son moitas por motivos laborais debido tamén ás nefastas políticas económicas do PP que están a devastar os nosos sectores produtivos e a aniquilar a capacidade de xerar emprego en Galiza. Así, a asistencia sanitaria universal fica recoñecida só para quen resida no Estado, polo que se lle nega dito dereito a todas as persoas se permanecen fóra do Estado español máis de 90 días nun ano natural, mesmo sexan desempregos/as de longa duración, ás que teñan esgotado a prestación ou o subsidio por desemprego.

A política do PP no Estado e na Xunta obriga a mozos e mozas, que padeceron xa o ano pasado máis do 50% de desemprego, a saír do Estado español para atopar

traballo; e preto de 93.000 fogares ten todos os seus membros sen emprego. Agora un novo recorte de dereitos afecta especialmente a Galiza, aos miles de galegos e galegas que se ven obrigados a emigrar: ás persoas desempregadas, especialmente mozos e mozas, que se verán desposuídas do dereito a asistencia sanitaria por obra dos gobernos do PP.

Unha decisión adoptada polo goberno do PP no Estado, de xeito unilateral e sen contar co goberno da Xunta de Galiza, quen semella aceptar calquera medida imposta desde Madrid sen importarlle o carácter lesivo aos dereitos de galegos e galegas.

Por iso, o grupo municipal do BNG, solicita do Pleno da corporación municipal a adopción do seguinte

#### ACORDO

1. Rexeitar a exclusión da atención sanitaria pública gratuita, pola eliminación do dereito á asistencia sanitaria, das persoas que permanezan máis de 90 días fóra do Estado nun ano natural ou non residentes no Estado español, adoptada polo Goberno do Estado no Real Decreto-Lei 16/2012.
2. Instar á Xunta de Galiza a que demande do goberno do Estado a derogación desta medida e traslade o seu rexeitamento.
3. Instar a Xunta de Galiza a que mentres non se proceder a derogar o real decreto-lei asuma e garanta a atención sanitaria dos galegos e galegas que saian fóra do Estado español por un periodo superior aos 90 días, conservando a tarxeta sanitaria en vigor."

A Comisión Informativa de Política Social, Cultura e Deportes, na súa sesión do 17 de febreiro de 2014, ditaminou favorablemente a anterior moción.

#### DEBATE:

SRA. VELOSO RÍOS: O Goberno do Partido Popular no Estado está a acometer unha vaga de recortes en dereitos e conquistas sociais sen precedentes, veñen un tras outro. Entre estes recortes por medio do Real Decreto 16/2012 elimínouse

o dereito á atención sanitario universal, ficando reservado só para quen teña residencia no Estado español e con iso negándollo a tódalas persoas que se trasladan ao estranxeiro, que neste momento son moitas por motivos laborais debido tamén ás nefastas políticas económicas do Partido Popular que están a esnaquizar ós nosos sectores produtivos e aniquilar a capacidade de xerar emprego en Galicia. Así, a asistencia sanitaria universal fica recoñecida só para quen resida no Estado polo que se lle nega o dereito a tódalas persoas se permanecen fora do Estado español máis de 90 días nun ano natural, mesmo sexan desempregadas de longa duración as que teñen esgotada a prestación ou o subsidio por desemprego.

Atopámonos nunha situación agora mesmo nas que as políticas do Partido Popular tanto no Estado como na Xunta de Galicia están obrigando a mozos e mozas que padeceron xa o ano pasado máis do 50% de desemprego, a saír do Estado español para atopar traballo, e preto de 93.000 fogares ten tódolos seus membros sen emprego, agora un novo recortes de dereitos que afecta especialmente a Galicia, ós miles de galegos/as que se ven obrigados a emigrar, ás persoas desempregadas, especialmente mozos e mozas que se verán desposuídos do dereito á asistencia sanitaria por decisión dos Gobernos do Partido Popular. Unha decisión que foi adoptada polo Goberno do Partido Popular no Estado, de xeito unilateral, sen contar co Goberno da Xunta de Galicia que ademais semella aceptar calquera medida imposta dende Madrid sen importarlle o carácter lesivo para os galegos/as. Chove sobre mollado, xa sei que o Partido Popular como xa fixo no Parlamento Galego vai negar que isto sexa así, xa sei que van dicir que estas denuncias é unha interpretación do que está publicado no BOE, pero non, é o que está publicado no BOE, é unha realidade, unha persoa desempregada de longa duración sen subsidio nin prestación que saia a buscar traballo a outro país, que leve máis de 90 días e non atope un posto de traballo ou ben atope un posto de traballo en negro quedará sen prestación sanitaria esa é a realidade.

Como foi a realidade con outro recorte que negaron no seu momento porque dixeron que non se lles retiraba a asistencia sanitaria aos inmigrantes e si se lle retirou en 2012, porque excluiron ós inmigrantes en situación irregular pero

tamén excluían a familiares de estranxeiros que pediron a residencia por reagrupamento familiar que agora son inmigrantes en situación regular pero que non teñen dereito á asistencia sanitaria no noso país, porque a Xunta de Galicia no noso país ordenou embargos a 285 pacientes en 2012, dos que 35 eran persoas de Vigo. Porque xa decidiron que as persoas maiores de 26 anos que non estiveran afiliadas, sen subsidio ou prestación, teñen que declararse sen recursos para conseguir unha tarxeta sanitaria, unha tarxeta sen recursos que é un auténtico calvario de meses de burocracia para conseguila, porque introduciron vostedes, e iso está no BOE e non é interpretable, introducen vostedes o concepto de asegurado que é precisamente a relación directa entre a prestación sanitaria e a persoa que está traballando, a persoa que ten emprego, nun país coas cifras de desemprego que temos, cando ademais o financiamento da sanidade é basicamente a través dos impostos e cada vez pagamos máis impostos porque pagamos vía impostos indirectos todos/as traballemos ou non. Por iso propoñemos o seguinte acordo, rexeitar a exclusión da atención sanitaria pública gratuíta pola eliminación do dereito á asistencia sanitaria das persoas que permanezan máis de 90 días fora do Estado nun ano natural ou non residentes no Estado español. Instar á Xunta de Galicia a que demande do Goberno do Estado a derogación desta medida e traslade o seu rexeitamento, e instar á Xunta de Galicia a que mentres non se procedera a derogar o Real Decreto Lei asuma e garanta a atención sanitaria dos galegos/as que saían fora do Estado español por un período superior aos 90 días conservando a tarxeta sanitaria en vigor.

SRA. SILVA REGO: Imos apoiar esta moción do Bloque Nacionalista Galego porque certamente deixar sen cobertura sanitaria ás españolas/es que permanezan máis de 90 días fora de territorio español, é unha decisión tremendamente inxusta. De feito o Grupo Parlamentario Socialista xa ten presentado unha proposición de lei no Congreso dos Deputados para que se elimine.

O Goberno do Sr. Rajoy, non contento con abandonar a súa sorte os centos de miles de cidadáns do noso país, que teñen que abandonar España fuxindo do desemprego e a pobreza, arrebatánlle tamén os seus dereitos máis básicos,



neste caso o dereito á sanidade, á saúde. Conscientes da crueldade desta norma o Partido Popular aprobou con nocturnidade e aleivosía presentando unha emenda aos Orzamentos Xerais do Estado para o 2014 no Senado, fíxoo pola porta de atrás, incorporando unha disposición adicional ao Texto Refundido da Lei Xeral de Seguridade Social e outra a Lei de cohesión e calidade do sistema nacional de saúde como dicía a voceira do Bloque Nacionalista Galego, que limita a asistencia sanitaria a aqueles españois que saían ao estranxeiro durante máis de 90 días e estean en situación de desemprego, un escándalo.

O Partido Popular ten intentado negar este atraco aos dereitos das españolas e españois que residan máis de 90 días fora de España, aducindo que o que pretendían era impedir que aquelas persoas doutros países que tiñan traballado en España e regresaron ao seu país, puideran cargar a España as súas asistenciais sanitarias fora. Pero o certo é que a redacción das normas modificadas son claras, non hai lugar a interpretación, afecta a todas/os os que están fora de España máis de 90 días, e senón é así que o Partido Popular vote a favor desta moción para que o Goberno de España escriba no BOE que non lles afecta, mentres non estea escrito no BOE afecta, e polo tanto é unha mentira máis do Partido Popular, a Lei é clara aféctalles a todos.

Eu estiven a semana pasada en Bruselas, alí reuníme coa asociacións de emigrantes do noso país, moitos galegos, estaban indignados, contaban que se foran de España buscando emprego, sen ningún tipo de información ou apoio do Goberno do seu país, do goberno de España, que ao chegar aos países da Unión Europea non contaban con ningunha atención das oficinas consulares españolas, que agora estaban recibindo notificacións, como no caso de Bélxica, para abandonaran aquel país, e que no tiñan recibido apoio de España dos seus gobernantes, que si isto fora pouco vivían co temor de perder os seus dereitos como españois. Eles non podían crer que puideran perder o seu dereito á atención sanitaria, non o podían crer.

Reclamaban un trato digno por parte do Goberno Español, dicían que non se foran voluntariamente, que se ían porque en España non atopaban posibilidades de futuro, que de mobilidade exterior nada de nada, que se ían porque os botaban, era sobrecolledor escoitalos. Non se pode permitir que españolas e

españóis, galegos e galegos como nós, teñan que padecer estes ataques aos seus dereitos. Por isto, apoiaremos esta moción a que presentamos unha emenda de engádeda no sentido de instar ao Goberno do Estado a retirar as normas que eliminan o dereito á asistencia sanitaria ás españolas e españois que permanezan máis de 90 días fora de España. Mentres isto non aconteza compartimos, Sra. Veloso, que a Xunta de Galicia ten que garantir que as galegas/os que saían fora non perdan os seus dereitos sanitarios, esta decisión xa a tomaron outras comunidades autónomas, Andalucía e Asturias, o Sr. Feijóo non pode seguir mirando para outro lado cando o Goberno de España nos ataca tan profundamente, ten que saír e dicir claro non vai consentir que os galegos/as sen queden se dereitos sanitarios, é un auténtico escándalo.

SRA. CENDÓN ALONSO: Eu teño que darlle tamén a benvinda ao Sr. Rodríguez Escudero, seguramente eu son a que máis alegría teño de velo aquí por moitos motivos que algún deles direillos en privado.

Efectivamente Sra. Veloso, como ben dicía este é un tema que xa está debatido no Parlamento Galego, en Pleno e en dúas Comisións, a primeira e a quinta, tamén se elevou ao Parlamento do Estado, penso que non vai ter ningunha transcendencia o que vaimos a votar aquí, pero si gustaríame aproveitar este tempo para ver si podó clarexar un par de conceptos.

Vostede cando fala de saír ao estranxeiro quero pensar que se refire a Europa porque non é exactamente igual viaxar a Europa que ao resto do mundo, como sabemos no resto do mundo non temos cobertura, a Estados Unidos, a Singapur, a Asia, sábeo todo o mundo por iso se subscriben seguros de viaxe, non hai cobertura, de sempre foi así, a non ser que haia convenios bilaterais. Entón entendo que se refíre vostede ao espacio europeo, a Europa, si se refire a isto a Directiva europea do 2004 establece as condicións nas que se teñen que producir os movementos entre os cidadáns comunitarios. Entre estas condicións di: inscribirse no rexistro central de estranxeiros, o exercicio dunha actividade económica, dispor de recursos económicos e seguro de enfermidade. Para o caso dos españois este seguro de enfermidade quen o acredita é o Instituto Nacional da Seguridade Social, non os servizos de saúde das comunidades autónomas, é o

INSS, e este garante esta asistencia para traballadores por conta propia e conta allea para pensionistas, para perceptores doutras prestacións como a de desemprego e nas persoas que perden ou esgotan o subsidio de desemprego o que o INSS pide é residir en España. A propia Directiva europea fala sempre dos tres meses, entón o INSS garante para os desempregados con residencia en España o dereito á asistencia sanitaria, aquí ou cando saen durante estes tres meses. Pero esta garantía tamén lla dá aos estranxeiros que veñen a traballar a España, entón que estaba a pasar? Que os estranxeiros que viñan cun contrato a España cando remataba o contrato e perdían o subsidio de emprego tempo despois, quedaban co dereito á asistencia sanitaria. Estes traballadores regresaban aos seu país e mantiñan coa nosa tarxeta sanitaria a asistencia no seu país e facturaba ese país a España, algo tremendamente inxusto.

Voulle por un exemplo que é alarmante, para a recollida da fresa en Huelva viñan centos de traballadores de países do este en autobuses e aquí eran asegurados e tiñan dereito á asistencia sanitaria e despois non regresaban ao seu país, ían a Francia a vendima, e en Francia seguían a recibir a asistencia sanitaria que Francia facturaba a España, e despois de pasar por Francia ían ou a Alemaña ou ao seu país, e seguían a recibir asistencia sanitaria con custo a España, cando era o seu país o que a tiña que pagar.

Esta Lei o único que pretende é evitar esta situación, que ocorre cos españois e cos galegos que viaxan? Se van por un tempo curto, hai diferenza entre viaxar e residir, van coa tarxeta europea ou o certificado provisional substitutorio, como sempre, porque este certificado só o emite o INSS por tres meses; se vai a un país que non é comunitario non ten cobertura, se vai a Estados Unidos non ten cobertura ou os países que antes lle enumerei, todos os do mundo menos a Comunidade Económica, a non ser que vaia a un país que teña subscrito un convenio bilateral como poder ser Arxentina, Venezuela ou Brasil que aí ten que levar o formulario do Convenio. Isto sábeo todo o mundo que viaxa temporalmente. Cal é a situación dos que van a residir a Europa? Se van como estudantes teñen a tarxeta europea para a cobertura e o seguro escolar, se van a traballar en canto teñen un contrato a cobertura corre a cargo do país que o contrata, como aquí, coa excepción dos que van con empresas españolas que

entón teñen a cobertura provisional.

SRA. VELOSO RÍOS: Como estiveron facendo ata agora, o Partido Popular ponnos exemplos da enorme cantidade de xente que non cuantificaron aínda nin en número de persoas nin en cartos que se dedican a estafar ao Goberno Español facendo cousas terroríficas, porque non son persoas sequera que poden precisar da asistencia sanitaria, non iso non é nunca un criterio para tomar as decisións por parte do Partido Popular. Aquí collemos a xestión e buscamos de onde recortar gastos, de onde quitar recursos para dedicarlle os cartos a outras cousas, por exemplo a darlles cartos aos bancos, pero nunca pensamos en que persoas estamos deixando sen asistencia sanitaria, non pensamos en que, Sra. Cendón, hai unha diferenza moi grande entre residir e viaxar e hai unha diferenza moi grande entre viaxar e emigrar. Neste país hai miles de persoas de mozos/as que non viaxan, emigran, marchan do noso país porque aquí non teñen futuro e non teñen nin presente, temos mozos e mozas, os mellores formados da historia que se marchan a buscar traballo fora de Galicia, temos persoas que levan anos no desemprego que marchan buscar traballo fora de Galicia, e esas persoas que xa non teñen un subsidio de desemprego marchan a buscar traballo como poden, como ben dicía a Sra. Silva sen ningún tipo de axuda de ninguén, non os axudan a quedarse aquí, moito menos os axudan cando marchan. Cando marchan atópanse con que se quedan sen asistencia sanitaria, que non teñen traballo nin teñen asistencia sanitaria, e vostedes desenténdense absolutamente. Igual que se desentenden das persoas maiores de 26 anos que non estiveron afiliados á Seguridade Social, igual que se desentenderon nun tempo no que as persoas desempregadas lles retiraron a tarxeta sanitaria, algo que negaron ata que lles devolveron as tarxetas sanitarias porque vostedes resulta que corrixen cousas que non fixeron nunca. Pero a realidade é que vostedes cargáronse a asistencia sanitaria universal, cada día exclúen a máis persoas, a persoas de asistencia sanitaria que é un servizo básico e que ademais depende a vida das persoas. Moitas persoas no noso país que veñen de fora non van aos servizos médicos e poñen en risco a súa vida, e moitas persoas de noso país que teñen que marchar fora atópanse na mesma situación, vostedes poñen en perigo a vida

das persoas, e limítanse a falar de que se interpretamos dunha maneira ou outra o BOE, no BOE pon o que pon, e vostedes están deixando sen asistencia sanitaria ás persoas que botan máis de 90 días fora do noso país, esa é realidade, corríxano.

Aceptamos a emenda do Partido Socialista e corríxan esta situación.

No transcurso do debate, a concelleira do grupo municipal Socialista, Sra. Silva Rego, presenta a seguinte emenda de engádeda,

Proponse engadir o seguinte texto:

2.- Instar ao Goberno do Estado a retirar as normas que eliminan o dereito á asistencia sanitaria ás españolas e españois que permanezan máis de 90 días fora de España.

*Ao seren aceptada a anterior emenda pola relatora da moción, Sra. Veloso Rios, a Presidencia somete a votación a anterior emenda.*

VOTACIÓN DA EMENDA: Con catorce votos a favor dos membros do Grupo municipal Socialista, señores e señoras Abelairas Rodríguez, Díaz Vázquez, Fernández Pérez, Lago Rey, López Font, Regades Fernández, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Escudero, Silva Rego e a Presidencia, e máis dos membros do Grupo municipal do BNG, señores e señora Alonso Pérez, Domínguez Olveira e Veloso Ríos, e trece votos en contra dos membros do Grupo municipal Popular señores e señoras Alonso Alonso, Álvarez Pérez, Araújo Pereira, Beiro Diz, Bernárdez de Dios, Cendón Alonso, Egerique Mosquera, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, Iglesias Bueno, Pérez Dávila e Relova Quintero, aprobase a emenda de engádeda.

VOTACIÓN DA MOCIÓN: Con catorce votos a favor dos membros do Grupo municipal Socialista, señores e señoras Abelairas Rodríguez, Díaz Vázquez, Fernández Pérez, Lago Rey, López Font, Regades Fernández, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Escudero, Silva Rego e a Presidencia, e máis dos

membros do Grupo municipal do BNG, señores e señora Alonso Pérez, Domínguez Olveira e Veloso Ríos, e trece votos en contra dos membros do Grupo municipal Popular señores e señoras Alonso Alonso, Álvarez Pérez, Araújo Pereira, Beiro Diz, Bernárdez de Dios, Cendón Alonso, Egerique Mosquera, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, Iglesias Bueno, Pérez Dávila e Relova Quinteiro, adóptase o seguinte,

ACORDO:

Aprobar a moción presentada pola voceira do grupo municipal do BNG, Sra. Veloso Rios, engadindo o punto da emenda presentada pola concelleira do grupo municipal Socialista, resultando o seguinte texto:

- 1.- Rexeitar a exclusión da atención sanitaria pública gratuita, pola eliminación do dereito á asistencia sanitaria, das persoas que permanezan máis de 90 días fóra do Estado nun ano natural ou non residentes no Estado español, adoptada polo Goberno do Estado no Real Decreto-Lei 16/2012.
- 2.- Instar á Xunta de Galiza a que demande do goberno do Estado a derogación desta medida e traslade o seu rexeitamento.
- 3.- Instar a Xunta de Galiza a que mentres non se proceder a derogar o real decreto-lei asuma e garanta a atención sanitaria dos galegos e galegas que saian fóra do Estado español por un periodo superior aos 90 días, conservando a tarxeta sanitaria en vigor.
- 4.- Instar ao Goberno do Estado a retirar as normas que eliminan o dereito á asistencia sanitaria ás españolas e españois que permanezan máis de 90 días fora de España.

**5.2(27).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA, INSTANDO Á CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN DA XUNTA DE GALICIA A AMPLIACIÓN DO CONSERVATORIO DE GRAO MEDIO DE MÚSICA. EXPTE. 825/1101.**

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 17 de

xaneiro do 2014, número 825/1101, o concelleiro do grupo municipal Socialista, Sr. Rodríguez Díaz, formula a seguinte

### MOCIÓN

“O Conservatorio de Grao Medio de Música ven de cumprir no presente curso académico o seu décimo aniversario. Neste período, co traballo entusiasta e a implicación do profesorado e o interese e sacrificio do alumnado o centro ten acadado un alto grado de calidade musical que se ten traducido en ser un dos centros galegos que máis músicos aportan a orquestras de xoves como a Sinfónica ou a Real Filharmonía. Ademais, alumnado que empezou a súa andaina formativa neste centro integran na actualidade afamadas orquestras estranxeiras, ou que se teña logrado a posta en práctica dun premio apadriñado por David Russell que, ano a ano, consegue aumentar a súa reputación. Así mesmo, o centro conta con dúas orquestras e dúas bandas que nalgún caso teñen acadado o Premio Nacional Acordes.

O Conservatorio, doutra banda, ten contribuído a ampliar o interese pola música na cidade de Vigo e a súa zona de influencia. Proba palpable disto é o aumento da demanda do alumando que nos dous últimos cursos académicos se ten producido e que o centro, a pesar do esforzo do equipo docente e o equipo directivo, non pode absorber. O centro ó principio deste curso non puido atender 120 solicitudes de futuros alumnos potenciais, a pesar de ter aumentada a súa oferta en 42 prazas. É significativo que tendo priorizado a escolarización do alumnado que rematado o grao elemental (4 cursos) quería continuar os seus estudos no grao profesional (6 cursos), foi imposible atender todas as peticións, quedando 13 persoas sen praza.

É por isto que propoñemos ao Pleno da Corporación o seguinte:

### ACORDO

– Instar á Consellería de Educación da Xunta de Galicia a ampliación deste centro para poder atender a demanda de alumnado existente así como, de maneira transitoria mentres as obras de ampliación necesarias non se executen, se cree no curso 2014-2015 na nosa cidade una extensión do Conservatorio Profesional, que debería situarse nalgún dos centros educativos públicos da cidade en horario vespertino non coincidente co do centro elixido.”

A Comisión Informativa de Economía, Facenda, Patrimonio e Educación, na súa sesión do 20 de xaneiro de 2014, ditaminou favorablemente a anterior moción.

DEBATE:

SR. RODRÍGUEZ DÍAZ: Hoxe traemos unha moción referida ao Conservatorio de grao medio de Música que ven de cumprir nestas datas, neste presente curso académico o seu décimo aniversario. Nese período, co traballo entusiasta e a implicación do profesorado e o interese e sacrificio do alumnado, o centro ten acadado un alta grao de calidade musical que se ten traducido en ser un dos centros galegos que máis músicos aportan á orquestras de xoves como a sinfónica ou a Real Filharmónica. Ademais o alumnado que empezou a súa andaina formativa neste centro, integran na actualidade as afamadas orquestras estranxeiras ou que se teña logrado a posta en práctica dun premio apadriñado polo recoñecido guitarrista o Sr. David Rosel, que ano a ano consegue aumentar a súa reputación. Así mesmo, o centro conta con dúas orquestras e dúas bandas que teñen acadado o premio nacional de Acordes.

Doutra banda o Conservatorio, ten contribuído a ampliar o interese pola música na nosa cidade, na cidade de Vigo, e tamén na súa zona de influencia. Proba palpable disto é o aumento da demanda do alumnado que nos dous últimos cursos académicos se ten producido e que o centro, a pesares do esforzo do equipo docente o do equipo directivo, non pode absorber.

O centro ao comezo deste curso non puido atender a 120 solicitudes de futuros alumnos potenciais, a pesares de ter aumentada a súa oferta en 42 prazas, é significativo que tendo priorizado a escolarización do alumnado que rematada o grao elemental que son catro cursos, queira continuar os seus estudos no grao profesional, que son seis cursos, foi imposible atender todas estas peticións quedando trece persoas sen praza. Esta petición faise tendo en conta o Real Decreto 223/2010, do 31 de decembro, polo que se establece o Regulamento orgánico dos conservatorios elementais e profesionais de música e de danza da comunidade autónoma de Galicia. Polo tanto, reiterar que debido ao incremento do alumnado no Conservatorio Profesional de Vigo nos dous últimos anos, compre ter en conta a dita disposición adicional terceira para crear unha sección de grao elemental das ensinanzas de música aparelada a dito centro. As propostas, a resolución que propoñemos nesta moción son unhas propostas de crecemento que pasan por desconxestionar algunhas especialidades do grao



elemental para deste xeito dar máis cabida, tanto no mesmo grao como no grao profesional.

Compre ter en conta que en termos da operatividade sería o máis aconsellable derivar especialidades de alto impacto e que non supoñan un alto investimento, tanto en recursos humanos como en infraestruturas, aquí estamos a falar dun número de alumnas/os que habería que incrementar entre 80 e 100 o que suporía ao redor dun 15% do alumnado co que conta o Conservatorio Profesional de Vigo nestes intres, habería que reforzar os recursos humanos con mestres, dicir aquí que o noso Conservatorio ten 67 mestres para 650 alumnos, o de Pontevedra con 100 alumnos menos ten 64 mestres polo tanto, habería que reforzar para estes alumnos como mínimo con cinco profesores e tamén recursos materiais que poderían ser, no propio centro educativo a ampliación ou tamén material de aula.

Polo tanto, a moción pretende instar á Consellería de Educación da Xunta de Galicia a ampliación deste Centro para poder atender á demanda do alumnado existente, así como de maneira transitoria mentres as obras da ampliación necesaria non se executen, se cren no curso 2014-2015 na nosa cidade, unha extensión do Conservatorio Profesional que debería situarse nalgún dos centros educativos públicos da cidade en horario vespertino non coincidente co centro elixido.

SR. DOMÍNGUEZ OLVEIRA: Eu creo que argumentación desta moción é clara, nós imos apoiala, non podía ser doutro xeito, xa que a verdade é que nos tempos que corren e cando estamos asistindo un e outro día aos sistemáticos recortes no eido do ensino público por parte do Partido Popular, o conservatorio do que se fala na moción é un claro exemplo de como cando se aposta por un ensino público de calidade, cando realmente se aposta por un ensino gratuíto e universal da os seus froitos. Hai que esquecer dunha vez a ideoloxía do Partido Popular que trata sempre de antepoñer o privado e cualificalo como privado de calidade e o público como de menos calidade, isto foi sempre así e así fano coas súas políticas de subvencionar e incrementar as subvencións cada vez máis ás entidades de ensino privadas e recortar cada vez máis o ensino público. Este é

un exemplo de cando se aposta por un ensino de calidade dá os seus froitos.

Hai que lembrar tamén, que moito ten costado a implantación deste Conservatorio na nosa cidade, mobilizacións cidadáns abandeiradas por FOAMPAS, por alumnos/as, por profesionais, por moitos sectores involucrados, conseguiron e deron como resultado a implantación nesta cidade deste conservatorio.

Esa implantación da que estamos orgullosos polo que ben dicía o concelleiro do Partido Socialista porque deste conservatorio estamos orgullosos do seu grao de formación, da súa calidade e do sistema que aí se implanta.

Polo tanto, cremos dende o Bloque Nacionalista Galego que este é un bo momento para a súa ampliación, para que se lle dea oportunidades a tódolos nenos/as desta cidade, mozos/as para que se lle dea a oportunidade que podan acceder a estes estudos musicais en igualdade de oportunidades con aqueles mozos/as onde seus pais podan permitirse pagar 200 ou 250 euros mensuais por un conservatorio privado. Isto é o que ten que garantir unha administración, que aqueles nenos/as, mozos/as cuxos pais non teñan eses recursos ou non queiran optar por un ensino privado poidan ter a garantía de acceder ao sistema público. Agardamos a ver si o Partido Popular se suma tamén a esta iniciativa e por unha vez se poñan do lado destes pais e nais, destes profesores/as que reclaman, que saen a rúa e que reclaman día si e día tamén un gran clamor, e que se aposte polo público, pola calidade e sobre todo pola igualdade de oportunidades para todos e para todas/os.

SRA. RELOVA QUINTEIRO: Eu tamén súpome á benvinda do meu compañeiro o Sr. Álvarez ao Sr. Rodríguez Escudero e ademais alégrome moito pola súa familia, por vostede, polos seus compañeiros e polos seus pacientes, alégrome de corazón, e de velo tan ben.

Vou comezar cunha frase de Don Quixote que dicía que “onde músico viere cousa mala non existiere”.

Esta moción é un auténtico homenaxe precisamente a pais e nais que hoxe está aquí presentes e moitos deles son pais e nais periodistas e dese gran alumnado que tivemos historicamente, pero Sr. Domínguez, equivocouse non mirou a

hemeroteca e voulle lembrar e recoñecer a súa gran labor en todo este proceso e do seu partido. Dáme moita pena, porque esta moción que presenta o Grupo Municipal do Partido Socialista invita, se mo permiten, a facer unha profunda reflexión e invita a lembrar o que xa forma parte primeiro da memoria viva desta cidade e segundo, da exemplar modélica actitude dos políticos e da cidadanía cando deben comprometerse todos nos logros pola educación e pola cultura.

En 1995, propoñíase en todo o estado español a posible desaparición dos conservatorios superiores e só se mantiña un por comunidade, nese momento arranca unha pugna, unha loita polo noso conservatorio que corría o perigo de desaparecer de Vigo sendo esta cidade a primeira potencia galega en educación musical, e a auténtica canteira de músicos que foron ocupando postos de traballo tanto en escolas como en institutos e incluso prestixiosas orquestras de recoñecida fama internacional. Non só iso, foi o núcleo onde se formaron grandes músicos de música folk e tradición popular, sen esquecer a formación de investigación e de xestores da produción cultural. Seguimos formando aos grandes músicos que ocupan atrás e batutas nas mellores bandas de música de Galicia e tamén no Estado español.

Como dicía en 1995 e ante a posible desaparición do Conservatorio Superior, comezou unha gran loita por lograr convencer ás institucións con responsabilidades educativas para que se mantivese vivo este centro de ensinanza superior. Sendo alcalde de Vigo o Sr. Manuel Pérez, alcalde que pertencía ao Partido Popular e a súa concelleira de educación a Sra. Maite Fernández, apoiaron xunto co gran movemento de nais e pais do Conservatorio, sumando esforzos alumnado e profesorado, un movemento exemplar ante unha situación de extrema gravidade. O Sr. Manuel Pérez e a Sra. Maite Fernández cederon terreos para a construción dun conservatorio de grao profesional, posto que era condición indispensable que se separasen os graos elemental e medio do grao superior. Non só iso, o Sr. Manuel Pérez e a súa concelleira dotaron de orzamento municipal para a construción do novo conservatorio, mentres por outra banda, a Universidade de Vigo lanzaba a súa propia ofensiva ofrendo terreos para a construción dun conservatorio superior no actual CUVI, o Reitor era o Sr. Domingo Docampo. Pero tamén os escritores a Sra. María José Queizán e o

Sr. Manuel Rivas leron publicamente un manifesto en defensa dos conservatorios superiores, e outro logro, empeño persoal dunha concelleira do Partido Popular a Sra. Maite Fernández, o Concello creou a Escola Municipal de Música, unha vez que o Sr. Lois Pérez Castrillo chega á Alcaldía e coa súa concelleira a Sra. Ana Gandón, cámbianse os terreos para os actuais detrás da Igrexa de San Antonio da Florida, e non só iso, asínase o Convenio de Colaboración entre o Sr. Lois Pérez Castrillo e o conselleiro de Educación o Sr. Celso Currás, do Partido Popular.

O Concello cede os terreos o Concello de Vigo, fíxense ben, dos tres millóns de euros que custa a obra pon 2.500.000 euros, a así o 21 de abril inaugúrase o novo conservatorio e leo a prensa para ser obxectivo daquel día que se facía eco do feito histórico desta inauguración, “respaldo de Don Manuel Fraga na inauguración do Conservatorio” aquel 21 de abril. Decía o Sr. Fraga “estamos ante a feliz circunstancia de que Vigo dispoña a partires de hoxe de dous conservatorios de música dependentes da administración educativa e contou coa propia colaboración económica do proio Concello desta cidade, achegas que lle queremos agradecer ao seu Alcalde que nos acompaña. Polas ensinanzas que se impartan neste centro vaise beneficiar Vigo e a súa comarca”. Estas palabras amables do Presidente da Xunta de Galicia foron precedidas polo Sr. Lois Pérez Castrillo que declaraba ao iniciar o acto “plenamente satisfeito, como poucas veces lle ocorre a un Alcalde de Vigo”, segundo sinalou, “para chegar aquí foi necesaria unha confluencia de moitas vontades xunto co empeño da asociación de pais e de profesores”. A mala noticia é que o Partido Socialista no apareceu dende 1981.

SR. RODRÍGUEZ DÍAZ: O Sr. Relova case se remonta á desamortización. Sr. Relova, unha nova que tamén recollían os medios de comunicación, onde os propios profesionais do Conservatorio manifestan que o incremento de alumnado chegaron ao seu límite da súa capacidade e o que aquí o Partido Socialista propoñía era instar á Consellería de Educación, que vostede non contestou se está de acordo en instar á Consellería de Educación a solicitar a ampliación deste Centro e mentres buscar algúns recursos que poidamos ter cercanos para que poidan impartir.

O que o Grupo Municipal Socialista recolle aquí non é máis que a demanda duns extraordinarios profesionais que están neste Conservatorio e dos seus alumnos/as, a miña intervención foi nese senso, eu non lle quería falar dos recortes do 80% que fai a Xunta de Galicia en tódalas escolas de música, non lle quero falar diso, nin lle quero falar dos 400 millóns de euros que en cinco anos leva recortado o Partido Popular en todo tipo de ensinanzas na nosa Comunidade Autónoma. Eu do que lle quería falar é que se atenda a petición duns profesionais que están facendo moi por enriba da súa capacidade do seu traballo, dende aquí os Socialistas os queremos felicitar e tamén o aproveitamento que fan alumnos/as das súas ensinanzas que están tendo repercusión nas mellores orquestras e bandas tanto nacionais como no estranxeiro.

Ademais Sr. Relova, escolas municipais como a de Vigo que o Alcalde se preocupa de que non incrementen o prezo para os seus alumnos cun financiamento sen recortes ano a ano, e vemos como veñen doutros concellos alumnos/as de escolas de música ao noso conservatorio a recibir as clases aquí, ao noso conservatorio; unha, pola súa alta calidade, os máis, e outros por incremento das taxas nos seus propios concellos, porque reitero a xunta retirou o 80% do apoio económico para estas escolas de música.

Polo tanto, nós pedímoslle que voten a favor desta ampliación e xusto os Socialistas hoxe o que fixemos aquí é recoller as peticións que fan, creo que modestas, os profesores e a dirección do Conservatorio e polo tanto, poñer voz tamén neste Pleno.

Pedirlles que voten a favor.

**VOTACIÓN:** Por unanimidade dos vinte e sete membros presentes da Corporación que a constitúen de dereito e feito, adóptase o seguinte,

**ACORDO:**

Aprobar a Moción presentada polo concelleiro do grupo municipal Socialista, Sr. Rodríguez Díaz, instando á Consellería de Educación a ampliación do Conservatorio de Grao Medio de Música, co texto transcrito nos antecedentes

deste acordo.

**5.3(28).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA, INSTANDO Á XUNTA DE GALICIA A REALIZAR AS MODIFICACIÓNS ORZAMENTARIAS NECESARIAS PARA QUE O CONSORCIO DO CASCO VELLO DE VIGO PODA INVESTIR O ANUNCIADO POLA DELEGADA DA XUNTA DE GALICIA. EXPTE. 843/1101.**

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 13 de febreiro do 2014, número 843/1101, a concelleira do grupo municipal Socialista, Sra. Silva Rego, formula a seguinte

MOCIÓN

Grandilocuentes palabras do Conselleiro de Medio, Territorio e Infraestruturas, Agustín Hernández ao anunciar que a Xunta destinará 4 millóns de euros (90%) e o Concello de Vigo o 10% restante (400.000 euros) na rehabilitación da fachada do Berbés. Apela ao «importante esforzo investidor» do goberno autonómico e o seu «compromiso coa cidade», ao tempo que engadiu que «cando as administracións traballan en conxunto —en clara referencia ao Concello—, o beneficio repercute directamente no cidadán».

Dende o Grupo Socialista denunciámos a inexistencia dos 4 millóns previstos para o Casco Vello como unha estratexia de publicidade e propaganda realizada dende a Xunta xa que non existe no Informe Económico e Financeiro dos Orzamentos que foron aprobados pola Cámara galega.

Da análise orzamentaria para o ano 2014, despréndese que o Consorcio conta cunha cantidade asignada para gasto corrente de 458.000 euros así como un investimento real de "cero euros" que aparece reflectida "de xeito explícito" no documento.

É por isto que propoñemos ao Pleno da Corporación o seguinte

ACORDO

-Instar á Xunta de Galicia a que realice as modificacións orzamentarias pertinentes neste ano 2014 para que o Consorcio do Casco Vello de Vigo poda investir os catro millóns de euros anunciados pola delegada do Goberno galego."

A Comisión Informativa de Economía, Facenda, Patrimonio e Educación, na súa sesión do 20 de xaneiro de 2014, ditaminou favorablemente a anterior moción.

#### DEBATE:

SRA. SILVA REGO: Eu tamén vou ter que facer un pouco de historia para que se entenda o porque desta moción, así que hoxe estamos históricos.

No ano 2005 constitúese o Consorcio do Casco Vello formando parte o Concello de Vigo, Zona Franca e a Xunta de Galicia gobernada polo Sr. Fraga. Gobernando o Bipartito, Zona Franca propón abandonar o Consorcio, o Goberno da Xunta de Galicia acéptao e asume a inversión que tiña feita Zona Franca. Dende aquel momento non hai ningunha achega económica máis ao Consorcio, a Xunta de Galicia gobernada polo Sr. Feijóo non fixo ningunha achega económica ao Consorcio que segue investindo cos beneficios obtidos da venda dos seus inmobles.

O 2 de abril de 2012, quen lles fala, solicitou que o Consorcio estudase a posibilidade de ampliar a súa actuación á Ribeira do Berbés e propúxose a elaboración dun plan de actuación específico para rehabilitar os inmobles desa zona.

O 26 de abril dese mesmo ano, en sesión extraordinaria a Sra. Presidenta, María Xosé Bravo Bosch, toma a palabra para comunicar que mantido os contactos con colectivos veciñais do Casco Vello, parécelles correcta a intervención do Consorcio na fachada da Ribeira do Berbés sempre cando se rematen as actuacións na zona alta do Casco Vello. Nesa xuntanza propoñemos de novo, que canto antes debería ser presentado ante o Consello un plan de actuación. Pasados sete meses sen que se presentara o plan solicitado, na sesión do 15 de novembro de 2012, o Sr. Regades intervén para solicitar que se presente o plan de actuación pedido en anteriores sesións. A Sra. Presidenta toma a palabra para sinalar que a primeira intención que teñen é liquidar as actuacións en marcha e estudar, se é posible, para as anualidades 2013 e 2014 estender a actuación do

Consortio a outros ámbitos do Casco Vello. Na seguinte sesión do 20 de decembro de 2012, 2 de xaneiro, 6 e 28 de febreiro de 2013 non se leva o plan de actuación por parte da Sra. Bosch, ante este atraso repetido de novo solicítase por parte do representante do Goberno Municipal que se achegue ó plan de actuación. Hai que esperar ata a xuntanza do 30 de maio de 2013, tres meses despois, para que se incluía na orde do día do plan de actuación, pero tampouco ía desta porque o Consello acorda a súa retirada en base ao escaso tempo, entre a remisión do plan e a data de convocatoria, que tiña imposibilitado o seu estudo polos seus conselleiros. Hai que esperar ata o 7 de agosto de 2013 para aprobar o novo plan, no documento inicial que presenta a Presidenta, non hai novas achegas, nin un euro máis, nin actuación na rúa Poboadores e a intervención que se propón na zona baixa, na Ribeira do Berbés, estaba condicionada aos resultados das vendas na zona alta. Os representantes do Concello, os concelleiros do Grupo Socialista e do Bloque Nacionalista Galego, concretamente o Sr. Regades e o Sr. Domínguez Olveira, esixen novas achegas e que ademais do Berbés se incluía a rúa Poboadores, finalmente tómase a decisión de incluír o Berbés e Poboadores e unha achega de catro millóns de euros, 3.600.000 euros a Xunta de Galicia e 400.000 euros o Concello de Vigo. Foi complicado logralo, case dous anos, pero ao fin o Concello logra que se teñan en conta as súas demandas, o plan é presentado posteriormente polo conselleiro o Sr. Hernández e polo Alcalde de Vigo o Sr. Caballero con presenza dos conselleiros do Consorcio do Casco Vello. A nosa sorpresa é maiúscula cando descubrimos que non hai nin un só euro nos Orzamentos para o 2014 da Xunta de Galicia, nin sinal dos 3.600.000 euros que comprometera a Presidenta do Consorcio e o conselleiro responsable, por iso esiximos que de forma inmediata se fagan modificacións orzamentarias neste ano 2014 para que se poidan investir os catro millóns de euros anunciados e comprometidos. Iso si, presentamos as actuacións dicindo como vai quedar a Ribeira do Berbés, facemos propostas pero como non hai nin un euro, non hai proposta para rehabilitación da zona da Ribeira do Berbés. Polo tanto, anuncios sen orzamentos nas partidas orzamentarias é simplemente mentir.



SR. DOMÍNGUEZ OLVEIRA: Non vou eu volver a relatar a historia que está explicada pola tenente de alcalde. Nós imos apoiar esta moción e eu estou convencido ademais que é unha moción que vai ser aprobada por unanimidade, xa que esta moción ven precedida por un acordo unánime das tres forzas políticas que formamos parte do Consorcio do Casco Vello, cando se debatía efectivamente ese plan de actuación 2013-2018, eu mesmo propuxen, no nome do Bloque Nacionalista Galego naquela xuntanza, que o Bloque Nacionalista Galego poñía unha condición sen a cal non iamos poder aprobar ningún plan de actuación do Casco Vello e así o manifestei en nome do Bloque Nacionalista Galego, á Presidenta. Non iamos aceptar ningún plan de actuación que non levara consigo unha contía económica e ademais citábamnos, e eu citaba perfectamente, dúas accións moi claras como era a fachada do Berbés e a rúa Poboadores. Naquel momento e despois de moitas negociacións aceptouse por parte da Xunta de Galicia esa achega de 3.600.000 euros, máis tamén nós esixíamos que o Goberno Municipal complementara esa actuación e así o fixo o Goberno Municipal aportando eses 400.000 euros, que como lembraredes xa tamén nós esiximos que formaran parte do orzamento pasado para que o Concello puidera facer fronte a ese investimento e así se fixo.

É certo que non aparece consignación de ningún tipo, polo menos para esta anualidade 2014, porque o plan contempla 2013 e 2018, pero lóxicamente hai uns traballos que hai que iniciar de inmediato porque así se anunciou para que se poda actuar na fachada do Berbés. Esta é un actuación absolutamente prioritaria nestes momentos e emblemática, porque complementa perfectamente todo o esforzo que no período 2007-2011 se fixo por parte deste Concello e daquela concellería de Cascos Históricos na que directamente do propio Concello, do Goberno Municipal, que naquel momento tamén formábamnos parte o Bloque Nacionalista Galego, investíronse no Casco Vello directamente do propio Concello, máis de 25 millóns de euros sen que naquel momento o Consorcio non investira absolutamente nada máis que aquilo que se obtiña pola venda ou polos alugueres dos locais ou das vivendas rehabilitadas. Hoxe no Casco Vello non hai inundacións, pódese pasear, hoxe, que parecía mentira, as persoas do Casco Vello poden ducharse nas súas casas con auga quente, cousa que non pasaba

anteriormente pola escasa presión da auga, hoxe hai un saneamento absolutamente renovado no Casco Vello etc., por iso nós esixiremos sempre que nin o Goberno Municipal, nin a Xunta de Galicia poden agora esquecerse deste traballo e teñen que seguir traballando por rematar e consolidar a renovación e a rehabilitación integral do Casco Vello. E teño que dicilo, que son certos os bos traballos que se están desenvolvendo no Consorcio do Casco Vello, que hai unha moi boa colaboración entre as distintas administracións, de feito no Consorcio do Casco Vello debe ser en moi poucos sitios que eu coñezo onde se aproba todo por unanimidade, porque así o contemplan os estatutos. Teño que dicir que se está traballando ben no Consorcio do Casco Vello, que hai bo entendemento pero que loxicamente non podemos morrer no éxito, senón que hai que seguir traballando. Creo que é oportuna esta moción, e cremos que a Xunta de Galicia ten que comezar a concretar esas partidas e a planificar o investimento deses case catro millóns de euros. Pero tamén aproveito para dicir que é hora xa tamén, Sra. Tenente de Alcalde, concelleira de Urbanismo, que o Goberno Municipal se poña man a obra para evitar as últimas deterioracións e abandonos que tamén están a sufrir os veciños/as do Casco Vello.

SR. FIGUEROA VILA: Como dicía a Sra. Silva, isto hoxe vai de historia, todos en temas do Concello temos a nosa historia, e eu tamén quero reflectir un pouco o que sucedeu no Casco Vello. Vostede dicía que diversos gobernos que foron facendo a tramitación, nós chegamos á Alcaldía de Vigo o 13 de decembro do ano 2003, o 3 febreiro de 2005 aprobouse, cun Goberno Municipal do Partido Popular un convenio entre a Xunta de Galicia e o Concello de Vigo e a Zona Franca, por un importe de trinta millóns de euros, a Xunta de Galicia doce millóns, que era Vicepresidente naquel momento o Sr. Feijóo, a Zona Franca que a presidía o Sr. López Peña, e o Concello de Vigo que a Presidenta era a Sra. Porro. Aquel foi o inicio daquel Consorcio despois de, sabeo ben o Sr. Secretario e os xurídicos desta casa, de diversos informes, de que se non era Consorcio se era Consorcio, pero ao final acadáronse trinta millóns de euros, que quedaron consignados nas tres administracións.

Eu creo que iso é o feito importante, porque dende aí é onde empeza a nacer a

reconstrución do Casco Vello onde eu creo que todos, e aí coincido co Sr. Domínguez, intentamos facilitar, coordinar, apoiar e incluso, como dicía ben el, é unha institución onde hai que aprobar todo por unanimidade, pero non porque se aprobe por unanimidade senón porque os Estatutos o marcan así, ese foi o criterio precisamente para que entre todos puidésemos escaparnos dos debates políticos no Casco Vello.

Eu creo que na recuperación do Casco Vello todos participamos dunha maneira ou outra. Despois cando gobernou o Bipartito na Xunta de Galicia, a Sra. Táboas que era a conselleira de Vivenda, considerou que era oportuno recuperar a participación que tiña a Zona Franca para a Xunta de Galicia e a Xunta de Galicia naquel momento quedouse co 90% do capital e o Concello co 10% e a Zona Franca desapareceu. Creo que se hai algún erro seguramente este sexa un destes, porque a Zona Franca tiña que seguir participando no Consorcio do Casco Vello e non o fixo porque a Xunta de Galicia naquel momento, sobrábanlle os cartos e non sabía en que investilos, que era o motivo principal naquel momento coa Sra. Táboas cando estaba en Vivenda. Creo que este foi un erro, porque se hoxe estiveramos o Concello, a Xunta de Galicia e maila Zona Franca, seguramente eses quince millóns de euros que liberou a Zona Franca multiplicado por catro ou cinco anos estaríamos falando ao mellor de sesenta millóns de euros máis que seguramente estarían investidos no Casco Vello. É unha opinión miña que eu dende logo sempre o dixen que aquel foi seguramente o erro máis importante da posta en marcha do Casco Vello.

Eu fun nomeado presidente, o primeiro presidente do Casco Vello fun eu, dende o ano 2005 ao ano 2007 e creo que ese era o obxectivo principal, tódalas administracións cooperando e tódalas administracións traballando na mesma dirección.

A partires de agora que hai? Hai un PREPI Casco Vello no que nós participamos tamén aprobado, e hai un Plan de Actuación do ano 2014-2018 onde se destinarán ese 3,4 millóns de euros que aporta a Xunta de Galicia máis os 400.000 euros que vai aportar o Goberno Local e que a idea é facelo en dúas fases como se propuxo xa, unha primeira fase cun valor de once millóns de euros e se poidan habilitar corenta e tres novas vivendas e dezasete locais, quedarían

activo o valor na zona alta do Casco Vello e a segunda fase na que se centraría na rúa Poboadores a que se destinarían 3,7 millóns de euros de investimento.

Eu creo que ese ten que ser o obxectivo fundamental, que entre todos sumemos, que a Xunta de Galicia se ten que facer as modificacións correspondentes que as faga orzamentariamente. Hai un compromiso e nós dende logo, dende aquí, ese compromiso dos 3,6 millóns de euros que ten a Xunta de Galicia terá que cumprilos, e o que temos que ter é unha xuntanza que como ten que ser todo por unanimidade, eu o que propoño é que, á marxe de aprobar a proposta que vostedes fan, se poida incluír unha engádeda onde se poida dicir que se reúna o Consorcio do Casco Vello para tratar este tema dunha maneira puntual canto antes.

SRA. SILVA REGO: Felicítome polo ton do debate porque é certo, o dicía o Sr. Domínguez e tamén o Sr. Figueroa, a historia do Consorcio do Casco Vello é unha historia de busca de acordos para favorecer o desenvolvemento do noso patrimonio histórico, da nosa historia polo tanto felicítome deste debate calmado, reflexivo e con propostas.

Pero Sr. Figueroa, o problema é que hai catro meses que o Consorcio do Casco Vello non se reúne, no seu Estatuto di que tódolos xoves de finais de mes ten que reunirse e hai catro meses que non nos convocan. Por iso, á vista de que nos Orzamentos da Xunta de Galicia non aparecía ningún só euro para desenvolver a rehabilitación da Ribeira do Berbés e de Poboadores, propuxen esta moción para instar a que se faga esa modificación orzamentaria porque é certo, é fundamental que sigamos a investir. Investiuse moito, a Xunta de Galicia puxo a parte que lle correspondía, no seu día a Zona Franca, o Concello, tamén é certo que a maior inversión feita no Casco Vello de Vigo fíxoa este Concello, dende o ano 2007 ata hoxe trinta e un millóns de euros en só seis anos.

Permítanme unha licencia, a Xunta de Galicia aportou, Zona Franca no seu día, o Concello de Vigo pero quen máis aportou para o Consorcio do Casco Vello de Vigo foi o Plan E do Sr. Rodríguez Zapatero, porque se puideron investir vinte e cinco millóns de euros en tan escaso tempo. Polo tanto, tódalas administracións participaron activamente no Consorcio do Casco Vello de Vigo.

Sr. Figueroa, simplemente hai unha cousa que é xusto clarear porque a verdade sempre ten que estar enriba da mesa, foi Zona Franca a que propuxo que xa non quería seguir formando parte do Consorcio do Casco Vello porque dicían que os seus estatutos non o permitían, que non tiña bo acomodo. En todo caso eu tamén creo que puido ser un erro e agora que Zona Franca e as administracións que teñen máis capacidade inversora, como ademais quen goberna é unha militante do Partido Popular eu pídolle que lle traslade que volva a formar parte do Consorcio do Casco Vello de Vigo e que faga achegas, porque iso facilitará que acabemos moito antes a rehabilitación total e integral do Casco Vello.

Sr. Domínguez investiuse vinte e cinco millóns porque había unha gran inversión e agora sáquese investindo, seis millóns.

No transcurso do debate, o voceiro do Grupo municipal do Partido Popular, Sr. Figueroa Vila, presenta unha emenda “in voce” de engádeda.

-Instar á Presidencia do Consorcio do Casco Vello a convocatoria dos órganos reitores desta entidade para avaliar a situación dos investimentos anunciados pola Delegada da Xunta en Vigo.

*Ao seren aceptada a anterior emenda pola relatora da moción, Sra. Silva Rego, a Presidencia somete a votación a anterior emenda.*

VOTACIÓN DA EMENDA: Por unanimidade dos vinte e sete membros presentes da Corporación que a constitúen de dereito e feito, acórdase aceptar a emenda de engádeda.

VOTACIÓN DA MOCIÓN: Por unanimidade dos vinte e sete membros presentes da Corporación que a constitúen de dereito e feito, adóptase o seguinte,

ACORDO:

Aprobar a moción presentada pola concelleira do grupo municipal Socialista, Sra. Silva Rego, engadindo a emenda “in voce” presentada polo concelleiro do grupo municipal do Partido Popular, resultando o seguinte texto:

- 1.- Instar á Xunta de Galicia a que realice as modificacións orzamentarias pertinentes neste ano 2014 para que o Consorcio do Casco Vello de Vigo poda investir os catro millóns de euros anunciados pola delegada do Goberno galego.
- 2.- Instar á Presidencia do Consorcio do Casco Vello a convocatoria dos órganos reitores desta entidade para avaliar a situación dos investimentos anunciados pola Delegada da Xunta en Vigo.

**5.4(29).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA, INSTANDO Á XUNTA DE GALICIA E Á AUTORIDADE PORTUARIA DE VIGO A AMPLIACIÓN DO TÚNEL DE BEIRAMAR. EXPTE. 844/1101.**

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 17 de febreiro do 2014, número 844/1101, o voceiro do grupo municipal Socialista, Sr. López Font, formula a seguinte

**MOCIÓN**

“O Concello de A Coruña e a Xunta, a través da Axencia Galega de Infraestruturas e a Autoridade Portuaria da cidade asinaron o convenio para a construción do vial subterráneo no peirao do Parrote, primeira parte do proxecto de rexeneración urbana no centro da Coruña que supoñerá un investimento total de 56 millóns de euros.

O Proxecto do Parrote conta cun presuposto de 14 millóns de euros dos que a Xunta achegará 12 millóns de euros e 2 o Concello.

Mentres a cidade de Vigo padece os recortes e a falta de investimento por parte do Goberno Autonómico, o Concello de Vigo inviste naquelas áreas que a Xunta deixou sen investimento, como son os asuntos sociais, políticas activas de

emprego, o aeroporto, teleasistencia, etc.

É por isto que propoñemos ao Pleno da Corporación o seguinte

#### ACORDO

-Instar á Xunta de Galicia e Autoridade Portuaria de Vigo, a desbloquear a ampliación do túnel de Beiramar, infraestrutura necesaria e comprometida pola Xunta de Galicia desde o ano 2010, data na que anunciou a redacción do proxecto.”

A Comisión Informativa de Fomento, na súa sesión do 17 de febreiro de 2014, ditaminou favorablemente a anterior moción.

#### DEBATE:

SR. LÓPEZ FONT: Presentamos unha moción que á vista do texto de engadido que propón o Partido Popular creo que acertamos na súa forma de propoñelo, e é que instamos á Xunta de Galicia e á Autoridade Portuaria a que desbloquee a ampliación do túnel de Beiramar, recoñecendo que esta infraestrutura estaba comprometida pola Xunta de Galicia no DOGA dende o ano 2010, e digo que mostro a miña satisfacción pola moción de engádeda porque recoñece este compromiso da Xunta de Galicia pero si que é certo que teño que dicir que xa naquel momento, no ano 2010, había un acordo entre a Autoridade Portuaria e entre a Xunta de Galicia sobre o tema de usos e facilitar á industria que o que este túnel non afectase.

Mostrando a miña satisfacción por esta parte, si debo recoñecer que o noso motivo para presentar esta moción foi a indignación palpable na cidade de que dende a Xunta de Galicia non se trata correctamente a esta cidade. Moitos preguntámonos ata cando van durar estas decisións e estes tempos nos que a cidade de Vigo á hora de investimentos por parte da Xunta de Galicia e tamén da Deputación de Pontevedra sofre unha marxinación, porque é evidente que todo presidente de goberno, de comunidade autónoma, de deputación, todo alcalde dende o minuto seguinte ó que toma posesión é o de tódolos cidadáns. Nese

sentido entendemos que o Partido Popular non o está exercitando debidamente que fai unha utilización partidista dos gobernos e que podemos presumir dende o Concello de Vigo de que nós somos o exemplo contrario. O Alcalde de Vigo, ao meu entender, é o exemplo de colaboración e lealdade institucional e móstrao claramente a súa opinión, declaracións sobre a ministra a Sra. Ana Pastor, no senso de recoñecer os compromisos que o ministerio de Fomento ten con esta cidade, ninguén escoitaría criticar a Alcalde á ministra, agás ultimamente ao dicir que as cousas teñen que ir un pouco máis rápidas.

Polo tanto, entendemos que con esta cidade hai que cumprir cos compromisos adquiridos. Esa percepción de ataque á cidade vívena os vigueses cando nos atopámonos con decisións moi recentes que motivou en parte a nosa moción, como a adoptada coa cidade de A Coruña sobre o aparcadoiro do Parrote, en principio a información que tiñamos era que se solucionaba un problema que había na cidade da A Coruña tanto ao Concello como á Autoridade Portuaria e que se aportaban doce millóns de euros para solucionar ese problema, cuestión que evidentemente como todos sabemos non se produce en Vigo cos moitos problemas que temos de infraestrutura, pero é que ao final comprobamos nese acordo conxunto, Xunta de Galicia, Concello da A Coruña e Autoridade Portuaria que estamos a falar dunha actuación de cincuenta e tres millóns de euros no seu conxunto, o cal é xa para sentirse dobremente discriminados, que estamos a falar dunha actuación para desfrute, para a peonalización de 52.000 metros, e sorprendémonos que a publicación que tivo lugar o día 7 de xuño do 2010 no DOGA, da ampliación do túnel de Beiramar na que o conselleiro de Infraestruturas, de Medio Ambiente dicía que houbera acordo co Porto, que se ía executar e que era un compromiso coa cidade de Vigo, aínda non este xa finalizado senón nin sequera iniciado.

E sorprendente que naquel momento xuño do 2010 facíanse manifestacións de que esta infraestrutura estaría finalizada para finais do 2013 ou a principio do 2014. Mencionar a necesidade desta infraestrutura e eloxiar o que pode significar para a convivencia cidadá e tamén para o ámbito portuario creo que é totalmente innecesaria.

Polo tanto remato como comecei, recoñecendo a achega do Partido Popular coa



súa emenda de engádeda porque significa, ao dicilo vostedes, que está pendente este compromiso coa cidade de Vigo deste túnel, e neste sentido creo que sería bo que tanto a nosa proposta de acordo como a súa emenda fosen aprobadas por unanimidade en defensa desta cidade.

SR. ALONSO PÉREZ: Vimos na moción anterior do Casco Vello, unha maneira de como se afronta a súa problemática por unanimidade, con acordo; no tema das infraestruturas non se dá iso nunca, ademais non se actúa en función da necesidade da infraestrutura despois dun debate, normalmente aparecen anteproxectos, proxectos e promesas en campañas electorais, dá a sensación de que aquí a única maneira de que realmente se executen eses compromisos é que estiveramos en campaña electoral cada mes, senón non hai maneira de que resolvan.

Na cuestión de como se argumenta esta moción a nós parécenos vergoñento, non se pode argumentar a necesidade dunha obra en Vigo en función do que se faga en A Coruña. Podíamos valorar e poderase valorar a necesidade ou non que teñen en A Coruña desa obra, pero que pasa se en A Coruña non se fixera a obra do Parrote non sería necesario o túnel de Vigo? Acordámonos agora do túnel de Beiramar e da necesidade en función do de A Coruña? Non é necesaria a obra de Vigo, do túnel? Para o Bloque Nacionalista Galego é necesaria en calquera momento, sempre era necesaria cando a Sra. Caride e o Sr. Alcalde de Vigo fixeron a presentación do primeiro anteproxecto, e onde o Sr. Abel Caballero dicía ademais que era froito da negociación e do diálogo porque coa confrontación non se consegue nada, nada máis e nada menos, o Alcalde de Vigo dicía iso naquela ocasión, pois alí era necesario e como era necesario cando presentan o proxecto ó conselleiro o Sr. Agustín Fernández e daquela a candidata a concelleira de Vigo, que xa se subira á lanzadeira da plataforma electoral portuaria, a Sra. Porro, e viñeron a Vigo e nun ano proxecto e en vinte catro meses obra feita, agora xa tiña que estar feita a obra, desaparecen e agora lembra o Partido Socialista este incumprimento porque se fai unha obra en A Coruña, este incumprimento é porque Vigo o precisa e hai que esixir á Xunta de Galicia. O que hai que facer é que cando consigamos convenios coa Xunta de Galicia para que as

infraestruturas necesarias se fagan o que hai que facer é cumprir eses convenios, non pode pasar o que xa pasou co túnel de Xulián Estévez, que era un túnel necesario porque é unha obra que Teis necesita para unir a cidade do Mar, para eliminar o tráfico por Sanxurxo Badía e resulta que no convenio o Concello de Vigo se compromete a facer o proxecto e non o fai, e perdemos cartos que xa estaba comprometido no Orzamento da Xunta de Galicia no ano 2012, non pode ser non se pode estar actuando nas infraestruturas en función de quen se pon a medalla. O túnel de Beiramar é un túnel necesario, cando fixo a presentación do primeiro anteprojecto a Sra. Caride e o Alcalde de Vigo, o Bloque Nacionalista Galego ademais cremos no proxecto e fixemos propostas de mellora para utilizar mellor o que é a cidade de Vigo, a praza do Berbés e facela peonil para que os cidadáns puideran achegarse ao mar, respectando o traballo portuario e as necesidades que ten o Porto.

Cando se presenta o plan de usos portuarios o Bloque Nacionalista Galego fai unha alegación para que esta infraestrutura necesaria chegue a Bouzas, porque esta infraestrutura é unha necesidade da cidade para comunicar a cidade co Porto, para que se comunique o Porto coas saídas da cidade, para poder utilizar os vigueses/as mellor o entorno portuario é necesario por moitas razóns de tráfico, de comunicación, de gozar da cidade. O que teñen que facer as administracións é poñerse de acordo e tirar para adiante e deixarse de pelexar por quen se coloca a medalla que é problema, senón estamos en campaña electoral non hai proxecto, en campaña electoral fanse e senón teño os votos despois esquézome e agora lémbrome do túnel de Beiramar porque en A Coruña hai outro túnel. Hai que priorizar o túnel de Beiramar para que se faga. En canto á emenda do Partido Popular están preocupados porque realmente non se afecta ao Porto, pero non se preocupan de esixir ao seu goberno o que hai que esixirille, que fagan o compromiso que teñen tomado.

SR. ÁLVAREZ PÉREZ: A moción que debatemos agora é cando menos curiosa, primeiro porque o Alcalde tería que saber que habería que volver a analizar a viabilidade dende un punto de vista estratéxico como orzamentario. Segundo porque se propón a obra por comparativa, non por necesidade. O obra Sr. Font, é

unha necesidade non unha comparativa con outra cidade, aquí non podemos ir a rebufo, non podemos ser reactivos, temos que ser proactivos, iso é xestión Sr. Font, debería aplicarse un pouco o conto. Terceiro, porque non se pode falar de recortes da Xunta de Galicia en Vigo cando se está construíndo o maior hospital de Galicia, unha das depuradoras máis importantes de España, segue bloqueado polo Goberno Municipal a construción da Cidade da Xustiza ou o plan de transporte metropolitano, ademais das axudas á automoción e ao sector naval que en total suman máis de 1.200 millóns e ponnos enriba da mesa cincuenta e tres millóns?

Sr. Font, se temos en conta o apoio directo que exerceu a Xunta de Galicia co compromiso do Presidente, Sr. Feijóo e dos conselleiros no naval en Vigo, traendo investimentos de máis de 600 millóns de euros, floteis, barcos, realidades, traballo para a cidade, o que non pode dicir é que a Xunta de Galicia non está comprometida con Vigo, iso nunca porque ese discurso xa non llo cree absolutamente ninguén.

Volvendo ao tema do túnel debería saber que a prolongación do túnel de Beiramar era unha actuación incluída na reordenación urbanística da zona, dentro do Plan Xeral de Ordenación Municipal que se tramitou co consenso de tódolos axentes sociais menos vostedes, o Goberno do Partido Popular, a actuación estaba encamiñada a complementar a reordenación da zona co traslado das industrias alí situadas para variar o uso a residencial, terciario e comercial.

A prolongación do túnel do Berbés ata a rotonda da rúa Coruña, tiña como obxectivo canalizar o tráfico de forma subterránea e conseguir a liberación do espacio da superficie para o uso dos cidadáns e servir de elemento de ordenación de toda a zona próxima ao Auditorio Mar de Vigo, ese que quebraron lémbrese, ese é un dos problemas.

Despois, este túnel xerouse tamén cun compromiso da Xunta de Galicia na época da Sra. Caride e do Porto, do Sr. Abel Caballero, para financiar e arrancar a obra o principio do fin de dito proxecto fraguouse cando vostedes se empeñaron en variar o PXOM con todo o consenso que había, introducindo unha maior porcentaxe de reserva para a vivenda protexida en todo o municipio e en

especial na zona de Beiramar que provocou e fixo inviable o traslado das industrias das zonas, Sr. Font isto non é unha risa isto é unha realidade.

Este elemento deu ao traste toda a ordenación de Beiramar, estamos no 2007 aínda e de feito sabe que hai un informe da propia Autoridade Portuaria presidida entón polo tamén socialista o Sr. Jesús Paz, que presentou unha dura alegación en contra da iniciativa, por que? Porque afectaba ás empresas de toda a zona. É no 2010 cando na Xunta de Galicia do Sr. Feijóo, volvémonos a sentar para retomar o proxecto como vostedes saben, e nese proxecto tíñanse en conta actuacións para non entorpecer á industria, a nosa emenda é moi lóxica despois de catro anos as empresas son entidades vivas, entidades cambiantes, as súas necesidades hai catro anos non son as mesmas que agora, Sr. Font, iso é algo normal, hai que volver a avaliar o impacto, e haberá que volver, probablemente, a modificar o anteprojecto para que se axuste á realidade actual, non a de hai catro anos, a do 2014, iso é o que temos que facer.

Por que non se continuou ese proxecto no 2013, non terían ningún interese porque vostedes saben que deixaron de ter interese nese proxecto. Vostedes están no Goberno, como formulan agora a moción catro anos máis tarde, Sr. Font? Que pasou tiveron un lapso de tempo? Esquecéronse durante catro anos deste proxecto? Non era necesario? Ou só se acordan de xestionar e de facer a súa labor cando se fai noutra cidade? É a forma de actuar que teñen? Iso non ten ningún sentido, non é a forma de traballar por non dicir o túnel de Xulián Estévez que sinxelamente xa poderán explicar aos cidadáns porque non fan o proxecto.

SR. LÓPEZ FONT: Nin sendo amable con vostedes hai forma de que sexan vostedes razoables. Sabe por que propoñemos esta moción neste momento? Porque a obra debería estar rematada, pero non o dixen eu, o dixo o seu conselleiro que tiña que estar rematada a finais de 2013 ou no primeiro trimestre de 2014. Vostede confúndese de datas, di que nós poñemos unha serie de problemas polo Plan Xeral, cando foi aprobado no 2007 e a convocatoria desta infraestrutura de setenta millóns é de xuño de 2010, Sr. Álvarez a ver se nos decatamos coas datas e se non se contradí dunha forma tan clara.

Vostedes en xuño do 2010 presumiron, o conselleiro e a presidenta do Porto

naquel momento de que esta infraestrutura iase facer en dous anos, isto é así e non se fixo, por iso presentamos esta moción. Pero xa vexo que lles escoce a vostede que fagamos comparativas, claro que facemos comparativas e non só me avergoño de haber proposto esta moción así senón que me reafirmo, cando falan da Cidade da Xustiza se actuasen con Vigo como noutras cidades habería Cidade da Xustiza, pódolle dar nomes de cidades. Reafírmome en que cando hai plans de emprego vostedes dánllos a concellos onde houbo mocións a través de tránsfugas, claro que fago comparacións claro que si. Cando hai problemas nesta cidade vostedes non acoden, pero que me fala do hospital, están orgullosos dun hospital privado? Están orgullosos dun hospital concesionado? Iso non llo fan a outras cidades, en Lugo non poden facer unha moción dese tipo, nin en A Coruña de hospital privado. Depuradora? Pero vostede sabe quen asina a depuradora? Quen puxo tódolos cartos para a depuradora? O Goberno do Sr. Zapatero coa Sr. Espinosa de presidenta, isto é así. Cidade da Xustiza, se vostedes tiveran interese coa proposta que fixo o Alcalde estaría solucionado, non hai investimentos, apoio institucional da Xunta de Galicia a esta cidade, non o hai, si o hai a outras cidades nas que o Alcalde son amigos persoais do Presidente da Xunta de Galicia, claro que si. Aquí denuncio o “coruñesismo” do Sr. Feijóo, isto é así, non serve dicir apoiamos a Vigo, vostede viu empezar a construír no sector do naval? Pero cantas veces contaron a promesa de apoio ao sector naval? Pero de que me fala do apoio á automoción se foi co Goberno do Sr. Zapatero? Pero estamos de broma? E o tema do sector naval, a que se senta ao meu lado e o Alcalde de Vigo solucionaron problemas do sector naval, non vostedes, foron a Madrid a solucionar os problemas.

No transcurso do debate, o concelleiro do grupo municipal do Partido Popular, Sr. Alvarez Pérez, presenta a seguinte emenda de engádeda,

.- Instar á Xunta de Galicia a que se realice unha modificación do anteproxecto de ampliación túnel de Beiramar de xeito que o seu trazado non afecte ao normal desenvolvemento das actividades das industrias ubicadas na zona nin aos demais usuarios do Porto de Vigo.

*Ao seren aceptada a anterior emenda polo relator da moción, Sr. López Font, a Presidencia somete a votación a anterior emenda.*

VOTACIÓN DA EMENDA: Por unanimidade dos vinte e sete membros presentes da Corporación que a constitúen de dereito e feito, acórdase aceptar a emenda de engádeda.

VOTACIÓN DA MOCIÓN: Por unanimidade dos vinte e sete membros presentes da Corporación que a constitúen de dereito e feito, adóptase o seguinte,

ACORDO:

Aprobar a moción presentada polo voceiro do grupo municipal Socialista, Sr. López Font, engadindo a emenda presentada polo concelleiro do grupo municipal do Partido Popular, resultando o seguinte texto:

1.- Instar á Xunta de Galicia e Autoridade Portuaria de Vigo, a desbloquear a ampliación do túnel de Beiramar, infraestrutura necesaria e comprometida pola Xunta de Galicia desde o ano 2010, data na que anunciou a redacción do proxecto.”

2.- Instar á Xunta de Galicia a que se realice unha modificación do anteproxecto de ampliación túnel de Beiramar de xeito que o seu trazado non afecte ao normal desenvolvemento das actividades das industrias ubicadas na zona nin aos demais usuarios do Porto de Vigo.”

## **6.- ASUNTOS OU MOCIÓNS URXENTES.**

### **6.1(30).- MOCIÓN URXENTE DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG, DEMANDANDO O INICIO DUN PROCESO DE REFORMA CONSTITUCIONAL**

## **SOBRE O MODELO DE ORGANIZACIÓN PROVINCIAL E LOCAL DO ESTADO ESPAÑOL. EXPTE. 849/1101.**

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 20 de febreiro do 2014, número 849/1101, a concelleira do grupo municipal do BNG, Sra. Veloso Rios, formula a seguinte,

### MOCIÓN

#### “EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

A Constitución de 1978 asumiu o modelo de organización territorial e institucional dos entes locais que fora deseñado desde o primeiro terzo do século XIX. Tanto nas súas orixes como na súa evolución posterior, a organización territorial local responde en gran medida a unha visión fundamentalmente centralista do exercicio do poder, que é incompatíbel cun sistema institucional baseado na descentralización e repartición competencial entre o Estado español e as comunidades autónomas, dotadas con autonomía política e administrativa.

A paulatina consolidación do novo esquema de organización territorial con base nas comunidades autónomas constituídas obviou o debate sobre a utilidade da organización provincial e da Deputación como a súa institución representativa na maior parte do territorio do Estado español, desde a perspectiva da súa función política, da súa racionalidade e eficacia administrativa, así como da súa adecuación á realidade de cada territorio.

O desenvolvemento legal do réxime xurídico local consolidou un modelo provincial practicamente uniforme, que, no caso da Galiza, dificilmente tivo e ten encaixe coas institucións galegas, e mesmo, en moitas ocasións, implicou duplicidades e ineficiencias na actuación administrativa.

A persistencia do modelo provincial, nas actuais circunstancias de restrición de recursos económicos para atender políticas sociais básicas, tamén incide negativamente nunha utilización máis racional dos recursos públicos, pois obriga a manter estruturas burocráticas cuxa acción apenas repercute na cidadanía, á vez que os concellos, como administracións máis próximas e responsábeis á hora de atenderen directamente os servizos básicos locais, afrontan cada vez máis dificultades económicas para sostelos.

A reforma local aprobada recentemente reforza ese modelo centralista e provincialista, asentando as deputacións como apéndices executores das políticas deseñadas desde o Goberno central, xa que no canto de acometer a revisión a fondo do modelo destas institucións provinciais, atribúelles máis competencias, para consolidar unha organización administrativa homoxénea en todo o Estado español. Deste xeito, vólvese a impedir definitivamente que desde

Galiza se poida articular, en función da súa realidade territorial, un mapa institucional local galego propio.

A reforma local tamén supón un paso máis á hora de homologar a acción política no eido local e supeditala ao goberno central de quenda, xa que anula a capacidade política dos concellos para implantaren políticas autónomas, ao restrinxirlles capacidade sobre moitos ámbitos de interese local, ao impor modelos de xestión privatizada de servizos locais a través das deputacións. Abocáos, en definitiva, a seren simples prolongacións executoras de políticas planificadas desde o Goberno central, no canto de seren axentes políticos con plena capacidade, e consonte a alternativa política e programática elixida pola veciñanza, nos asuntos de interese local.

Nestes momentos, cómpre oporse á reforma local, pois supón mesmo unha involución da autonomía local que se recollía na Constitución, aínda sendo ese modelo constitucional debedor dun modelo centralista que foi robustecido, pola vía regular na lexislación básica e sectorial, límites cada vez máis exiguos ás políticas propias dos concellos.

Alén diso, é tamén necesario abordar un proceso máis estratéxico, que implique a reforma constitucional do modelo de organización territorial provincial, ao ser a única vía para abordar unha racionalización administrativa coa que obter un aforro estrutural de gasto público con carácter improdutivo. Só desta maneira poderemos dotar de maior financiamento e recursos económicos os concellos, como institucións máis próximas á cidadanía e auténticas entidades representantes do interese local.

A través da presente moción preténdese, por unha banda, evitar a consumación da involución que supón a reforma local aprobada en 2013, dadas as consecuencias inmediatas que vai a ter, e por outra banda, comezar o proceso de reestruturación da organización territorial local, a partir da necesaria superación da actual delimitación provincial e das propias deputacións provinciais. O obxectivo é abandonar así, definitivamente, a herdanza dun modelo de organización territorial decimonónico, para dar paso á adecuación entre a implantación territorial e o seu correlato institucional.

Por iso, solicitamos do Pleno da Corporación municipal a adopción dos seguintes

#### ACORDOS:

PRIMEIRO. Iniciar a tramitación para a formalización do conflito en defensa da autonomía local contra os artigos primeiro e segundo e demais disposicións afectadas da Lei 27/2013, de 27 de decembro de 2013, de Racionalización e Sustentabilidade da Administración Local (BOE nº 312 do 30 de decembro de 2013) de acordo co texto que se achega, segundo o sinalado nos artigos 75 bis e seguintes da Lei orgánica 2/1979, do 3 de outubro, do Tribunal Constitucional.



SEGUNDO. Para tal efecto, solicitar Ditame do Consello de Estado, conforme ao establecido no artigo 75 ter 3 da Lei orgánica 2/1979, do 3 de outubro, do Tribunal Constitucional, por conduto del Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, a petición da entidade local de maior poboación (art. 48 Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local), así como outorgar a esta entidade a delegación necesaria.

TERCEIRO. Facultar e encomendar ao alcalde/alcaldesa para a realización de todos os trámites necesarios para levar a cabo os acordos primeiro e segundo e expresamente para o outorgamento de escritura de poder tan amplo e bastante como en dereito se requirir a favor da procuradora D<sup>a</sup> Virginia Aragón Segura, col. nº 1040 do Ilustre Colexio de Procuradores de Madrid para que, en nome e representación do Concello de -Vigo de forma solidaria e indistinta, interpoña conflito en defensa da autonomía local contra a Lei 27/2013, do 27 de decembro de 2013 (BOE nº 312 do 30 de decembro de 2013), de Racionalización e Sustentabilidade da Administración Local seguíndoo por todos os seus trámites e instancias até obter sentenza firme e a súa execución.

CUARTO. Demandar o inicio dun proceso de reforma constitucional sobre o modelo de organización provincial e local do Estado español, con base nos seguintes criterios:

- a) As estruturas territoriais básicas do Estado español serán os municipios e as comunidades autónomas.
- b) Acometer o proceso de extinción das deputacións provinciais de réxime común, para dar paso a un novo mapa institucional deseñado a partir da realidade territorial de Galiza, baseado na articulación a través de concellos e comarca.”

*Debateuse conxuntamente co punto 4.1.*

VOTACIÓN: Con catorce votos a favor dos membros do Grupo municipal Socialista, señores e señoras Abelairas Rodríguez, Díaz Vázquez, Fernández Pérez, Lago Rey, López Font, Regades Fernández, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Escudero, Silva Rego e a Presidencia, e máis dos membros do Grupo municipal do BNG, señores e señora Alonso Pérez, Domínguez Olveira e Veloso Ríos, e trece votos en contra dos membros do Grupo municipal Popular señores e señoras Alonso Alonso, Álvarez Pérez, Araújo Pereira, Beiro Diz, Bernárdez de

Dios, Cendón Alonso, Egerique Mosquera, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, Iglesias Bueno, Pérez Dávila e Relova Quinteiro, adóptase o seguinte,

ACORDO:

Aprobar a Moción presentada pola concelleira do grupo municipal do BNG, Sra. Veloso Rios, demandando o inicio dun proceso de reforma constitucional sobre o modelo de organización provincial e local do Estado Español, co texto transcrito nos antecedentes deste acordo.

### **PARTE DE CONTROL**

#### **1.- TOMA DE COÑECEMENTO DOS ACORDOS OU RESOLUCIÓNS DOUTROS ÓRGANOS MUNICIPAIS OU DE INFORMES OU ESCRITOS QUE ASÍ O REQUIRAN.**

##### **1.1(31).- DAR CONTA DE RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA.**

Dáse conta ao Pleno da Corporación das resolucións asinadas pola Alcaldía-Presidencia, entregadas na Secretaría Xeral do Pleno para a súa incorporación ó correspondente Libro de Resolucións, entre as datas 22 de xaneiro e 20 de febreiro de 2014.

##### **1.2(32).- DAR CONTA DE RESOLUCIÓNS ASINADAS POR CONCELLEIROS/AS DELEGADOS/AS.**

Dáse conta ao Pleno da Corporación das resolucións asinadas polas concellerías delegadas, entregadas na Secretaría Xeral do Pleno para a súa incorporación ó correspondente Libro de Resolucións, entre as datas 22 de xaneiro e 20 de febreiro de 2014.

#### **2.- COÑECEMENTO DOS INFORMES CITADOS NO ART. 38.2.M.4º DO**

## **REGULAMENTO DO PLENO.**

### **3.- COMPARECENCIAS DE MEMBROS DA CORPORACIÓN.**

Non houbo.

### **4.- MOCIÓNS.**

#### **4.1(33).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR INSTANDO AO GOBERNO MUNICIPAL UNHA NOVA FORMA DE PAGO DOS TRIBUTOS MUNICIPAIS QUE PERMITA AOS CIDADÁNS ACHEGAS FRACCIONADAS DURANTE O ANO. EXPTE. 835/1101.**

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 12 de febreiro do 2014, número 835/1101, o concelleiro do grupo municipal do Partido Popular, Sr. Fidalgo Iglesias, formula a seguinte,

#### **MOCIÓN**

“A administración local debe de modernizarse, adaptarse aos tempos e, sobre todo, adaptarse ás necesidades dos cidadáns e telos en conta; débense facer esforzos para escoitar as demandas dos vigueses, mais aínda nun intre no que se está a vivir unha difícil situación económica.

Nunha cidade na que hai máis de 34.000 vigueses que queren traballar e non poden e na que se pecharon centenas de empresas por non poder facer fronte aos seus pagos, o Concello está obrigado a pensar nos cidadáns e a facilitar, todo o posible, o cumprimento dos seus deberes fiscais, con fórmulas novas que alivien a carga económica que teñen que soportar as familias e as empresas

Outros concellos e administracións, como por exemplo a Deputación de Pontevedra aprobaron recentemente unha nova formula de pagamento dos impostos dos cidadáns que consiste nun plan persoalizado de pagos mediante o cal os cidadáns poden ir agrupar tódolos seus pagamentos nun único documento e ir realizando achegas a conta durante o ano ate completar o pagamento do importe total do importe dos seus impostos do ano en curso sen ter que pagar intereses.

Por todo elo propoñemos ao Pleno da Corporación que adopte o seguinte acordo:

“Insta ao goberno municipal a articular unha nova fórmula de pagamento dos impostos e taxas municipais consistente nun Plan personalizado de pagos mediante o cal os cidadáns poidan ir facendo achegas fraccionadas durante o ano ate completar o importe dos pagamentos.”

A Comisión Informativa de Economía, Facenda, Patrimonio e Educación, na súa sesión do 17 de febreiro de 2014, ditaminou favorablemente a anterior moción.

#### DEBATE:

SR. FIDALGO IGLESIAS: En primeiro lugar, Sra. Silva, tería que dicirlle que xa teño aquí os datos sobre o período medio de pagos doutras administracións, nós críamos que o voceiro na Deputación, o Sr. Rodríguez Díaz, teríao informado sobre este tema pero aquí teño a copia de que no terceiro trimestre do 2013 a Deputación de Pontevedra paga a 15 días, vostedes no Concello de Vigo a 24 días, pero dicía que non había ninguén en España mellor, xa hai un e moi preto, voullo pasar e aos periodistas.

Imos falar da nosa proposta que é unha moción sobre un plan personalizado de pagos. A pesares de ser con gran diferenza o partido máis votado nas últimas eleccións municipais, o Partido Popular de Vigo está na oposición por un acordo entre socialistas e nacionalistas. O Partido Popular está na oposición a pesares de haber gañado as eleccións e na oposición hai que traballar, e traballar en beneficio da cidade de dúas maneiras, por unha banda controlando e fiscalizando a labor do Goberno e por outra banda, presentando alternativas que sexan positivas para a cidade. Os cidadáns o que queren é que seus representantes desenvolvan responsablemente o seu traballo, no goberno cando gobernan e na oposición cando non o fan.

Pois ben, nós entendemos que a principal tarefa dun político é a de escoitar, Sra. Silva, e por iso en setembro do ano pasado xa trouxemos ao Pleno unha proposta que tiña que ver con axudar a aqueles vigueses que teñen dificultades para facer fronte aos impostos municipais. Lamentablemente dicía que cada vez son máis familias autónomos e PEMES que non son capaces de pagar os impostos e taxas durante o período voluntario, practicamente un de cada cinco vigueses non pode

pagar os seus impostos municipais en prazo. Aquela proposta que foi aprobada por unanimidade resumíase en tres infinitivos informar, reformar e simplificar. Informar de bonificacións e exencións, xa que unha porcentaxe moi pequeno dos cidadáns de Vigo que teñen ou terían dereito a pedilas, as solicitas. Falabamos dunha campaña informativa, aquilo que fixeron vostedes co recibo da auga o ano pasado que foi enviar unha carta manipulando e enganando á opinión pública, pois facer algo pero en plan positivo, dicirille aos vigueses cando lle mandemos os impostos municipais e as taxas, que hai bonificacións e exencións, e que moita xente non as solicita.

Reformar, reformar para que se puidese solicitar exencións e bonificacións en taxas dentro ano en vigor, dentro do exercicio en curso e non como agora que obrigan a facelo cun ano de antelación, e simplificar os trámites para que fose moito máis sinxelo e non houbera que pedir avales, pagar intereses para aqueles que pediran aprazamentos ou fraccionamentos.

Vostedes votaron a favor daquela moción, pero a verdade é que non cumpriron con absolutamente nada do acordado. O que propoñemos hoxe é algo que vai coa liña de favorecer ao contribuínte, ao que paga seus impostos e taxas municipais, ao que paga relixiosamente o IBI, o lixo, a circulación, o imposto de actividades económicas, etc. Trátase de poñer en marcha unha fórmula máis con carácter voluntario, que consista nun plan personalizado de pagos, mediante o cal quen queira, totalmente voluntario, poda fraccionar a súas obrigas fiscais co Concello en diferentes pagos durante o exercicio, sen recargos de ningún tipo e sen ter que xustificar a falta de liquidez ou de Tesourería, como hai que facer agora, agora mesmo para pedir un aprazamento ou fraccionamento hai que xustificar falta de liquidez e de tesourería. O que pedimos é que calquera cidadá autónomo, PEME, poda solicitar un plan personalizado de pagos, introduciríase o concepto de factura fiscal, o que se faría sería como unha especie de entrega a conta ou de anticipo que evitaría que nun determinado mes se teña que afrontar un único abono moito máis elevado, sería diluír ese abono en diferentes cotas ou mensualidades.

SRA. VELOSO RÍOS: Pois si, efectivamente como lembraba o Sr. Fidalgo xa

debateamos no mes de setembro unha moción que presentou o Partido Popular, pedindo unha serie de modificacións da Ordenanza Fiscal Xeral, unha moción que foi aprobada por unanimidade, pero que logo o Goberno non executou. Ademais, o Bloque Nacionalista Galego presentou unha emenda á Ordenanza Fiscal Xeral despois de que a Ordenanza Fiscal Xeral fose á Xunta de Goberno, e cando pensábase que ía vir a Pleno a ser debatida presentamos tamén unha emenda, na liña do que está pedindo tamén hoxe o Partido Popular con esta moción. Nós tamén pedíamos que non se aplicasen xuros ás persoas que solicitaban o pago fraccionado ou o aprazamento porque cando se pide por falta de liquidez parecíanos inxusto que se lles aplicase o cobro de xuros, como se isto fose unha entidade bancaria, sendo como é unha administración que ten que atender a situación de dificultade económica que está atravesando moitas familias da nosa cidade. Pero a Ordenanza Fiscal Xeral non foi debatida en Pleno porque este Goberno só trouxo dúas ordenanzas de nova creación, e negouse a debater a Ordenanza Fiscal Xeral así como o resto de ordenanzas que regulan as taxas e impostos deste Concello.

De tal maneira que non foi posible debater esa proposta, esa emenda do Bloque Nacionalista Galego e introducila no seu caso na Ordenanza Fiscal Xeral.

As dúas ordenanzas novas aprobáronse cos votos do Partido Popular e do Partido Socialista. O Bloque Nacionalista Galego manifestou daquela que non é que estivese en contra desas dúas novas taxas que se aplicaban neste Concello, senón que entendíamos que era evidentemente insuficiente aprobar esas dúas ordenanzas e non facer un esforzo por aliviar a presión fiscal a aquelas persoas que peor o están pasando nesta cidade. Ademais de ver claramente, porque é xa unha evidencia que os recursos que se conseguisen para este Concello a través desas novas ordenanzas non ían ser recursos que se dedícanse a servizos sociais ou a axudar ás familias que peor o están pasando nesta cidade. Iso o vemos claramente cando hoxe mesmo podemos escoitar que presumimos de que este Concello ten cinco millóns de superávit, cando as persoas que están sufrindo situacións graves de falla de ingresos, chegan ás oficinas, ás traballadoras sociais deste Concello, ás UTS, e escoitan constantemente que non hai recursos. Cando neste cidade non están axudas de emerxencia, cando nesta cidade non se

executou completa a partida do plan social contra a crise, unha parte desa partida é precisamente forma parte do superávit porque non foi executada completamente.

Agora, xa cun proxecto de orzamentos enriba da mesa que recolle unha previsión de ingresos en base a unhas ordenanzas fiscais que xa están en vigor, unhas taxas e impostos que xa están en vigor e que son os mesmos do ano pasado, que non recollen novas exencións, bonificacións, que non foron reducidos, hai xa un proxecto de orzamentos que está sendo negociado polo Partido Popular e polo Partido Socialista. Sinceramente a estas alturas de ano, en febreiro, cun proxecto de orzamento enriba da mesa, non entendemos moi ben a que ven facer esta proposta por parte do Partido Popular. Non sabemos moi ben se quere disimular, lavar a cara e presentar agora unha proposta na liña do que ven reclamando dende hai meses en teoría para condicionar o seu apoio ás decisións que está tomando este Goberno pero que en realidade está aprobando sen ningún tipo de condicionamento, non houbo rebaixa de impostos, non se debateron as ordenanzas fiscais, están en vigor as novas ordenanzas fiscais e agora traemos esta proposta? A nós parécenos ben a proposta, nós imos votar a favor desta proposta igual que votamos a favor en setembro da proposta que trouxo o Partido Popular e igual que nós presentamos unha emenda á Ordenanza Fiscal Xeral que non se nos permitiu debater, pero sinceramente, aprobamos esta moción dende o máis absoluto asombro por estar traendo esta proposta a estas alturas de ano coas novas ordenanzas fiscais en vigor e cun proxecto de orzamentos enriba da mesa, que se elabora cunha previsión de ingresos en base as taxas e impostos que están agora mesmo en vigor. Realmente dende o máis profundo asombro, parécenos case un descarro e por parte dos dous grupos.

SR. LÓPEZ FONT: Andamos ultimamente no non e na demagogia. Sr. Fidalgo, temos a través do noso voceiro na Deputación toda a información de que como se fan as estadísticas na Deputación, as estadísticas de pago na Deputación fanse sobre recoñecementos, no Concello de Vigo fanse sobre rexistros, a diferenza é fundamental. Sabe vostede que acontecería se nós o fixéramos tan mal como o fan na Deputación? Que a media serían sete días. Sabe vostede se a

Deputación o fixera tan ben como o fai o Concello de Vigo, serían 45 días.

Co cal que saiba que temos toda a información e que saiba que por moito que nos intente manipular, facer demagogia e facer aquí unhas cifras que non se corresponden coa realidade, reafirmámonos con tódolos datos e con tódolos detalles no que dixo a Sra. Silva sobre que este é o Concello que mellor paga e que paga de forma máis eficaz.

Dende hai seis anos o rigor orzamentario impera neste Concello, dende ese primeiro minuto de Gobernar do Sr. Caballero a guía foi administrar ben intentando evitar a subida de impostos, e nós si que evitamos aquí a subida de impostos. Sorpréndeme que se fagan algunhas intervencións falando de subidas de impostos, de ordenanzas cando a formación política da Sra. Veloso goberna no Concello de Pontevedra e alí sóbense os impostos no 1,8%. Por iso dicía anteriormente, ao principio, que estamos instalados un pouco no non e un pouco na demagogia porque a política social que se fai neste Concello non se fai en ningún Concello de Galicia, xa me gustaría a min ver, e seguro que aos cidadáns doutras cidades, os cheques en apoio á situacións de crise que se deron no Concello de Vigo ás persoas máis necesitadas, non teño coñecemento de ningunha información de que isto se fixera no Concello de Pontevedra.

Polo tanto, aquí estamos combinando unhas contas claras e transparentes, con evitar as subidas de impostos pero exercitándoas realmente e estamos mantendo unha política social que non se da en ningún concello e que máis que ninguén. O Partido Popular ten un problema, ten moitos, pero en concreto sobre este tema ten un e é que aquí trata de convencernos de algo do que non aplican nas outras administracións, porque xa me gustaría a min que tódolos cidadáns de España puidésemos ter un plan personalizado para pagar a declaración da renda, non vexo que vostedes se posicionen neste sentido.

Polo tanto, dende este Goberno Sr. Fidalgo, sempre buscamos a mellora, cando fala de exencións as exencións eran mínimas cando vostedes gobernaban, e as exencións alcanzaron números máximos cando goberna este Goberno, iso unido á contención nos impostos fai para os cidadáns asequibles, dentro da situación de crise, o poder pagar os impostos. Neste momento os catro impostos máis importantes están distribuídos en datas de tal forma que permitan aos cidadáns



especialas e levar adiante esta abono de impostos.

De todas formas Sr. Fidalgo non se trata de discutir sobre a paternidade do que vostede propón, non vou discutir sobre se foi vostede o da idea ou fomos nós, a verdade é que fomos nós, este tema do plan personalizado antes de que o falaran vostedes xa llo escoitara eu ao Alcalde e á concelleira de Facenda, pero non vou discutir dese tema.

Recoñecendo que é unha boa achega á que nos xa pensáramos e recoñecendo que pode ser de gran utilidade para os cidadáns nós estudaremos a fórmula que vostedes propoñen, nós estudaremos dentro da legalidade o que isto se poida levar a cabo, porque insisto dende o primeiro minuto que o Sr. Caballero é Alcalde de Vigo procurou unhas contas transparentes, non subir os impostos e facilitarlle aos cidadáns estas obrigas.

SR. FIDALGO IGLESIAS: Sr. Font, a verdade é que non deixa de sorprendernos, xa pasaron os premios “Goya”, agora van ser os “Oscar” e eu noméoo ao “Oscar” ao mellor intérprete principal.

En primeiro lugar, dar as gracias polas mostras de apoio a esta proposta tanto ao Partido Socialista como ao Bloque Nacionalista Galego porque xa adelantaron que van apoiala, algúns ata se fixeron pais da criatura, e nós a verdade é que non nos importa quen sexa os pais, nós pensamos en que isto é algo bo, que os cidadáns as empresas e os autónomos poidan fraccionar os seus pagos e tamén creo que é bo para o Concello porque o Concello podería ter algunhas cantidades económicas antes incluso da súa data de pago dentro do período voluntario.

Estráñanos un pouco que o Bloque Nacionalista Galego diga: asombro, descaro, eu creo que tampouco entenderon moi ben o que se propoñen e o que se propón é algo que non tería porque ir dentro da Ordenanza Fiscal Xeral porque é unha pura mellora da xestión e entendemos que non tería que ser aprobado en ordenanzas, non tería que ser por tanto dilatado este proceso ata o ano que ven, senón que se podería introducir xa como mellora da xestión este ano.

O que pretendemos é que previa solicitude no Rexistro do Concello se poida dividir os pagos que un ten que afrontar co seu concello, ou sexa aglutinar o IBI, lixo, circulación etc. e dividir eses pagos durante o exercicio en tres, seis, oito,

dez, doce mensualidades e abonar de forma graduada os impostos para non ter esas sorpresas que de vez en cando aparecen en forma dun pago elevado como poder ser en novembro, no período voluntario de Imposto de Bens Inmóbles, agora en maio o da circulación ou o do lixo no mes de agosto.

Trátase dunha medida por tanto, que pode facer menos gravoso o abono dos impostos e taxas municipais aos cidadáns ao non concentrar nun só mes determinadas obrigas fiscais. É unha medida pensada nas necesidades da xente porque a política fiscal é unha das políticas sociais máis importantes, sobre todo en plena crise económica, e hai moitos concellos que a introduciron, tamén a Deputación de Pontevedra, agora o Alcalde non poderá utilizar o argumento que sempre fai, fareino se o pide o Partido Popular cando o faga a Deputación de Pontevedra, pois xa o fai a Deputación de Pontevedra co cal esperamos que o faga. Por iso é unha medida boa e por iso a presentamos no Pleno.

VOTACIÓN DA MOCIÓN: Por unanimidade dos vinte e seis membros presentes da Corporación, dos vinte e sete que a constitúen de dereito e feito, adóptase o seguinte,

ACORDO:

Aprobar a moción presentada polo concelleiro do grupo municipal do Partido Popular, Sr. Fidalgo Iglesias, instando unha nova forma de pago de impostos e taxas mediante achegas fraccionadas ao longo do ano, co texto transcrito nos antecedentes deste acordo.

**4.2(34).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR INSTANDO AO GOBERNO MUNICIPAL A PRESENTAR UN PLAN DE REESTRUTURACIÓN DO TRANSPORTE URBANO, CONSENSUADO COS VECIÑOS, AXENTES SOCIAIS E AVALADO POLOS TÉCNICOS MUNICIPAIS. EXPTE. 836/1101.**

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 12 de febreiro do 2014, número 836/1101, o concelleiro do grupo municipal do Partido Popular, Sr. Araújo Pereira, formula a seguinte,

### MOCIÓN

“O recente anuncio por parte do goberno municipal de proceder a unha reestructuración das liñas do transporte urbano ten causado unha profunda reacción e malestar en diversas zonas da cidade. Unha vez mais o goberno ten mostrado a súa escasa vontade de escoitar a veciños e veciñas da cidade e mesmo aos representantes veciñais, nun tema de tanta importancia coma o transporte urbano colectivo.

De todos é coñecido que o transporte urbano de Vigo ten perdido durante os últimos anos mais de 1 millón de viaxeiros o que debería facer reflexionar ao goberno sobre as accións levadas a cabo neste ámbito.

O novo plan de transporte presentado, disfrazado de suposta enquisa aos usuarios, está a supoñer a xuízo das queixas manifestadas polos usuarios mais un problema que unha solución para os veciños e veciñas de Vigo pola escasa obxectividade do mesmo e polo escaso grao de consenso acadado.

Por todo elo propoñemos ao Pleno da Corporación que adopte o seguinte acordo:

“Instar ao goberno municipal a presentar un plan de reestructuración do transporte urbano consensuado cos veciños e veciñas da cidade, axentes sociais e avalado polos técnicos municipais”

A Comisión Informativa de Xestión Municipal, na súa sesión do 17 de febreiro de 2014, ditaminou favorablemente a anterior moción.

### DEBATE:

SR. ARAÚJO PEREIRA: Sr. Alcalde o 12 de setembro de 2012, en sesión plenaria, o grupo municipal do Partido Popular lembroulle que debía facer melloras no transporte urbano da nosa cidade dado que presentaba graves deficiencias en canto á falla de información de custes, tarifas, transbordos, liñas e percorridos, falla de servizo nalgúns zonas da cidade, nefasta distribución de frecuencias e liñas, falla de servizo e zonas de conexión intercambio con outros transportes,

aeroporto, estación de tren, de rías, de autobuses, falla de enlace con zonas industriais, zonas escolares, universitarias ou comerciais. Tres meses despois Sr. Alcalde, en sesión plenaria o 14 de decembro de 2012, hai un ano xa, instámoslle a que desenvolvese un plan integral actualizado de transporte urbano da cidade, no último Pleno, hai escasamente un mes lembrámoslle a importancia da mobilidade en canto á humanización dunha cidade como Vigo, dado que se reduce de maneira considerable a contaminación atmosférica e acústica, diminúese a intensidade e densidade de tráfico e con iso o nivel estres dos cidadáns, mellora a seguridade dos transeúntes, mellora os fluxos de comunicación comerciais, de negocio e mellora a eficiencia enerxética.

Por iso, encheunos de ilusión e incerteza o anuncio efectuado por parte do Goberno Municipal de proceder a unha reestruturación de liñas, pensando que esta era unha acción do Plan de Transporte Urbano que o concelleiro responsable de Área o Sr. Regades, prometeunos que ía presentar aos grupos da oposición, Sr. Regades, tanto o Sr. Alonso como eu que estábamos nesa reunión estamos esperando esa presentación, igual que toda a cidadanía desta cidade.

Este anuncio resultou ser un plan fantasma de marketing electoralista que é o que é, nin máis nin menos, dado que non existe un plan real o único que temos é certa reestruturación das liñas, que a verdade está causando profundo malestar en moitos cidadáns de diversas zonas da cidade. Hoxe se se tivese subido ao transporte houbera visto que todo o mundo preguntaba se o autobús o levaba a este sitio ou a este outro, porque non sabían nin a onde ía o autobús ao que se subían.

Unha vez máis o Goberno na nosa cidade da escasa vontade de escoitar aos veciños/as da cidade ao igual que aos seus representantes veciñais nun tema crítico tan importante como é o transporte urbano colectivo. De todo o mundo é coñecido que o transporte urbano de Vigo perdeu durante os últimos anos, máis dun millón de pasaxeiros, e xerou uns custes aos cidadáns desta cidade de máis de 10,5 millóns de euros, un millón máis que o ano pasado, o que debería facer reflexionar ao goberno sobre as accións levadas a cabo neste ámbito, a verdade é que son escasas ou nulas. Lémbrolle, hai un ano e medio que lle propuxemos establecer un plan de mobilidade para esta cidade e non temos absolutamente

nada.

O novo plan de transporte presentado a bombo e prato, disfrazado de suposta enquisa aos usuarios e non sendo máis que unha modificación parcial de liñas existentes e non digo modificación por nada en concreto senón que das liñas que presentan dez, o din vostedes, modificacións das anteriores ou integradas nas anteriores, dez das que supostamente se modifican, non é máis cun plan de marketing que supón un custe publicitario inmenso, que tampouco sabemos ese custe publicitario quen o vai a absorber, supoño que a mesma que pagou o Plan que é a concesionaria, VITRASA, que estaría ben asumir ese custe se o plan fose efectivo, fose real e beneficiase aos cidadáns, que non é así, parece que sempre se beneficia aos mesmos, sobre todo porque esta modificación de liñas preséntase con falla de consulta e escasa obxectividade.

Por iso, propoñemos ao Pleno da Corporación que adopte o seguinte acordo; Instar ao Goberno Municipal a presentar un plan de reestruturación de transporte urbano consensuado, Sr. Regades, cos veciños/as da cidade, axentes sociais e avalados polos técnicos municipais, porque lembrámoslle Sr. Alcalde que como di a teoría que parece que o seu concelleiro descoñece, un plan de transporte local se divide en: plan pleno transporte local e plan de aplicación local para o transporte, que é unha parte importante da planificación do transporte. En España, Sr. Regades a este plan chámase Plan Urbano de Mobilidade, non reestruturación de liñas.

SR. DOMÍNGUEZ OLVEIRA: Quixera empezar simplemente dicindo vinte segundos antes de entrar na moción aproveitando a máis que ten vostede a presidencia nestes momentos que “o non e a demagogia” é non dicir todo. En Pontevedra creo que hai un goberno no que tamén forma parte o Partido Socialista Obreiro Español e creo que tamén votaron a favor desa suba de impostos, o propio Partido Socialista, demagogia é non dicir as cousas como son.

Paso directamente a moción, creo señores do Partido Popular que esta moción chega tarde, aínda que evidentemente como coincide practicamente coa que é o propio Bloque Nacionalista Galego a través da nosa voceira, presentou no último Pleno pois ímola apoiar. E digo que chega tarde porque o Goberno Municipal e o

Sr. Alcalde xa se teñen encargado de anunciar a bombo e a prato unha reorganización de liñas que evidentemente non é un plan, non é nin sequera o que lle chaman unha reorganización de liñas, non é un plan porque non se contempla para nada nin cumpre algo que é moi importante que é a planificación global do transporte na nosa cidade. Non cumpre un deseño de que cidade e de que mobilidade queremos para esta cidade, non cumpre absolutamente nada disto, é dicir, algún técnico pintou nun papel as liñas que hai, engadiulles un, dous destinos e o presentaron como un plan de reorganización, iso si, para darlles unha tarxeta social aos desempregados desta cidade para que non paguen o bus para iso non hai cartos, pero facer encartes en tódolos medios de comunicación, para facer e encher as páxinas dos xornais de publicidade sobre esta reordenación de liñas para iso si hai cartos. Parece ser que darlle aos parados de longa duración e aos desempregados unha tarxeta social para que viaxen gratis no autobús íanos facer non sei que cousas nas arcas municipais, pero para gastar miles de euros en bombo, autobombo e propaganda para iso si hai cartos. Esta é a diferenza entre a practica responsable da política Sr. Font, e a demagogia, porque senos ocupáramos e nos preocupáramos de ir polas asociacións de veciños a explicarlles como é esta reorganización, a consensuala con eles, a informar alí onde están as entidades sociais representativas, seguro que nos tivéramos aforrado miles de euros que podíamos adicalos a esa tarxeta social.

Estamos, mentres vemos pola prensa un gran despregue, responsabilidade política é mandarlle aos grupos da oposición ese plan anunciado, a nosa voceira leva días reclamando que se nos informe e que se nos achegue ese Plan e ao día de hoxe os grupos municipais polo menos o Bloque Nacionalista Galego non ten ese Plan, iso temos tres, catro, cinco encartes este fin de semana que vostede se permiten anunciar.

Pero señores do Partido Popular, parece que de vostedes depende que se fagan todas estas cousas. Primeiro, impulsando o transporte metropolitano que as boas palabras do Sr. conselleiro se concreten en feitos, de vostede depende. Polo que parece ser tamén vai depender de vostedes que os desempregados podan ter esa tarxeta social, agora que parece que se levan tan ben co Goberno Municipal,

agora que lle parece que van aprobar os orzamentos lle van vostedes a esixir que cumpra o que vostedes mesmos votaron, que houbera esa tarxeta social. Vanlle vostedes esixir a este Goberno Municipal que cumpran coa moción que vostedes tamén votaron do Bloque Nacionalista Galego que contemplaba todo unha reorganización da mobilidade na nosa cidade, esperemos que si, esperemos que vostedes que tanto criticaron e levan criticando neste Pleno de que o Goberno Municipal non cumpre os acordos que todos votamos, espero que vostedes que parece que lle van aprobar os orzamentos lle fagan a través dos orzamentos cumprir eses acordos. Iso é o que esperamos e espera a cidadanía do Partido Popular, veremos en que queda todo isto, porque vostedes votaron a favor que os desempregados nesta cidade tiveran unha tarxeta social e non pagaran o transporte metropolitano.

Polo tanto, ímoslle aprobar esta moción e de vostede depende que se cumpra.

PRESIDENCIA: Gracias por lembrarme a composición do Goberno de Pontevedra, da que é Alcalde un militante do Bloque Nacionalista Galego e posiblemente se o Alcalde fose do Partido Socialista ao mellor levaban as mesmas políticas sociais que aquí.

SR. REGADES FERNÁNDEZ: Hoxe estamos vivindo a transformación máis importante do transporte urbano na cidade, hoxe púxose en marcha o nova Plan de Mobilidade, ao Partido Popular din que non lle vale que sexa un plan de mobilidade e que se traballe pola cidade. É un plan que está baseado en seis puntos principais, creamos novos eixos de comunicación Praza de España, Gran Vía con García Barbón, estación de ferrocarril que dicían os señores do Partido Popular que a estación do ferrocarril non se acordara, pois a estación de ferrocarril como novo eixo Navia, Bouzas, Tomás Alonso, Candeán, Avenida do Aeroporto, Hospital Xeral, Praza de España, Camelias e Castrelos. O segundo piar ampliando as conexións con novos centros neuráxicos da cidade. O terceiro piar con novas liñas e modificación da maior parte das liñas actuais, repito, nacen novas liñas e modificamos case todas as liñas existentes actuais.

O punto cuarto, o carto piar, melloramos as comunicacións con tódolos barrios e

parroquias, creando liñas, ampliando horarios, mellorando frecuencias, ampliando servizos en domingos e festivos, e creando novos servizos á demanda. Como quinto piar ampliamos os servizos a fin de semana, cara a estación de autobuses, cara a estación de ferrocarril, entre Coia, entre Saiáns, entre Zamáns. Como sexto piar, incrementamos as frecuencias nas zonas urbanas neuráxicas, as demandas dos vigueses mudaron, novos hábitos de transportes, modificación do transporte rodado, novas fluxos de tráfico e aparición de novas urbanizacións e barrios na nosa cidade. Que demandaban os vigueses? Demandaban unha remodelación do transporte, fixemos 32.573 enquisas cunha macro enquisas a tódolos cidadáns, o que lle dábamos a toda a xente que subía ao autobús unha enquisa como esta, na que nós fichábamos cando subía ao autobús, cando baixaba, a que hora subía, a que hora baixaba, etc. falamos cos cidadáns señores do Partido Popular, si falamos cos cidadáns. A mellor rede de transporte e a reforma máis importante da nosa historia. Novas conexións con centros neural estratéxicos, a estación de ferrocarril como vostede falaba Sr. Araújo, hoxe, digo xa por onte, estaba atendida pola liña C2, a partir de hoxe trala remodelación estará atendida pola liña C2, L16, L18, L24 e a C2 funcionará tamén os domingos e os festivos que como vostedes saben antes non funcionaba, se isto non é mellorar eu creo que si.

O hospital do Meixoeiro nova conexión con Navia e Bouzas que non existía ca liña 13, servizo diario e interrompido, que como sabían, antigamente, interrompíase ao medio día e parábase de ter servizo ao hospital do Meixoeiro á hora de comer entre as dúas e as catro da tarde. Campus Universitario, como non ía estar o Campus Universitario unido coa estación de ferrocarril, pois a partires de hoxe está unido, antes non estaba. Eses son os nosos cambios, os universitarios o miraron ben.

Estación de Autobuses, a liña L4C prestaba o servizo os domingos e festivos, antes non existía a partires de agora imos ter servizo coa liña L4C tamén os domingos e os festivos. Novas liñas, novas conexións, aumento de horarios, destinos en tódalas parroquias para garantir accesibilidade e a comodidade e a sostibilidade. En Poulo, novas conexións con García Barbón e estación de ferrocarril, en Navia melloramos a liña 15, a liña 5, a 13, nas súas vertentes A, B



e C, no Freixo substitúese a liña 20 pola liña 17 para facer unha conexión directa ata Policarpo Sanz, antes tiñan que facer transbordos. En Matamá, conectamos de sesenta minutos pasamos a trinta minutos, en Sárdoma etc.

Pero non só falamos cos veciños a través das macro enquisas, non só falamos cos veciños directamente un a un, falamos coa asociación de veciños de Coruxo, de Cabral, de Lavadores, Zamáns, falamos coa asociación de veciños de Beade, coa de Valladares, de Sárdoma, de Candeán, así unha a unha falando con tódalas asociacións de veciños, conseguindo que esta remodelación non se sexa só deste Goberno, non só sexa do servizo, non so se fixera cos técnicos municipais, un traballo moi prolongado no tempo que levamos feito dende hai un ano con técnicos municipais, técnicos de VITRASA, técnicos externos pero sobre todo cunha cousa falando coas veciñas/ños de Vigo, como este Goberno fai sempre.

SR. ARAÚJO PEREIRA: A verdade é que se ese é o documento que nos van presentar alégrome que o teña polo menos, o dubido, a verdade é que o dubido. É verdade que falaron coas asociacións e só faltarían que non falaran, o tema é si falaron de transporte que é do que dubidamos.

Seis puntos nos di que é a estratexia que seguiron, home do que si nos damos conta todos os que estamos aquí é que a cuña publicitaria de radio cremos que a fixo vostede porque é o que acaba de dicir agora mesmo.

Sr. Regades, vostedes descoñecen as liñas e o servizo porque preguntamos como auditan este servizo e a día de hoxe o preguntamos en dous Plenos e a día de hoxe nos sabemos como o teñen auditado, e é bastante grave debido ao importe económico que se manexa, e sobre todo ao que demanda a concesionaria 43 millóns, repetinllo o outro día ao Alcalde, poden arruinar esta cidade.

Sr. Domínguez tamén lle digo, dinos que chega tarde, hai un ano que presentamos isto era a miña primeira parte da moción e despois de tres meses volvemos a presentala, e verdade que indubidablemente agora está un pouco de moda. Fainos unha relación de tódalas liñas que melloraron, podería ir unha por unha: estación de ferrocarril di nos que a L12, L16, L8 e L24, a L8 xa a tiñamos era a da Universidade, a L16 alongárona para cubrir esa zona, nesa zona tiñamos a C2, a liña 10, a 17, C5B e a C3. A L13 que vai ao Meixoeiro alongárona para

cubrir Navia, pero iso fai que os recorridos sexan máis longos, as que acurtaron como a da Universidade é verdade agora xa non pasa por Travesas, dígallo á xente que vive por alí, por Coia, Florida, Barcelona, indubidablemente se imos directos dende a estación recortamos pero reducimos a quilometraxe, que iso é o que pensamos dende o Partido Popular e a gran parte da cidadanía, que o que lles interesa neste Plan e o único que buscan é recortar o quilometraxe que era excesivo tal e como demanda a concesionaria segundo o que se había contratado.

Nós aquí propoñémoslle que se senten dunha vez e terán o noso apoio, coa concesionaria a mellorar o que realmente hai que mellorar e presentar un plan real de reestruturación de liñas e un plan real de mobilidade para esta cidade, porque non o están facendo e é moi grave a mobilidade nunha cidade inflúe en moitos aspectos como xa dixen na primeira parte da miña moción. Na estación de autobuses, dinos que L4 prestará servizo domingos e festivos, só faltaría, acurtarse o tempo dez minutos, xa non chega ao Vao, indubidablemente que si.

VOTACIÓN DA MOCIÓN: Por unanimidade dos vinte e cinco membros presentes da Corporación, dos vinte e sete que a constitúen de dereito e feito, adóptase o seguinte,

ACORDO:

Aprobar a moción presentada polo concelleiro do grupo municipal do Partido Popular, Sr. Araújo Pereira, instando un Plan de reestruturación do transporte urbano consensuado cos veciños, axentes sociais e avalado por técnicos municipais, co texto transcrito nos antecedentes deste acordo.

#### **4.3(35).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR INSTANDO AO GOBERNO MUNICIPAL UN PLAN DE MANTEMENTO, CONSERVACIÓN E CONSOLIDACIÓN DAS INFRAESTRUTURAS**

## **DEPORTIVAS. EXPTE. 837/1101.**

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 12 de febreiro do 2014, número 837/1101, o concelleiro do grupo municipal do Partido Popular, Sr. Bernárdez de Dios, formula a seguinte,

### MOCIÓN

“Ante a situacións que se están a vivir en moitas das instalacións deportivas municipais que amosan o escaso interese do goberno en apoiar o deporte de base vigués e supoñen a constatación da deixadez do goberno vigués no mantemento das infraestruturas deportivas municipais; unha xestión que unicamente se pode considerar “de segunda división”, que non é acorde nin co número, nin co nivel dos deportistas vigueses, nin coa calidade que se require en infraestruturas para as competicións oficiais.

Por todo elo propoñemos ao Pleno da Corporación que adopte o seguinte acordo:

Instar ao goberno municipal a presentar un plan de mantemento, conservación e consolidación de tódalas infraestruturas deportivas municipais”

A Comisión Informativa de Fomento, na súa sesión do 17 de febreiro de 2014, ditaminou favorablemente a anterior moción.

### DEBATE:

SR. BERNÁRDEZ DE DIOS: Súmome Sr. Rodríguez Escudero, compañeiro, ás palabras dos que me precederon.

O que hoxe solicita o Partido Popular nesta sesión plenaria viñémolo denunciando puntualmente nos últimos anos ao igual que os medios de comunicación, viñérono recollendo nos seus soportes de papel radiofónicos, gráficos e dixitais.

A falla de mantemento das distintas instalacións deportivas que ten a cidade é un feito real, evidente constatable e o que é máis grave reiterativo, unha situación que acarree consecuencias ás propias propiedades municipais, a clubs, a entidades e en xeral, a usuarios deportistas de todos estes complexos deportivos. Se a documentación e a constatación non fose preocupante,

poderiámonos conformar con que o mantemento e conservación de todos estes complexos se limitase única e exclusivamente a pequenas reparacións de mantemento coas que solventar estes problemas.

Dependentes do Concello de Vigo, do Instituto Municipal dos Deportes hai máis de 50 instalacións deportivas entre campos de fútbol, empezando polo de Balaídos, pavillóns polideportivos, piscinas, multicomplexos deportivos como Samil, Navia, Travesas e esperamos que pronto a ETEA tamén se poda denominar multicomplexo deportivo, en canto vostedes recapaciten e abran o que teñen pechado dende hai tres anos, a piscina. Vostedes, un Goberno Socialista sen maioría, están permitindo o deterioro dunhas infraestruturas, algunhas delas con máis de 15 anos de antigüidade que tira por terra o traballo e o esforzo das inversións que aportaron durante moitos anos os vigueses/as a través dos seus impostos e que supuxo para Vigo ter un mapa de instalacións deportivas como moi poucas cidades teñen neste país.

A nosa intervención de hoxe en sesión plenaria, quere ser a voz de tantos e tantos vigueses integrados nestas entidades deportivas que padecen as consecuencias por falla de conservación dos distintos complexos deportivos que ten a cidade. O problema real e que nos preocupa é o desleixo neste asunto deste Goberno, que non ofrece nin unha declaración verbal sobre esta situación e que tampouco o reflicte en documento inversor de ningún tipo para atallar de raíz este problema que ven causando reiteradamente o peche de instalacións, a cancelación de encontros oficias e o deterioro cada vez maior destas propiedades. Coherente é que do mesmo modo que vostedes teñen previsto destinar un millón de euros á grada de Río de Balaídos para solventar dalgunha maneira os problemas que teñen os dous complexos, as dúas pistas multideportivas que hai nos baixos desa grada, sería conveniente tamén que fixasen unha partida igual ou superior para remodelar tódolos complexos deportivos que presentan as carencias que estamos denunciando.

Estamos a falar de goteiras nos pavillóns, de humidades nos pavillóns, de danos nos parques dos pavillóns, de superficies irregulares nestes pavillóns e en resumidas contas, de incidencias que impiden aos vigueses e a quen nos visita para competir, facer o deporte nas condicións que debemos ofrecer.

Esta acción de responsabilidade e de Goberno que lle estamos esixindo é a única alternativa que remediaria o peche deste complexo. O Goberno Municipal debería ter no seu poder unha auditoría de como e en que estado se atopan tódolos complexos deportivos. O Partido Popular dende logo a ten, visitou tódalas e cada unha destas instalacións, piscinas, campos de fútbol, ximnasios.

SR. ALONSO PÉREZ: Neste Pleno poderíamos preguntar neste Pleno se pensamos que a día de hoxe, a cidade de Vigo sería merecedora dun premio estatal do Consello Superior de Deportes como foi no ano 2008. Creo que nos poderíamos facer esta pregunta, creo que a resposta é obvia, hoxe Vigo non podería ter o recoñecemento que tivo como Cidade do Deporte, porque coa experiencia do paso do Bloque Nacionalista Galego polos gobernos demostrase como se xestiona e non só na área deportiva, poderíamos poñer exemplos de calquera das áreas onde o Bloque Nacionalista Galego estivo no Goberno. Se nos referimos ao deporte Vigo foi durante eses catro anos unha cidade de eventos deportivos, rifábanse, todo o mundo quería vir a Vigo, fixemos campionatos do mundo, de Europa, do Estado, galegos, fixemos campionatos do mundo de jockey a patíns, campionatos do mundo de taekwondo universitario e moitos, ademais de deporte base e con apenas gasto económico, facíamos un investimento para a cidade que nos garantía ter os hoteis cheos pero ademais, ás veces simplemente por estar atentos e coñecer. En Vigo traíase dende o 1 ata 7 de xaneiro os campionatos de España, do Estado, de balonmán infantil, xuvenil e cadete que nos traían a máis de 3.000 persoas a Vigo, simplemente por coñecer que había unha olimpíada en Pekín e que tiñamos a posibilidade de ofertarlles unha temperatura, fixéronse os campionatos do Estado de 10.000 metros onde se bateron os récords, fixéronse mínimas olímpicas a India, Francia, Portugal e os tres españois, simplemente por coñecer e estar atentos.

En infraestruturas deportivas poderíamos pasar aquí moito tempo dicindo o que se fixo dende o goberno do Bloque Nacionalista Galego, reestruturación do pavillón de Bouzas, campo de herba sintética en Bouzas, pista polideportiva en Cabral, construción e instalación de novos paneis horarios nas piscinas das Travesas, obras de adecuación nas pistas de atletismo, piscina de Valladares,

campos de fútbol de San Miguel de Oia, campos de fútbol de Navia, pavillón deportivo de Navia, campo fútbol en Santa Marina en Cabral, grada do Meixoeiro, novo campo de adestramento do campo de fútbol do Meixoeiro, complexo deportivo de auga na Florida, parque deportivo en Barreiro, complexo deportivo de auga en Barreiro, pavillón de Candeán, obras de adecuación do estadio de fútbol de Balaídos, ademais fixemos que en tódalas instalacións deportivas da cidade se eliminasen as barreiras arquitectónicas.

Ao respecto da moción que presenta o Partido Popular dicir que en tódolos pavillóns se fixeron melloras e cambios das cubertas, no pavillón de Coia, nas Travesas, Monte da Mina, o Calvario, Teis, fixéronse melloras e novas cubertas.

Efectivamente na cuestión deportiva, algúns pensan que o importante é facer publicidade, saír moito nas páxinas deportivas, o Alcalde ultimamente está tódolos días nas páxinas deportivas da cidade, pero iso non é apoiar ao deporte, e xa o colmo dos colmos é que o Partido Popular que non cumpre ningún dos compromisos que ten co deporte nesta cidade, nos presente unha moción, eu creo que deberían estar calados, mentres non cumpriran, calar, porque non se atreven a esixir aos seus dirixentes os compromisos que a Xunta de Galicia ten con Vigo. A Deputación que fixo campos de herba sintética na cidade que aínda non entregou ao Concello de Vigo, e a Xunta de Galicia tiña un compromiso primeiro, un convenio que non cumpriu, dunha necesidade que ten a cidade como unha cidade que foi a nai e o pai do atletismo no Estado, que tivo moitos atletas que estiveron en olimpíadas, resulta que primeiro non cumpriu o convenio poñendo desculpas, pero logo tivo un compromiso coa atletismo da cidade para facer unha remodelación das pistas e un módulo cuberto, aínda non o fixo, dende hai seis anos. Eu creo que o Partido Popular o que ten é que ser maior de idade e levantarse e esixirlle aos seus dirixentes que cumpran os compromisos primeiro. Creo que por desgracia a cidade de Vigo en deporte estamos nunha parálise e nun retroceso grande, esperemos que o Bloque Nacionalista Galego de novo no Goberno volva dar un impulso que o deporte necesita, tamén no deporte base que sería moi longo de explicar tódalas cousas que se fixeron.

SR. FERNÁNDEZ PÉREZ: O Sr. Bernárdez preséntanos en nome do Partido Popular

unha moción que se condensa fundamentalmente en seis liñas e media, que carece de toda argumentación, de exposición de motivos, de razóns e despois utiliza cinco minutos da súa intervención para transmitirnos que levan moito tempo preocupados polo problemas e eu creo que iso forma parte do seu traballo, pero eu quero dicirle que nós non é que esteamos preocupados é que nós vimos traballando para resolver os problemas que vostedes deixaron.

En segundo lugar, ámbolos dous grupos, a nós creo que o mellor recoñecemento que poder ter un goberno é o recoñecemento dos seus cidadáns, para nós o mellor recoñecemento é o dos vigueses/as, dos deportistas e das deportistas viguesas, das entidades e dos clubs vigueses. Eu creo que eles saben igual que vostedes, que é o que hai exactamente, e o que eu creo Sr. Bernárdez, que o primeiro que hai que facer é un recoñecemento ao esforzo do Goberno que a pesares das dificultades económicas e dos recortes que vostedes, o Partido Popular, teñen sometidas ás federacións deportivas e aos cidadáns de toda España, cos seus recortes de sufrimento, de recortes de dereitos, de liberdades, económicos e sociais, o Goberno Municipal segue mantendo o seu orzamento e o seu compromiso do deporte, incluso medra, e no 2013 medrou, e é vontade do Goberno de que no 2014 siga sendo tamén motor das nosas preocupacións e que siga medrando para facerlle fronte aos compromisos e a que o deporte vigués siga avanzando. Pero quérolle dicir que hai que facer un recoñecemento a pesar das dificultades, non só polo orzamento dos once millóns que destinamos tódolos anos a Deportes, senón porque a rede municipal de instalacións deportivas é das máis completas que existen hoxe en ningunha cidade de Galicia sen dúbida, e tamén no Estado. Non só ten cincuenta Sr. Bernárdez máis de 78 instalacións e equipamentos deportivos e infraestruturas que se dedican dende o Concello aos vigueses/as, dúas instalacións novas de última xeración que se veñen a poñer en marcha, lémbrolles o pavillón da ETEA e o de Candeán, nesas instalacións xóganse máis ao conxunto das 200 entidades deportivas e clubs deportivos que hai na nosa cidade, desenvolven a súa actividade nas instalacións municipais e máis de 250 eventos desenvólvense tamén na nosa cidade e parte deles nas nosas instalacións municipais. Nelas xóganse campionatos nacionais de primeira e de segunda, campionatos rexionais, provincias e tamén incluso os

campionatos que promove a Xunta de Galicia e a Deputación de Pontevedra en instalación municipais.

Polo tanto, creo que hai que poñer en valor esa situación, e en recoñecemento. Pero quérolle dicir que en canto a campos de fútbol o Concello ven investindo no 2013, 376.000 euros en mantementos e conservacións, ven de poder en marcha no 2013 con 165.000 euros un novo circuíto de running que a xente goza con satisfacción e con ledicia desa instalación en Castrelos, pero ven de adicar máis de 88.000 euros en mantemento e conservación da renovación dos equipamentos deportivos, e vostede ben sabe que se vai arranxar Balaídos, que se vai resolver o campo de fútbol da ETEA, o campo de fútbol das Travesas e o de Samil, ou non o sabe?

Vostede non sei se o pediu pero quen o fai é o Goberno Municipal. Quérolles dicir para lembrarlles, que vostedes, como xa se dixo, teñen a responsabilidade, ten aí o Vicepresidente da Deputación diante, cando nos van devolver vostedes os campos de fútbol arranxados? Cando van arranxar a desfeita do campo de Sárdoma, do Campo de Comesaña e do Meixoeiro que os temporais botaron abaixo e o que vostedes arranxaran? Cando van investir vostedes os 3,5 millóns de euros que prometeu o Sr. Lete e que aínda non se viron nas pistas de Balaídos? Nos denunciámos, imos apoiar a moción pero nesa moción e nese plan de traballo vaise recoller o compromiso dos 3,5 millóns de euros e ademais a devolución dos campos de fútbol.

SR. BERNÁRDEZ DE DIOS: Eu é que non entendo nada, gustaríame volver a escoitar o que dixo vostede, Sr. Fernández e o que dixo o Sr. Alonso, porque vostede dixo que os problemas que teñen agora mesmo as instalacións deportivas municipais foron herdadas dos gobernos do Partido Popular. Vostede é concelleiro dende case tres anos, e o Sr. Alonso acaba de dicir que foi concelleiro catro anos, que el arranxou todo, que arranxaron 120 complexos deportivos cando gobernaron, entón non entendo que diga vostede que os problemas llos deixamos nós e que catro anos antes, participando vostedes tamén co Bloque Nacionalista Galego no goberno, dixeron que arranxaran todo, eu é que son parvo, non o entendo.



Agora eu e o Grupo Municipal do Partido Popular ímoslles a propoñer algo, que homologue este tipo de canastra que ten vostede instalada en varios complexos deportivos da cidade é o que provoca que sexamos o bufón cando os equipos nos visitan, pero temos tamén outro tipo de instalacións para practicar outro tipo de deportes, a patinaxe sobre rodas, o esquí, agora que acaba de rematar a olimpíada de deportes de inverno podemos utilizalo para o que queremos, esta é a vergoña dun goberno que leva sete anos xestionando o deporte da cidade, digan algo. Saben canto teñen vostede nos orzamentos para mantemento de edificacións, 6.000 euros, vostedes teñen 12 deshumidificadores para a condensación das instalacións e ningún funciona, teñen sete pavillóns coas cubertas deterioradas e non reparan nin unha, teñen os ximnasios na zona de servizos cos azulexos que se caen e non reparan nin un ximnasio, nin unha piscina. Esa é a realidade do deporte da cidade e foi premio nacional, lémbroo Sr. Alonso, claro que foi premio nacional. Eramos unha cidade de primeira división en complexos deportivos municipais pero por esta camiño estamos non no “play off” de descenso, senón descendidos e todo isto o pagamos os vigueses cos nosos impostos, en sete anos nada máis que 60.000 euros para o mantemento de instalacións deportivas. Pídalle vostede ao Alcalde que nos orzamentos reflecta un millón, dous millóns e levanten tódalas cubertas dos pavillóns, entendemos que aí non hai votantes, dende o ceo non se ve se está reparado o pavillón ou non, pero isto é manter as propiedades que nos custan cartos.

PRESIDENCIA: Lémbrolles que con este goberno abríronse as instalacións deportivas de Navia, da ETEA, de Candeán e que non se fixera nunca cun ningún goberno na historia da democracia, ter aberto tantas instalacións como se abriron con este Goberno, dígoo porque é un recordo é unha cuestión de memoria, tamén e conveniente que digamos as cuestións que se fixeron. Efectivamente estamos esperando a que dende outras administracións reparen as pistas de atletismo de Balaídos, seguimos esperando cunha paciencia franciscana digna de mellor causa e seguimos esperando que dende outras administracións se arranxen os danos deste último temporal.

VOTACIÓN DA MOCIÓN: Por unanimidade dos vinte e seis membros presentes da Corporación, dos vinte e sete que a constitúen de dereito e feito, adóptase o seguinte,

ACORDO:

Aprobar a moción presentada polo concelleiro do grupo municipal do Partido Popular, Sr. Bernárdez de Dios, instando un plan de mantemento, conservación e consolidación de tódalas infraestruturas deportivas municipais, co texto transcrito nos antecedentes deste acordo.

#### **4.A. MOCIÓNS URXENTES DE CONTROL DO GOBERNO MUNICIPAL.**

#### **5.- FORMULACIÓN DE ROGOS.**

Non se formularon.

#### **6(36).- FORMULACIÓN DE PREGUNTAS.**

**\* PREGUNTA FORMULADA POLO CONCELEIRO DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, SR. PÉREZ DÁVILA, RELATIVO A PETICIÓN DE RECIBIMENTO DA AGRUPACIÓN DE FESTAS DE VIGO POLO GOBERNO MUNICIPAL.**

SR. PÉREZ DÁVILA: Tres días antes da realización dun Pleno anterior presentei por escrito un rogo para que vostedes recibiran aos membros da Agrupación de Festas de Vigo, neses tres días intentaron por tódolos medios reunirse con eles para responderme que xa o fixeran, pero como non foron capaces de responderme que non se reunían con eles porque non o solicitaran, por iso agora preguntolle por que non atenden á solicitude do 2 de xullo do 2011, o rexistro

está aquí, á solicitude do 5 de maio de 2012 e agora á solicitude do 4 xaneiro de 2014, na que se achegan as outras dúas xa que debe ser que as trasapelaron, por que non reciben á Agrupación de Festas de Vigo?.

PRESIDENCIA: Contestarémolle por escrito.

**\* PREGUNTA FORMULADA POLO CONCELLEIRO DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, SR. ÁLVAREZ PÉREZ, RELATIVO A DATA DE FINALIZACIÓN DAS OBRAS DO MERCADO DO PROGRESO.**

SR. ÁLVAREZ PÉREZ: Gustaríanos que nos dixera cal é a data prevista para finalizar as obras do Mercado do Progreso?

PRESIDENCIA: Contestarémolle por escrito.

**\* PREGUNTA FORMULADA POLA CONCELLEIRA DO GRUPO MUNICIPAL DO BLOQUE NACIONALISTA GALEGO, SRA. VELOSO RÍOS, RELATIVO AO REXISTRO EFECTUADO NA CASA CONSISTORIAL POLA POLICÍA XUDICIAL.**

SRA. VELOSO RÍOS: Presentamos por rexistro unha pregunta que xa foi formulada na Xunta de Voceiros, solicitamos información sobre o rexistro efectuado na Casa Consistorial dentro da “Operación Patos”, como aínda non obtivemos resposta reiteramos agora neste Pleno as seguintes preguntas: que expedientes ou actuacións foron requiridas por parte da policía xudicial e se ten vostede algunha información sobre o asunto que poida ser de interese para os membros da Corporación e da cidadanía en xeral.

SR. LÓPEZ FONT: Á primeira pregunta debe vostede formularlla á xustiza, e á

segunda pregunta, non.

E sen ter máis asuntos para tratar, o Sr. Presidente deu por rematada a sesión, ás doce horas e vinte e cinco minutos, da que se redacta a presente acta; como secretario dou fe do seu contido e incorpórase ó libro de actas do Pleno autorizada coa miña sinatura e máis a do Excmo. Sr. Alcalde-Presidente, conforme ó previsto no artigo 110.2 do RD 2568/1986.

am.

O ALCALDE,

O SECRETARIO XERAL DO PLENO,

Abel Caballero Alvarez

José Riesgo Boluda.